



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ASISTENTES

Álvarez Moreira, José Ángel  
Araújo Fernández, María  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Baltrusch, Burghard  
Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga  
Bazo Abeledo, Sheila  
Blanco Silva, César  
Blas Varela, M<sup>a</sup> Esther de  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Bueno Alonso, Jorge L.  
Cancho Grande, Beatriz  
Carballo González, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Carmona Ramírez, Jessica Alejandra  
Carro Parafita, Pedro Manuel  
Casas Rodríguez, Diego  
Castro Rodríguez, Alfonso  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Vera, Luis Saúl  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Comesaña Piñeiro, Rafael  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Cruz Freire, José Manuel  
Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Currás Valle, María Consuelo  
Dafonte Gómez, Alberto  
Dapia Conde, María Dolores  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Diéguez Quintas, José Luis  
Diz Folgar, Manuel  
Dominguez Araújo, Lara  
Dopico Castro, Marcos  
Eguía Oller, Pablo  
Falagán Mota, Jorge  
Fariña Rodríguez, José  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Prieto, Marta  
Fernández Rey, Aser Ángel  
Fernández Souto, Ana Belén  
Fraiz Brea, José Antonio  
Franco Matilla, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Gallardo Medina, Mercedes  
Gándara Pérez, José Antonio  
García Fuentes, Olalla  
García González, Silvia  
García Mateo, Carmen  
Garrido Campos, Julio  
Garrote Velasco, Gil  
Gil Hidalgo, Paula  
Godoy Malvar, Eduardo  
González Álvarez, Dolores  
González Barreiro, Alicia  
González López, Raquel  
González Varela, Luis  
Hernández Sánchez, Jesús  
Horjales Rodríguez, Silvia  
Iglesias Blanco, Raúl  
Iglesias Briones, María Jesús  
Lameiro Diéguez, M<sup>a</sup> de los Remedios  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Liñares Méndez, Patricia  
Llamas Nistal, Martín  
López Lago, Marcos  
López Mira, Álvaro Xosé  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
López Sánchez, Oscar  
Marcet Miramontes, Purificación  
Martín Moreno, José M.  
Martínez Gómez, Alejandro  
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia  
Michinel Álvarez, Humberto Javier  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Mojón Ojea, Artemio  
Montero Reguera, José Francisco  
Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
Moure Rodríguez, María José  
Nombela Castaño, Miguel Ángel  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Oca Cancela, Guillermo de  
Ovejero Campos, Aida

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **16 de decembro de dous mil vinte**, convocada para ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00h en segunda, no Salón de actos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Campus Vigo), na Aula 2.2 de la E.S.E.I. (Edificio Politécnico do Campus de Ourense), no Salón de actos da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Campus Pontevedra ), así como a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020.
2. Informe do Reitor.
3. Informe anual do Reitor en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2021.
5. Informe sobre a creación do centro interuniversitario de matemáticas.
6. Informe sobre o cambio de denominación da E.U. de Estudos Empresariais.
7. Aprobación, se procede, da proposta do Plan estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021- 2026.
8. Informes da Valedora Universitaria sobre os anos 2018 e 2019.
9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 2 vacantes.
10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito): Ciencias experimentais e Ciencias da saúde, Ciencias Xurídico-sociais, Tecnoloxía.
11. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:
  - A. Mesa do Claustro (1 vacante).
  - B. Comisión do Plan Estratéxico (1 vacante).
  - C. Comisión Electoral (1 vacante)
  - D. Consello de Campus de Ourense (2 vacantes)
  - E. Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes)
12. Quenda de intervencións.

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezase pola “J”.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020.**

Francisco Montero enviou unha observación sobre a súa intervención, que foi aceptada e incorporada ao texto.

Apróbase por asentimento.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Pallas Otero, Patricia  
Pardo Froján, Juan E.  
Pazos Arias, José Juan  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Angeles  
Pérez Álvarez, María José  
Pérez Cota, Manuel  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Puig Rodríguez, Aarón  
Ramos Cabrer, Manuel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Ríos Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivo López, Elena  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rúa Estévez, José Manuel  
Rubio Armesto, M<sup>a</sup> Belén  
San Martín Herrera, Alicia  
Silva Martínez, Daniel da  
Siota Álvarez, Mónica  
Sotelo Dios, Patricia  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel M.  
Teixeira Bautista, Marta  
Teira González, Eva  
Torres Pérez, Francisco José  
Torres Romay, Emma  
Vaquero García, Alberto  
Vázquez Alonso, Aroa  
Vázquez Otero, M<sup>a</sup> Elsa  
Vila Alonso, M<sup>a</sup> de las Mercedes  
Villanueva Torres, Daniel  
Virgós Soto, Alejandro

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Alonso Prieto, Elena  
Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
Costa Montenegro, Enrique  
Dominguez Domínguez, Rubén  
Fenollera Bolívar, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Fernández Riverola, Florentino  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Carlos Antonio  
Formoso Vázquez, David Elisardo  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Isorna Folgar, Manuel  
López Perriago, José Eugenio  
Lorenzo Rodríguez, M<sup>a</sup> Edita de  
Patiño Vilas, David  
Rodríguez de la Fuente, Marta  
Sieiro Vázquez, Carmen  
Sueiro Justel, Joaquín  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>  
Vera Isasa, María

**INVITADOS**

Pillado González, Esther María  
Martín Moreno, José María

## 2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Celebráronse as xornadas “Olladas á Antigüidade”, de xeito virtual.
  - Xornadas da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, con presenza de diversos conferenciantes de prestixio.
  - Celebráronse as JAI, por primeira vez de xeito non presencial.
  - Presentouse o edificio Fontán en Santiago de Compostela. Estase a traballar nun centro interuniversitario (CISPAC), que terá ubicación nese edificio, no que participarán varios grupos de investigación da nosa Universidade. Tamén estarán ubicados os consorcios interuniversitarios.
  - Traballáronse diversas solucións para o problema de peche de comedores especialmente no campus de Lagoas. E logo para os paros previstos no transporte ó campus de Lagoas-Marcosende desde Vigo.
  - Celebrouse unha xuntanza cos directores de departamento para pedir axuda para executar o gasto correspondente ás axudas para equipamento docente.
  - A CEUVI fixo chegar unha serie de reivindicacións relativas ós servizos ó estudantado e á comunidade universitaria.
  - Celebráronse dúas mesas de negociación do PDI.
  - Fíxose chegar ós representantes do PAS unha proposta de funcionarización e celebráronse diversas xuntanzas incluíndo mesa de negociación.
  - Coa Deputación de Pontevedra, presentouse a Cátedra de feminismos 4.0.
  - Tamén presentouse a xornada “Hackeando o patriarcado”
- En Santiago, presentáronse os resultados do ano do desenvolvemento do pacto de Estado no que atinxe ás universidades. A UVigo presentou os resultados, nos que destaca sobre maneira o curso virtual de igualdade, que está sendo un éxito.
  - Celebráronse tomas de posesión: 4 TU das prazas reservadas a RyC, 24 CU, 20 TU.
  - Celebrouse o XXII Seminario Hispano-Luso de Economía Empresarial.

- Enviouse ó Parlamento galego un informe sobre as medidas relativas á COVID que foron tomadas no curso pasado e no actual, a pedimento da comisión específica de reconstrución.
- Houbo unha sesión presencial no Parlamento ante este comité no que participamos as tres universidades galegas
- Pedíuselles ós centros singulares de investigación e ás agrupacións estratéxicas ideas nas que poderamos presentar proxectos, de ser o caso, con outros socios, ante os fondos Next Generation EU. Tódalas propostas presentadas foron xa entregadas ó IGAPE e comentadas coas Consellerías correspondentes.
- Presentouse o proxecto rurALLURE, financiado no H2020 e con coordinación da UVigo.
- Estase a traballar coas agrupacións estratéxicas (ECOBAS e CITACA), ante a probable inexistencia de convocatoria de continuidade de financiamento para este tipo de agrupación, a fin de convertelas en outra tipoloxía que permita o seu financiamento futuro. As opcións que hai enriba da mesa son paso a Centro singular ou paso a Instituto Universitario.
- Déronse pasos para a creación do Iberian Agro-Food Laboratory, no que seríamos socios o IPB (Instituto Politécnico de Bragança) e a UVigo (campus de Ourense - CITACA e CACTI) con apoio dos Ministros de ciencia portugués e español.
- O Conselleiro visitou o xacemento romano da Cidadela en Sobrado dos Monxes, a escavación realizada este ano correspondeulle á Universidade de Vigo
- Asinouse convenio coa Fundación Mentor, que está levando a cabo accións complementarias de formación para o noso alumnado.
- Presentouse en Santiago de Compostela o plan director de turismo, con participación de investigadores da UVigo.
- Presentouse o convenio Inspira-Steam coa Deputación de Pontevedra.
- Presentouse a aula Boeing en Ourense.
- Celebrouse xuntanza, con dirección da UVigo, da Comisión interuniversitaria de Política Lingüística. Pedíronse de novo axudas para a posta en marcha de graos en galego (neste momento somos a universidade galega que mais apostou, con tres graos). Polo de agora, estamos usando orzamentos propios. Presentouse tamén a campaña a Prol do uso do galego no SUG.
- Recibiron a acreditación como centros singulares de investigación tres dos nosos agrupamentos: CIM, CINBIO e ATLANTTIC.
- Celebrouse sesión do Consello Galego de Universidades, onde fixemos constar o noso malestar coa proposta (que ten informe desfavorable da Xunta) de grao en intelixencia artificial da USC e reivindicamos que houbo unha proposta da UVigo que non enviamos por estaren o mapa pechado.
- COVID e investigación. Datos provisorios: O efecto negativo da pandemia sobre a produción científica da Uvigo foi moi limitado. Á espera dos resultados de novembro-décembro, pode que esteamos en niveis non afastados do máximo de produtividade. Hai diferenzas ligadas a xénero, polo que haberá que pensar en modificar políticas que permitan que non haxa efectos da fenda de coidados.
- O reitor fai un resumo dos fondos de I+D+i recibidos pola Universidade de Vigo no 2020 por tipos de convocatoria (autonómica, estatal e europea), así como contratos, amosando a clara tendencia alcista respecto aos anos anteriores, en termos globais.

Francisco Torres pregunta sobre o Máster de Empresa. O reitor responde co escrito que se enviou á Secretaría Xeral de Universidades. Estase pendente das alegacións ao informe negativo recibido. Manuel Ramos indica que se pagará o informe e que posiblemente se acade unha avaliación positiva. Despois haberá que abordar o asunto da súa implantación. Pode que haxa problemas de colisión con outro título de máster auspiciado polo proxecto UNISIF, no que están varias universidades portuguesas e as galegas. Francisco Torres apunta ademais á situación da universidade de IESIDE-Abanca.

### **3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos de Universidade.**

#### **I. SOBRE A XESTIÓN DA COVID.**

- A máxima preocupación foi que ninguén quedara atrás:
  - Mifis
  - Bolsas específicas para familias afectadas por ERTes ou EREs.
  
- Houbo que organizar de xeito rápido a organización do traballo en casa do PAS e do PDI. Foi preciso artellar medios e normativas que permitiran que non houbera problemas graves.
  
- Desde o punto de vista tecnolóxico, houbo dúas actuacións principais:
  - Nova plataforma de videoconferencia
  - Reforzo da plataforma FAITIC de teledocencia
  
- Enviáronse a casa dos alumnos que o precisaran, por non ter conexión axeitada, equipos mifi con 103 GB mensuais, duraron ata a finalización dos exames. Sen custo para os alumnos.
  
- Sacáronse dos orzamentos das Vicerreitorías 150.000 euros para dotar unha nova bolsa específica
- Mifis
  
- Organización e normativa:
  - En tempo récord, organizouse o traballo dos servizos.
  - O traballo de investigación recuperouse de xeito paulatino o antes posible.
  - O traballo docente organizouse en tempo moi rápido para a nova realidade.
  - O compendio normativo foi moi completo.
  - Toda a comunidade universitaria estivo a gran altura.
  
- Organización da teledocencia – Campus Remoto
  - Decidiuse facer un xemello virtual que servise como plataforma de videoconferencia propia.
  - Esta plataforma, baseada en código aberto, foi posta en marcha en tempo moi rápido e foise dotando das ferramentas demandadas polo PDI antes da realización de exames.
  - A nosa plataforma de teledocencia tivo moito máis uso que nos cursos anteriores. Foi preciso reforzala e protexela.
  - Continuamos utilizando a dobre vía: Claroline e Moodle.
  - Artellouse, para os exames online, os chamados Mini-Moodle, ubicados na nova ferramenta de teledocencia.
  
- Organización do curso 2020/21: Presentouse unha proposta de organización do curso baseada en tres escenarios posibles. Houbo enorme participación dos equipos dos centros e de toda a comunidade universitaria, e aprobouse con boa antelación unha normativa para o desenvolvemento do curso 20-21.
  
- Organización de plataformas de ensinanza-aprendizaxe.

- Campus remoto: utilízase e ponse en marcha o Campus Integra, na que se xuntan a aula física e a virtual simultaneamente.
- Nova plataforma Moovi: Baseada na versión actual de Moodle, con unha entrada redeseñada.
- Docencia COVID: Dotáronse Aulas Integra nos centros nos que se van a utilizar. Reforzouse o sistema Campus Integra para o uso simultáneo de campus remoto e clases nas aulas físicas. Dotáronse de equipamentos informáticos ós profesores para a utilización de encerado dixital. Ó longo dos vindeiros meses aspiramos a que tódolos profesores con docencia teñan un equipo táctil. Preparáronse novos espazos docentes. Aulas informáticas con mamparas. Uso de espazos fora do campus de As Lagoas-Marcosende... preparados para exames.
- Temas sanitarios: Preparáronse os edificios en colaboración cos equipos de cada centro. Dotáronse de materiais para melloralala limpeza, seguridade e seguimento. Organizouse un seguimento de casos a través de códigos QR. Estase facendo seguimento de casos a través de Pooling-PCR por acordo coa Fundación Biomédica Galicia Sur. Aprobouse procedemento para seguimento de casos e eventual paso temporal a modalidade remota, a través de comisión aprobada no Consello de Goberno.

## II. SOBRE A XESTIÓN ORDINARIA.

- Os graos en perigo de extinción, salvados polo acordo de xullo de 2019.
- Excelentes datos de matrícula, tanto en primeiro coma en créditos totais matriculados.
- Grao dual en Enxeñaría da Automoción.
- Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica.
- Grao en Filoloxía Aplicada (Galego-Español): Houbo atrancos, segue adiante, esperamos que en breve poida substituír ó vello e pouco exitoso título GCLEL.
- Grao en Deseño: Aínda non hai informe da SX. Continuamos teimando para que saia adiante en canto sexa posible.
- Grao en Relacións Internacionais: Informe favorable condicionado.
- Mestrado en Dereito da Empresa da UVigo con informe desfavorable. Entendemos que se debe volver a impartir, loitaremos por acadalo éxito. Polo medio, apareceu un título derivado da UNISIF moi semellante, que non conta coa aprobación das universidades de A Coruña e Vigo.
- Imos participar nun estudio a nivel CRUE sobre fenda de xénero na Universidade.
- A Universidade está a traballar desde hai meses nun novo e complexo prego de condicións para licitar un servizo completo de copistería. O prego constará de 3 partes:
  - Modalidade de pago por páxina sen opción de compra de diferentes equipos de impresión.
  - Servizo de fotocopiadora en réxime de autoservizo.
  - Contratación dun Servizo para a comunidade universitaria de reprodución, escaneado e fotocopiado de textos, arquivos e imaxes en réxime atendido por ámbitos.
- Solicitarase no devandito prego 2 servizos atendidos:
  - 1 no Campus de Marcosende en Vigo
  - 1 no Campus da Xunqueira en Pontevedra.
- Amósanse os resultados da política global de planificación dos cadros de PDI en torno a 5 eixes:
  - Promoción
  - Estabilización
  - Novas prazas
  - Recuperación de dereitos do PDI
  - Política de programas de investigadores.
- Plan de estabilización de profesorado asociado
  - Convocatoria de prazas de AXD para asociados “atípicos”
  - 32 prazas -> 13 solicitudes
  - Xa rematado
- Aproximadamente o 80% das novas prazas de AXD ocupadas por profesorado da Uvigo noutras figuras (Asoc, IS, inv.)

- Investigadores: 15% taxa de reposición.

O reitor fala da recuperación dos dereitos do PDI:

- Modificación da normativa de POD

– Paso a 280 horas:

- No 2019 todo o profesorado a TC salvo os lectores

- No 2020 tamén os lectores

– No 2020 eliminación da “discriminación de CU” en dedicación.

– Prazas consolidables en proceso independente e con criterios obxectivos.

– Redución da conflitividade.

- Obxectivo de pago integro da paga extra en proceso.

- Medidas relacionadas coas condicións de traballo:

– Aprobouse o complemento ata o 100% do salario durante as baixas.

– Incorporáronse cláusulas para contemplar situacións de embarazo de risco e parto nos concursos de profesorado.

– Incorporouse por primeira vez nos concursos de profesorado permanente o cupo para minusvalías, tal como require a lei.

– Aprobouse por primeira vez un calendario laboral do PDI, no que se incorporaron días adicionais por asuntos propios

- Negociación colectiva real, respectando os acordos acadados.

En canto á política de programas de investigadores:

- Estabilización de 9 investigadores polo 15% da taxa de reposición.

- Diferentes planes de captación e retención.

• Queda o compromiso para o vindeiro ano de presentar: Estratexia de atracción e consolidación de talento para o fortalecemento docente e investigador da Universidade de Vigo 2021-2030.

Para concluír o seu informe, o reitor amosa un cadro dos compromisos electorais cumpridos e dos procedementos en marcha que implican ao PAS, distinguindo segundo se trata de PAS laboral ou funcionario, e neste eido están a negociarse aspectos importantes de cara a este sector do persoal.

Agradece o reitor aos representantes sindicais o traballo de negociación que se está a facer.

Conclúe falando sobre a revitalización do Claustro, que viuse afectada este ano como consecuencia da pandemia.

Lara Domínguez Araújo expón a súa situación como profesora asociada e pregunta se o proceso de consolidación exposto polo reitor para este tipo de profesorado vai continuar cara ao futuro, xa que ela non se puido presentar no seu momento por non cumprir entón os requisitos requiridos. O reitor expón que o compromiso xa se acadou pero que podería negociarse unha nova apertura do programa de cara ao futuro próximo, xa que é partidario deste tipo de estabilización. Dependerá, en todo caso, do que se decida na mesa de negociación.

#### **4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2021.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, que divide a súa exposición do seguinte xeito:

##### **I. LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN.**

1. O escenario orzamentario. Condicionantes económicos e legais:

Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 prorrogado tacitamente.

Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades
- Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

## 2. Evolución económico-financieira da Universidade de Vigo.

- Mantemento do equilibrio orzamentario a longo do ciclo económico desde 2012.
- A incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en diferentes eidos universitarios.
- Cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.
- Emprego do remanente de tesouraría para financiar os pagamentos derivados dos gastos.

## 3. O Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

### II. ORZAMENTOS 2021.

#### 1. Ingresos.



CAPÍTULO	2020	2021	% 21/20
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.969.500	16.884.500	-6,04%
IV Transferencias correntes	129.025.291	129.685.932	0,51%
V Ingresos patrimoniais	255.000	233.000	-8,63%
Ingresos correntes	147.249.791	146.803.432	-0,30%
VI Enaxenación de investimentos reais	400.000	400.000	0,00%
VII Transferencias de capital	39.043.937	22.108.888	-43,37%
VIII Variación de activos financeiros	8.302.109	15.328.592	84,63%
IX Variación de pasivos financeiros	0	0	0,00%



Ingresos de capital	47.746.046	37.837.480	-20,75%
<b>TOTAIS</b>	<b>194.995.837</b>	<b>184.640.912</b>	<b>-5,31%</b>

CAPÍTULO	2020	2021	EVOLUCIÓN
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	9,22%	9,14%	▼
IV Transferencias correntes	66,17%	70,24%	▲
V Ingresos patrimoniais	0,13%	0,13%	◀▶
VI Enaxenación de Inversións reais	0,21%	0,22%	▲
VII Transferencias de capital	20,02%	11,97%	▼
VIII Variación de activos financeiros	4,26%	8,30%	▲

### Resumo por capítulos do ingreso do orzamento ORZAMENTO 2021

Capítulo de ingresos	Afectado	Non afectado	Importe total
3	430.000,00 €	16.454.500,00 €	16.884.500,00 €
4	10.517.819,00 €	119.168.113,00 €	129.685.932,00 €
5	- €	233.000,00 €	233.000,00 €
6	- €	400.000,00 €	400.000,00 €
7	13.908.388,00 €	8.200.500,00 €	22.108.888,00 €
8	8.978.533,00 €	6.350.059,00 €	15.328.592,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>33.834.740,00 €</b>	<b>150.806.172,00 €</b>	<b>184.640.912,00 €</b>

### 2. Gastos.

	Masa salarial	Seguridade social	Total
<b>Santiago de Compostela</b>	<b>139.854 €</b>	<b>21.784 €</b>	<b>161.638 €</b>





<b>A Coruña</b>	<b>88.815 €</b>	<b>13.312 €</b>	<b>102.127 €</b>
<b>Vigo</b>	<b>93.486 €</b>	<b>14.255 €</b>	<b>107.741 €</b>
<b>Total</b>	<b>322.156 €</b>	<b>49.351 €</b>	<b>371.507 €</b>

<b>CAPÍTULO</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>% 21/20</b>
<b>I Persoal</b>	<b>112.996.556</b>	<b>116.833.700</b>	<b>3,40%</b>
<b>II Gastos correntes</b>	<b>30.860.311</b>	<b>30.712.733</b>	<b>-0,48%</b>
<b>III Gastos financeiros</b>	<b>789.450</b>	<b>789.450</b>	<b>0,00%</b>
<b>IV Transferencias correntes</b>	<b>7.076.396</b>	<b>6.407.864</b>	<b>-9,45%</b>
<b>V Fondos de continxencias</b>	<b>150.000</b>	<b>300.000</b>	<b>100,00%</b>
<b>Operacións correntes</b>	<b>151.872.713</b>	<b>155.043.747</b>	<b>2,09%</b>
<b>VI Investimentos reais</b>	<b>41.883.124</b>	<b>28.307.165</b>	<b>-32,41%</b>
<b>VIII Activos financeiros</b>	<b>140.000</b>	<b>140.000</b>	<b>0,00%</b>
<b>IX Pasivos financeiros</b>	<b>1.100.000</b>	<b>1.150.000</b>	<b>4,55%</b>
<b>Operacións de capital</b>	<b>43.123.124</b>	<b>29.597.165</b>	<b>-31,37%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>194.995.837</b>	<b>184.640.912</b>	<b>-5,31%</b>

<b>CAPÍTULO</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>EVOLUCIÓN</b>
<b>I Persoal</b>	<b>59,78%</b>	<b>63,28%</b>	<b>p</b>
<b>II Gastos correntes</b>	<b>15,28%</b>	<b>16,63%</b>	<b>p</b>
<b>III Gastos financeiros</b>	<b>0,21%</b>	<b>0,43%</b>	<b>p</b>
<b>IV Transferencias correntes</b>	<b>4,02%</b>	<b>3,47%</b>	<b>q</b>
<b>V Fondos de continxencias</b>	<b>0,11%</b>	<b>0,16%</b>	<b>p</b>
<b>VI Investimentos reais</b>	<b>19,59%</b>	<b>15,33%</b>	<b>q</b>
<b>VIII Activos financeiros</b>	<b>0,08%</b>	<b>0,08%</b>	<b>tu</b>
<b>IX Pasivos financeiros</b>	<b>0,93%</b>	<b>0,62%</b>	<b>q</b>

<b>Resumo por capítulos do gasto do orzamento ORZAMENTO 2021</b>			
<b>Capítulo</b>	<b>Afectado</b>	<b>No afectado</b>	<b>Total</b>
<b>1</b>	<b>6.908.232,00 €</b>	<b>109.925.468,00 €</b>	<b>116.833.700,00 €</b>
<b>2</b>	<b>4.353.751,00 €</b>	<b>26.358.982,00 €</b>	<b>30.712.733,00 €</b>



3	19.450,00 €	770.000,00 €	789.450,00 €
4	2.374.844,00 €	4.033.020,00 €	6.407.864,00 €
5	- €	300.000,00 €	300.000,00 €
6	19.028.463,00 €	9.278.702,00 €	28.307.165,00 €
7		- €	
8	- €	140.000,00 €	140.000,00 €
9	1.150.000,00 €	- €	1.150.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>33.834.740,00 €</b>	<b>150.806.172,00 €</b>	<b>184.640.912,00 €</b>

Para concluír, Martín Moreno comenta que na Comisión de Asuntos Económicos Antonio Ramos Vázquez fixo unha pregunta sobre este asunto e que lle enviará a resposta ao seu correo persoal.


Non hai preguntas

##### 5. Informe sobre a creación do centro interuniversitario de matemáticas.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a expoñer as características deste centro, que substituirá ao actual ITMATI.

Os obxectivos básicos son os seguintes:

- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actual das matemáticas galegas, creando unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas das tres universidades nunha axenda científica común, aliñada cos retos globais definidos polo Programa Marco Europeo (Horizon Europe), a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rentabilizar a experiencia organizativa e colaborativa do ITMATI e o seu impacto e o seu equilibrio interinstitucional actual asegurando a eficiencia nos procesos de transferencia e o obxectivo de converter os progresos na axenda científica en impacto social e económico.
- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actual das matemáticas galegas, creando unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas das tres universidades nunha axenda científica común, aliñada cos retos globais definidos polo Programa Marco Europeo (Horizon Europe), a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rentabilizar a experiencia organizativa e colaborativa do ITMATI e o seu impacto e o seu equilibrio interinstitucional actual asegurando a eficiencia nos procesos de transferencia e o obxectivo de converter os progresos na axenda científica en impacto social e económico.



Investigadores/as adscritos a:	UdC	USC	UVigo	Total
Departamento universidades	57	117	51	225
Outros centros propios	CITIC		CINBIO	
Permiten a doble adscripción?	Si	Si	Si	
Investigadores/as adscritos a ITMATI	14	21	7	42
Núm. potencial de investigadores/as que se adscribirían a IMAGA				



Garante/PI	M <sub>4</sub> . Ciencia y conocimiento			M <sub>4</sub> . Sociedad digital			M <sub>4</sub> . Vida y sostenibilidad			M <sub>4</sub> . Competitividad industrial		
	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3	PI.1	PI.2	PI.3
Area Carracedo, I.												
Bermúdez de Castro López-Varela, A.												
Brozos Vázquez, M.												
Cabada Fernández, A.												
Cadarso Suárez, C.M.												
Casas Miras, J.M.												
Crujeiras Casais, R.M.												
Fernández García, J.R.												
García Jurado, I.												
García Río, E.												
Gómez Tato, A.M.												
González Manteiga, W.												
González Rodríguez, R.												
Ladra González, M.E.												
Liz Marzán, E.												
Nieto Roig, J.J.												
Pardo Fernández, J.C.												
Prieto Aneiros, A.												
Roca Pardiñas, J.												
Rodríguez Arós, A.D.												
Viaño Rey, J.M.												




Ilustración 1 Organigrama de Dirección y Gestión

En canto aos obxectivos estratéxicos do centro, son os seguintes:

- OE1. Crear cultura de centro.
- OE2. Poñer en funcionamento e organizar o CITMAGA.
- OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva.
- OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes.
- OE5. Contribuír a crear as novas xeracións de persoal científico en matemáticas
- OE5. Contribuír a resolver os retos da sociedade do século XXI.
- OE6. Facer partícipe á sociedade nos avances científicos.

Susana Reboreda comenta sobre a ausencia de figuras femininas nos garantes. Belén Rubio fai fincapé nesta observación, aínda que aclara que na USC había algunha muller. Conclúe que se tentará de mellorar neste aspecto. O reitor celebra que haxa colaboración en pé de igualdade, tamén de xénero.

Apróbase por asentimento.

## **6. Informe sobre o cambio de denominación da E.U. de Estudos Empresariais a Facultade de Comercio**

O reitor comenta que está presente a decana do centro e que se trata dunha verdadeira Facultade, que conta cun grao e cun mestrado moi potente na Universidade. A proposta foi por unanimidade da xunta de centro. Sorprendeuse de que non se fixera antes.

A decana, Consuelo Currás Valle, fai referencia á memoria axunta e fai unha breve semblanza do centro, que celebrará o seu centenario, como xermolo da Universidade de Vigo. Expón as distintas titulacións que oferta o seu centro, todas con demanda sostida e que contan coa correspondente acreditación. Compara a situación coa de outras Facultades de comercio do panorama nacional, así como a creación doutras facultades na propia Universidade de Vigo. A proposta foi aprobada por unanimidade da escola en xunta e seguiu todo o procedemento.

Apróbase por asentimento o cambio de denominación.

## **7. Aprobación, se procede, da proposta do Plan estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021- 2026.**

O reitor agradece a todos os participantes na elaboración do plan, tanto internos como externos á Universidade, e cede a palabra ao coordinador, Jacobo Porteiro, que fai unha breve presentación do documento, que foi aportado xunto coa documentación, e que figura anexado á presente acta (**Anexo I**). Expón que como resultado da negociación das alegacións presentadas, non é necesario proceder a votalas hoxe, dado que na súa maioría foron incorporadas ao texto e que procederon principalmente do PAS e do alumnado, alo menos de xeito proporcional, en particular, a área de ATIC. As persoas que presentaron alegacións incorporáronse á listaxe de membros participantes (arredor de 86 da Universidade de Vigo). Expón a metodoloxía DAFO así como as fortalezas, as ameazas e as oportunidades. Despois da misión e visión veñen os obxectivos e os eixos estratéxicos do Plan que tomou como base os obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU. Fala tamén do mecanismo de seguimento, a través da correspondente comisión que será creada no Consello de Goberno, así como da eventual posibilidade de modificación e actualización do Plan, de ser o caso. Comenta brevemente o contido dos anexos e o glosario.

Paloma Morán da lectura a un comunicado en nome de Emilio Fernández (que non puido asistir á reunión) por parte del colectivo “Ideas que Suman”. Acórdase que o comunicado axuntarase á presente acta en canto sexa remitido á Secretaría Xeral (**Anexo II**).

Pedro Carro comenta sobre a cobertura das prazas polo alumnado, que derivou dos problemas de mobilidade dun dos candidatos e que houbo un erro na convocatoria aos propios representantes do alumnado e que non se lle convocou á mesa de claustro. Jacobo Porteiro pide desculpas polo erro na convocatoria, que se debeu a unha confusión nas listaxes de correo, que non estaba actualizada. Pedro Carro comenta que xa estaba na listaxe anterior. O secretario xeral aclara que a convocatoria á mesa de claustro faise ao correo oficial da UVigo.

Elena Rivo comenta que ao mellor Ideas que Suman non tiña toda a información, pero que xa se explicou que a comisión partiu dun plan estratéxico anterior que foi revisado. Entende que a cantidade de persoas non poñen en dúbida a calidade do plan e pensa que Ideas que Suman sempre estivo a tempo de sumar as

ideas que estimara oportunas ao plan. O reitor lembra que o procedemento de elaboración foi aprobado previamente polo Claustro, fai varios meses. Pensa que se seguiron todos os pasos e que houbo participación, aínda que fose mellorable a transparencia. Agradece o traballo de todas e todos e anima aos demais a que participen no futuro. O texto levarase ao Consello Social, para que o referende como órgano máximo de control. Entende que é un día de lelicia porque temos xa o plan e que participou todo o mundo que quixo participar. Humberto Michinel comenta que presentou unha solicitude para ser membro dunha comisión e que en ningún momento se lle pechou a porta e que non houbo erros nas convocatorias. Felicita a Jacobo Porteiro polo intenso traballo desenvolvido, aínda que todo sexa mellorable. O reitor agradece o comentario.

Apróbase por asentimento.

## **8. Informes da Valedora Universitaria sobre os anos 2018 e 2019.**

O reitor cede a palabra á valedora, que da lectura aos informes, que se axuntan como anexo á presente acta (**Anexo III**). Expón que os informes xuntáronse, dada, por un lado, a inactividade por xubilación do presidente do tribunal anterior, Argimiro Rojo, a quen agradece a súa labor; e, por outro lado, a transformación do órgano anterior no actual. Os informes están a disposición dos membros do claustro e recollen as actuacións levadas a cabo nos anos 2018 e 2019, aínda que, en boa medida, corresponden ao anterior presidente do tribunal de garantías, dado que ela só actuou en dous meses do ano 2019. Polo tanto, seguiu a estrutura dos anteriores informes presentados ata agora, que pasa a expoñer a modo de comentarios ou reflexións. En particular, o descenso no número de expedientes, aínda que en parte se debeu ás causas xa apuntadas. Fai especificacións en canto ao xénero e a orixe das queixas (alumnado, PAS e PDI, por esta orde) así como por períodos do ano 2018 e 2019, que vai enumerando, e que figuran nos informes. Destaca a obriga de colaboración dos órganos implicados coa Valeduría, particularmente, a Secretaría Xeral, así como a esencia da figura do Valedor e a súa importancia, louvando a labor de Argimiro Rojo, da que é sucesora. Comenta tamén a celebración dos 20 anos do Tribunal de Garantías. Pensa que o resultado é froito dun traballo colectivo, agradecendo a todos os membros de este órgano ao longo dos anos, así como ao PAS. Remata facendo unha reflexión sobre os retos actuais, como a actualización da normativa e a súa adecuación aos estatutos, como pode ser o regulamento de avaliación. Pensa que se debe profundar na administración electrónica, como a interconexión de aplicativos informáticos, coa salvagarda dos mecanismo de protección de datos. Agradece a colaboración de todos e todas ante os seus requirimentos ata a de agora. Esta colaboración é imprescindible para facer da Universidade un espazo mais xusto. Agradece a confianza depositada nela.

O reitor agradece as referencias ao anterior presidente do Tribunal e aos participantes no mesmo, do que a actual é unha continuación e resalta a boa traxectoria na que se está a seguir. Recolle a luva sobre o desenvolvemento normativo e pregunta se realmente chegan poucos casos sobre igualdade como reflicten os informes. A Valedora pensa que poderá falar con maior profundidade desde asunto no informe do 2020 e que ás veces non todas as queixas son formais e se poden recoller. O reitor agradece a presentación feita. Hai diversos agradecementos e parabéns no chat.

## **9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as (2 vacantes).**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Dna. Emma Torres Romay
- Dna. María Montserrat Cruz González

Houbo outra candidatura que finalmente se retirou.

Dado que se presentaron tantas candidaturas como postos a cubrir non é preciso celebrar eleccións.

Quedan elixidas as candidatas propostas.

**10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito): Ciencias experimentais e Ciencias da saúde, Ciencias Xurídico-sociais, Tecnoloxía (2).Informe sobre o estado actual do proxecto do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.**

Non se presentaron candidaturas, polo que non é necesario celebrar eleccións.

**11. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:**

**A. Mesa do Claustro (1 vacante).**

Presentouse unha candidatura: D. Diego Casas Rodríguez, polo que non é necesario celebrar eleccións.

**B. Comisión do Plan Estratéxico (1 vacante).**

Presentouse unha candidatura: D. Diego Casas Rodríguez.

O alumno cambiou a súa candidatura á comisión electoral, dado que o plan estratéxico xa concluíu a súa tramitación. Una representante comenta que as prazas deberían estar xa cubertas. O secretario xeral queda en miralo e falar cos representantes do alumnado a este respecto.

A praza queda sen cubrir.

**C. Comisión Electoral (1 vacante)**

Non houbo candidaturas, pero se acepta o cambio de D. Diego Casas Rodríguez, que resulta elixido por ser o único candidato ao posto dispoñible.

**D. Consello de Campus de Ourense (2 vacantes)**

Presentouse unha candidatura:

- D. Diego Casas Rodríguez, polo que non é necesario celebrar eleccións.

**E. Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes)**

Non houbo candidaturas, polo que non procede facer eleccións.

**12. Quenda de intervencións.**

Alfonso Castro, representante do alumnado, fala dos premios na cátedra de feminismo 2.0, no marco xeral da política de igualdade de Universidade. Opina que non incentivan nin fomentan nin apoian a participación das mulleres. Pensa que a medida é máis ben propagandística e superficial, sen atacar o problema de raíz. O reitor destaca a labor da Área de Igualdade. Concorde que queda moito camiño por percorrer e fala da fenda de coidados. Lembra que no anterior Consello de Goberno aprobouse o III Plan de Igualdade, aínda

que pensa que non chega de todo. Fai un breve repaso de feitos como a sala de lactación. Agradece a intervención e toma nota da mesma.

Álvarez Moreira realiza varias preguntas sobre exames e o seu axuste á normativa actual, así como sobre os sistemas de avaliación. Fai tamén un comentario sobre a denominada “cláusula Kent” no seu emprego pola Universidade de Vigo, pedindo unha comparativa coa USC e a UdC, en relación coas taxas de éxito. Pregunta asemade sobre o reparto de máscaras. Tamén comenta que sería preciso aprobar o regulamento de avaliación no claustro. Pregunta sobre os procedementos telemáticos en relación coa anulación de matrícula, así como respecto á eficiencia enerxética (**Anexo IV**).

O reitor comenta que a avaliación do curso pasado foi especial e que esta Universidade foi a que máis modificou as súas guías docentes. Comenta que se está a redactar un regulamento sobre avaliación, onde se espera moito debate. Entende que o tipo de cláusula que se aprobou tivo o maior consenso posible. Estudarase a cuestión das máscaras.

Iván Area Carracedo roga un protocolo para a contratación de persoas con cargo a proxectos de investigación, dado que lle consta que houbo problemas neste eido.

A continuación, fai un segundo rogo relacionado co "Protocolo para a normalización da sinatura científica da Universidade de Vigo", aprobado pola Comisión de Investigación: “Tivo lugar onte un seminario no que participaron a Vicerreitora de Investigación e a responsable da Área de Servizos Bibliométricos da Biblioteca Universitaria, cun número importante de persoas asistentes. Pensamos que é unha excelente iniciativa, en particular no referente a empregar o nome oficial da nosa institución nos artigos científicos. Nesta mesma liña quixeramos instar á universidade a empregar o único nome oficial en todos os comunicados, a solicitar que sexa o nome "Universidade de Vigo" o que se empregue en todas as comunicacións desde a Universidade e que se é preciso, se proceda a solicitar o cambio e actualización naquelas institucións que non o empregan”.

O reitor está de acordo coas dúas propostas e comezase a traballar.

O secretario xeral pide a palabra para lembrar a xubilación de Ángeles Carballo como coordinadora da Secretaría Xeral e quere que conste o agradecemento polo seu traballo desenvolvido ao longo dos anos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:40 h do día 16 de decembro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral



# PLAN ESTRATÉGICO

2021-2026

## Presentación

O futuro depende do que facemos no presente<sup>1</sup>

---

(Texto de presentación do Plan asinado polo Reitor)

A educación é o noso pasaporte a o futuro, xa que o mañá pertence as  
persoas que se preparan hoxe para el<sup>2</sup>

---

(Texto de presentación do Plan asinado polo Presidente do Consello Social)

---

<sup>1</sup> The future depends on what you do today – **Mahatma Gandhi**

<sup>2</sup> Education is our passport to the future, for tomorrow belongs to the people who prepare for it today – **Malcolm X**

## Contido

Recoñecemento .....	5
PDI, PAS e alumnado .....	5
Representantes da sociedade .....	6
Motivación e antecedentes.....	7
Motivación .....	7
Antecedentes .....	7
Estrutura do Plan.....	8
DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL .....	9
Diagnose interna .....	9
Debilidades .....	9
Fortalezas .....	11
Diagnose externa.....	13
Ameazas .....	13
Oportunidades .....	14
Misión e visión.....	16
Misión.....	16
Visión.....	16
Eixes estratéxicos .....	17
Formación .....	17
Investigación e transferencia .....	17
Persoas .....	17
Organización e recursos .....	17
Relación coa sociedade .....	17
Valores e identidade .....	18
Fomento da lingua galega .....	18
Defensa da igualdade .....	18
Internacionalización .....	18
Sostibilidade (Axenda 2030).....	19
Obxectivos, accións e indicadores .....	20
Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial como en liña, en consonancia coa demanda da contorna .	22
Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado .....	23

Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna.....	24
Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado.....	25
Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.....	26
Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo .....	27
Obxectivo 7. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.....	29
Obxectivo 8. Impulsar a colaboración público-privada.....	30
Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo coma axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas .....	31
Obxectivo 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente .....	32
Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.....	34
Obxectivo 12. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus.....	35
Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria .....	36
Obxectivo 14. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade .....	37
Obxectivo 15. Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros .....	38
Obxectivo 16. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras.....	39
Obxectivo 17. Diseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións.....	40
Obxectivo 18. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza.....	41
Obxectivo 19. Ciencia aberta .....	42
Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade..	43
Obxectivo 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados .....	44
Obxectivo 22. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para a elaboración de propostas multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional .....	45
Obxectivo 23. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo.....	46

Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.....	47
Obxectivo 25. Captar PDI e PAS con talento .....	48
Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria .....	49
Obxectivo 27. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade .....	50
Obxectivo 28. Contribuír a transformación dixital da universidade .....	51
Obxectivo 29. Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo.....	52
Metodoloxía para a elaboración do plan estratéxico .....	54
Composición das comisións .....	54
Seguimento e revisión do Plan.....	55
Composición da Comisión de Seguimento.....	55
Funcións da Comisión de Seguimento .....	55
Tramitación do plan .....	56
Anexo I. Vinculación dos Eixos cos Obxectivos .....	57
Anexo II. Glosario de siglas.....	61

## Recoñecemento

Na elaboración deste Plan estratéxico participaron numerosas persoas da comunidade universitaria ademais de representantes da sociedade.

### PDI, PAS e alumnado

Aguiar Fernández, Juan (PAS)	Marraud González, Gerardo (PAS)
Álvarez Díaz, Marcos (PDI)	Martín Moreno, José M.ª (PDI)
Amosa Mendoza, Esther (PAS)	Michinel Álvarez, Humberto Javier (PDI)
Arévalo Tomé, Raquel (PDI)	Michinel Álvarez, Miguel Ángel (PDI)
Balsa Fernández, Nicolás (alumnado)	Míguez Tabarés, José Luis (PDI)
Bernabeu Tello, Ana Mª (PDI)	Montero Pérez, M.ª Jesús (PAS)
Bueno Alonso, José Luis (PAS)	Morán Vaquero, Manuel (PAS)
Cacheiro Seguí, Ana Mª(PDI)	Mouronte Baltar, Nuria (alumnado)
Caparrini Marín, Natalia (PDI)	Movilla Pateiro, Laura (PDI)
Carro Parafita, Pedro Manuel (alumnado)	Nieto Rodríguez, Ángel (PAS)
Castro Mosquera, David (PAS)	Nogueira Alonso, Juan Ignacio (PAS)
Castro Oliva, Manuel (PAS)	Paredes Galán, Ángel (PDI)
Castro Rey, Héctor (PAS)	Pazo Rodríguez, María (alumnado)
Collazo Rodríguez, Joaquín (PDI)	Peña Gallego, Ángeles (PDI)
Collazo Fernández, Antonio (PDI)	Pérez Vázquez, M.ª Consuelo (PDI)
Cruz González, Mª Montserrat (PDI)	Pino García, Antonio (PDI)
Cuevas Alonso, Miguel (PDI)	Pino Juste, Margarita (PDI)
de Blas Varela, M.ª Esther (PDI)	Piñeiro García, María del Pilar (PDI)
Díaz Fernández, Xosé Antón (PDI)	Porteiro Fresco, Jacobo (PDI)
Diz Folgar, Manuel (Alumno)	Prada Creo, Elena de (PDI)
Dorribo Rivera, José Miguel (PAS)	Ramos Cabrer, Manuel (PDI)
Doval Ruiz, María Isabel (PDI)	Reboreda Morillo, Susana (PDI)
Fariza Novoa, María (PDI)	Reigosa Roger, Manuel (PDI)
Gandón Chapela, Raquel (PAS)	Rico Fuentes, Juan Jesús (alumnado)
García Señoráns, Mar (PDI)	Rivera Vázquez, Noelia M.ª (PAS)
Garrote Velasco, Gil (PDI)	Rivo López, Elena (PDI)
Gómez Reboiro, José Luis (PAS)	Rodeiro Iglesias, Javier (PDI)
González Varela, Luis (Alumno)	Rodríguez Cendón, María Cristina (PAS)
Graña Costas, Rosa (PAS)	Rodríguez Martínez, Francisco Javier (PDI)
Lago Peñas, Santiago (PDI)	Rodríguez Méndez, Miguel (PDI)
López Lozano, Ángeles (PAS)	Rubiños López, José Oscar (PDI)
Luna Alonso, Ana (PDI)	Rubio Armesto, Belén (PDI)
Mahou Lago, Xosé (PDI)	Sanromán Braga, Mª Ángeles (PDI)

Soto Carballo, Jorge Genaro (PDI)  
Souto García, Raquel (Xerenta)  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup> (PDI)  
Torres Pérez, Francisco (PDI)  
Troncoso Merino, Fernando (PAS)

Valderrama Santomé, Mónica (PDI)  
Vaquero García, Alberto (PDI)  
Vila Garrido, Marta (PAS)  
Vilas Rodríguez, Alejandra (PAS)  
Villar Suárez, Horacio (PAS)

---

## Representantes da sociedade

---

- Larriba Leira, M.<sup>a</sup> Elvira (Consello Social da UVigo)
- González Piñeiro, Manuel (Consello Social da UVigo)
- Graña Nogueiras, Jesús (Consello Social da UVigo)
- Pedrosa, Ernesto (Consello Social da UVigo)
  
- Alonso Fernández, Ramón (empresario e vicepresidente CEP)
- Dominguez, Chelo (directora de planta de GKN Driveline Vigo)
- Fernández Lorenzo, José Ramón (director do IISGS)
- Mallón, Enrique (secretario xeral de ASIME)
- Pidal Diéguez, Bartolomé (empresario)
- Touza Touza, Javier (empresario e vicepresidente da CEP)
- Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (empresario e vicepresidente CEP)

## Motivación e antecedentes

### Motivación

A posta en marcha dun plan estratéxico para unha institución tan ampla e diversa como unha universidade é ante todo un traballo de reflexión colectiva de todos os grupos de persoas que conforman a institución e tamén dos axentes sociais próximos a ela. Ao longo deste proceso farase unha revisión dos obxectivos marcados polo anterior plan estratéxico e do grao de cumprimento acadado, e realizarase unha visión e unha proxección da institución cara ao futuro.

A Universidade de Vigo, no seu conxunto, ten a oportunidade a través deste plan de fixar onde e como desexa verse dentro de cinco anos así como de definir as políticas e as medidas que deben implantarse para facer dese obxectivo unha realidade.

### Antecedentes

Desde a súa creación en 1990, a Universidade de Vigo exerce un papel fundamental na súa contorna e no conxunto da sociedade galega prestando un servizo público de capital importancia, a educación superior.

Esta institución contribúe á sociedade de múltiples xeitos. A investigación, o desenvolvemento, a docencia, o estudo, a divulgación, a transferencia de coñecemento e a extensión universitaria son tan só algunhas das principais formas nas que actúa positivamente na súa contorna. Todo isto converte a Universidade de Vigo nun eixo transversal a toda a actividade social e económica do seu contexto xeográfico. Cómpre destacar, neste sentido, a fundamental contribución da Universidade de Vigo á defensa da identidade cultural e política de Galiza, así como da súa lingua, pero tamén a importante aportación no eido da I+D+i que realiza esta universidade ao sector produtivo e tecnolóxico galego.

Trinta anos despois da súa fundación, a Universidade de Vigo segue sendo unha entidade en continua construción e crecemento, mediante o aumento da oferta formativa con novas titulacións, a adaptación de titulacións existentes a novos marcos educativos como o Espazo Europeo de Educación Superior e o fomento da creación e divulgación científica, humanística e artística como motor de progreso da sociedade.

Na procura da creación, desenvolvemento, crítica e transmisión do coñecemento mediante unha docencia e unha investigación de calidade, a Universidade de Vigo define tanto as súas fortalezas como as súas debilidades coa vontade clara de marcarse unha serie de obxectivos a curto prazo que determinen unha liña política institucional de actuación clara.

Este documento, o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), é unha mostra representativa e concreta desta vontade de avanzar cara unha universidade baseada na mellora continua e na calidade do servizo que presta á sociedade pero tamén é un documento que plasma os intereses que emanan dos diferentes colectivos que constitúen a Comunidade Universitaria, das súas inquiredanzas e necesidades pero sobre todo do seu consenso na defensa da institución e dos seus fins.



Nun panorama nacional e internacional caracterizado por unha crecente competitividade en tódolos ámbitos, a Universidade non está exenta deste escrutinio, reflectido na parametrización e categorización de todos os aspectos do mundo académico e os resultados do mesmo. Os Plans Estratéxicos artéllanse como unha ferramenta fundamental no establecemento dunha folla de ruta institucional que permita elaborar unha estratexia en múltiples fronteiras para acadar o maior grao de calidade e desenvolvemento. Deste xeito será posible o establecemento de obxectivos claros baseados en métricas diáfanas e obxectivas, e a implantación de políticas clave na súa mellora.

No presente ano 2020 a Comunidade da Universidade de Vigo está formada por 19.828 estudantes, 2.132 docentes e investigadores e 829 persoas de administración e servizos. A Universidade supón unha parte fundamental das súas vidas, e as súas vidas unha peza fundamental da Universidade. Este documento constitúe unha proba escrita da vontade colectiva que planifica o seu futuro e, polo tanto, o da propia Universidade de Vigo.

## Estrutura do Plan

---

O presente Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026) organízase en torno a **cinco eixes estratéxicos** de capital importancia, emanando todos eles do espírito de servizo e mellora que debe caracterizar a unha institución xeradora e transmisora de coñecemento, que en última estancia está ó servizo da cidadanía. A formación que se imparte, a relación da Universidade coa sociedade, a investigación e transferencia, a organización dos recursos propios e as persoas que a compoñen son as cinco canles polas que flúe a esencia vital da Universidade, e representan o que esta institución pode ofertar á sociedade no seu conxunto.

Estes eixes non son tan só unha declaración de intencións, senón que se inclúen dentro de 28 obxectivos concretos. Estes obxectivos contan con accións e indicadores que permiten determinar o grao de cumprimento de cada un e as tarefas pendentes de realizar para acadalos. Todos os obxectivos están intimamente relacionados cos valores da Universidade de Vigo, así como coa súa identidade e os seus fins. A **defensa da igualdade** e o **fomento da lingua galega** son compromisos irrenunciáveis intrinsecamente relacionados coa labor da Universidade, e tanto a **internacionalización** como o desenvolvemento sostible supoñen valores fundamentais en calquera institución que procure avanzar o coñecemento humano desde o respecto e a protección da súa contorna.

En definitiva, este documento representa o compromiso firme da Comunidade Universitaria, xa sexan Persoal Docente e Investigador, Persoal de Administración e Servizos ou estudiantado, de traballar xuntos por unha Universidade innovadora, pública e de calidade que xogue un papel fundamental na Galiza do presente e do futuro.

## DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL

A análise da situación da Universidade de Vigo e da súa contorna fíxose mediante unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). Esta reflexión foi unha ferramenta clave no desenvolvemento do presente plan e para a súa exposición organizábase en dúas partes:

- Diagnose interna (debilidades e fortalezas)
- Diagnose externa (ameazas e oportunidades)

En función desta análise, definiranse posteriormente uns obxectivos estratéxicos cos que se buscará a forma de **empregar as fortalezas** para **superar as debilidades**, **controlar as ameazas** e **aproveitar as oportunidades**.

### Diagnose interna

#### Debilidades

- D1.** A baixa proxección cara ao tecido económico, social e cultural, que provoca un evidente descoñecemento das potencialidades da UVigo e unha insuficiente presenza nos órganos de decisión e nos grupos de interese da contorna.
- D2.** O limitado coñecemento por parte do tecido empresarial das potencialidades da UVigo en I+D+i, tanto dos grupos e dos centros de investigación como dos centros de apoio e dos mecanismos de transferencia dispoñibles.
- D3.** A necesidade de adecuar a oferta formativa ás necesidades dun mercado laboral cambiante e que demanda unha formación ao longo de toda a vida.
- D4.** A escasa captación de estudantes de fóra de Galicia.
- D5.** O reducido coñecemento de linguas estranxeiras por parte dos membros da comunidade universitaria para ser máis competitivos no eido da docencia, da administración, da investigación, da transferencia e, especialmente, na inserción laboral do alumnado.
- D6.** A oferta de mestrados pouco planificada e escasamente profesionalizante.
- D7.** Os procesos de ensinanza-aprendizaxe pouco integrados e alleos, en moitas ocasións, a novas metodoloxías e a innovacións pedagóxicas.
- D8.** A insuficiente oferta de docencia non presencial.
- D9.** As dificultades para a contratación do persoal necesario para a formación e a potenciación de grupos de investigación. A baixa captación e atracción de investigadores e investigadoras formados fóra de Galicia. A insuficiente captación de persoal formado nos ámbitos humanístico, xurídico-social e tecnolóxico.

- D10.** A baixa vertebración, integración e cooperación entre os grupos de investigación para evitar redundancias e buscar sinerxías. A escaseza de proxectos de investigación interdisciplinares.
- D11.** As dificultades de competitividade en investigación, tanto no ámbito nacional como internacional. O moderado éxito nos programas marco europeos de investigación e de desenvolvemento.
- D12.** A escaseza de mecanismos e de persoal de apoio á xestión dos grupos de investigación.
- D13.** A falta de cultura de protección da propiedade intelectual dos resultados de investigación de certos ámbitos.
- D14.** A insuficiente definición dos procesos de xestión e escasa interconexión entre os distintos servizos.
- D15.** A baixa diversificación das fontes de financiamento.
- D16.** O ineficiente uso dos espazos.
- D17.** A distancia inter e intracampus coa conseguinte perda de tempo e de recursos.
- D18.** A escasa coordinación entre as institucións, tanto públicas como privadas, nos proxectos culturais e de cooperación común.
- D19.** O descoñecemento dos atractivos e das vantaxes de Galicia.
- D20.** As carencias na divulgación da información tanto no ámbito interno coma cara aos distintos grupos de interese externos.
- D21.** A excesiva rixidez de certas ferramentas informáticas.
- D22.** A falta de información centralizada, adaptada, accesible e fiable dos datos de investigación, de transferencia e de cooperación internacional da UVigo. Isto xera problemas co intercambio de información entre os servizos e coa capacidade para tomar decisións etc.
- D23.** A existencia de barreiras arquitectónicas que limitan a accesibilidade e dificultan a mobilidade polos campus e polas súas infraestruturas.
- D24.** As deficiencias no mantemento das infraestruturas universitarias.
- D25.** O pouco desenvolvemento e integración de medidas inclusivas.
- D26.** O envellecemento do cadro do PDI e do PAS da universidade.
- D27.** As deficiencias na organización dos plans integrais de formación para o persoal da UVigo (PAS e PDI) actualizado ás necesidades cambiantes.
- D28.** As necesidades de mellora continua en algúns portales de información e ferramentas informáticas corporativas respecto da interfaz, a experiencia de usuario, a internacionalización e a súa accesibilidade.

## Fortalezas

- F1.** O cadro do persoal docente e investigador adecuado para as necesidades actuais da universidade e con capacidade de adaptación a futuros cambios.
- F2.** O posto ocupado pola UVigo nos diferentes ránkings de investigación xeralmente superior ao que lle correspondería por tamaño, antigüidade e financiamento.
- F3.** A existencia de persoal investigador e de grupos de investigación moi competitivos, con experiencia en convocatorias públicas e privadas, nacionais e internacionais. Investigación de calidade.
- F4.** O elevado número de convenios con empresas e institucións para a realización de prácticas.
- F5.** A oferta de titulacións ben adaptada ás demandas sociais da que se deriva unha elevada porcentaxe de cobertura das prazas.
- F6.** O forte compromiso institucional co medio ambiente.
- F7.** A importante oferta de actividades culturais e deportivas, de programas de acción social e de produción artística.
- F8.** A posición de vantaxe para o incremento da internacionalización debido aos idiomas e á proximidade cultural con outros países, especialmente con América Latina e con países lusófonos.
- F9.** O elevado número de intercambios Erasmus, tanto do PDI, como do alumnado e do PAS.
- F10.** O Centro de Linguas dota a UVigo dunha ferramenta propia na que apoiar a súa internacionalización.
- F11.** A posición estratéxica dentro da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.
- F12.** A UVigo é unha institución comprometida en todos os niveis coa igualdade.
- F13.** A gran capacidade de transferencia de coñecemento.
- F14.** O elevado número de investigadores/as visitantes, a existencia dun plan de internacionalización e a experiencia en proxectos de carácter internacional.
- F15.** Os centros de apoio á investigación (CAI) dotan os grupos de investigación da UVigo das ferramentas e dos medios que sería imposible adquirir de forma individual.
- F16.** O sistema de bolsas propias para complementar o apoio externo ao estudantado e ao persoal investigador.
- F17.** Un sistema de calidade ben asentado e que consta de acreditacións e de selos de excelencia nacionais e internacionais nos servizos, nos centros e nos recursos humanos.

- F18.** A boa integración dos campus de Pontevedra e de Ourense na axenda social e cultural das cidades.
- F19.** O equipamento e coñecemento tecnolóxico para desenvolver a docencia na modalidade non presencial.
- F20.** A existencia da Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo.
- F21.** O persoal de administración e servizos (PAS) suficiente e con alta formación e capacidade.
- F22.** A capacidade de resposta para abordar solucións organizativas urxentes de forma rápida coa axuda das tecnoloxías da información

## Ameazas

- A1.** A desvalorización social dos títulos universitarios ao cuestionarse a súa utilidade para o acceso ao mercado de traballo, especialmente relevante nos estudos de posgrao.
- A2.** O incremento do inglés como lingua franca no ámbito internacional.
- A3.** A presión para adecuar de forma inmediata a oferta académica a un tecido produtivo en permanente transformación.
- A4.** A falta de financiamento estable dos grupos de investigación.
- A5.** O incremento da competencia co resto das universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), coas iniciativas de orixe privado e coas universidades en liña para captar estudiantado tanto de Galicia coma foráneo.
- A6.** O encarecemento dos custos debido ao traslado do alumnado ao campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende).
- A7.** A crecente valorización social dos ciclos formativos da ensinanza profesional convérteos nunha alternativa competidora da oferta universitaria.
- A8.** Certas carencias na formación do estudiantado e nos procedementos de acceso á universidade dificulta o labor docente.
- A9.** A perda de estudantes debido ao desaxuste temporal na resolución das bolsas.
- A10.** Un resultado prexudicial do proceso de apertura do mapa de novas titulacións do SUG.
- A11.** Posible falta da demanda esperada dos novos títulos propostos.
- A12.** Excesiva orientación da oferta formativa á empregabilidade sen atender a outras funcións intrínsecas da universidade.
- A13.** As restricións e a rixidez imposta polo financiamento.
- A14.** A perda do liderado da universidade como motor do coñecemento e como núcleo cultural na sociedade actual.
- A15.** A limitada representatividade da UVigo en foros internacionais.
- A16.** A insuficiente xestión económica e xustificación de proxectos nacionais e internacionais.
- A17.** A investigación dependente de factores de financiamento externos (políticos, económicos etc.).
- A18.** A existencia de competidores da nosa rexión con capacidade superior á nosa en consecución de patentes.

- A19.** Ofertas como as propostas por empresas como Google (Google Career Certificates) ou Microsoft (Microsoft Skills) onde se obteñen habilidades ou certificacións de forma rápida con gran demanda de empresas.
- A20.** A perda de oportunidades na captación e retención de talento entre PDI/PAS, especialmente en áreas de alta demanda de persoal cualificado.
- A21.** Problemática da obsolescencia de software e hardware típicos dos sistemas informáticos.

## Oportunidades

- O1.** O prestixio social do que goza a universidade e que se traduce nunha receptividade cara ao seu labor.
- O2.** O contorno dinámico e complexo que obriga ao cambio continuo (ensinanza virtual, desenvolvemento da sociedade do coñecemento, expansión e utilización no ámbito da docencia das TIC etc.).
- O3.** A mellor preparación do estudiantado no manexo das novas tecnoloxías incrementa as posibilidades docentes.
- O4.** O desenvolvemento das novas tecnoloxías e a meirande facilidade para o seu manexo por parte do estudiantado incrementan as posibilidades docentes e o crecemento da ensinanza non presencial.
- O5.** A existencia de importantes centros tecnolóxicos na contorna da UVigo.
- O6.** A repercusión da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) sobre a formación en recursos humanos.
- O7.** A futura Cidade do Mar proxectará a cidade e o seu contorno no campo da investigación mariña.
- O8.** Os avances das TIC poderán repercutir na mellora da eficiencia e na flexibilidade da xestión (administración electrónica).
- O9.** A crecente conciencia na sociedade da necesidade dunha formación continuada para as persoas ao longo de toda a súa vida.
- O10.** A necesidade de constante innovación intensificará a relación universidade-empresa.
- O11.** O novo plan de financiamento coa Xunta que se negociará proximamente.
- O12.** A calidade de vida en Galicia (seguridade, gastronomía, turismo, clima...) pode resultar un factor clave para atraer estudantes foráneos.
- O13.** A apertura do mapa das titulacións do sistema universitario galego.
- O14.** O retorno de persoas vinculadas coa emigración pola situación política e social en América Latina.

- O15.** A próxima conexión de Galicia por tren rápido coa meseta.
- O16.** As taxas públicas dos títulos oficiais son das máis baixas de España.
- O17.** A posición xeográfica da Universidade de Vigo e a mellora nas conexións dentro da eurorrexión.
- O18.** A existencia dun corredor Atlántico Vigo-Oporto
- O19.** O previsible crecemento de sectores altamente especializados nos que a UVigo é fonte de coñecemento experto.
- O20.** A investigación relacionada coa mellora da calidade de vida das persoas maiores.
- O21.** A mellora e a potenciación das relacións dos grupos de investigación da UVigo coas universidades do Eixo Atlántico
- O22.** O desenvolvemento da figura do xestor/a de proxectos.
- O23.** O inicio do novo Plan Horizon Europe en 2021.



## Misión e visión

### Misión

---

Contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

### Visión

---

A UVigo é una institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

A UVigo persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento ao tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire.

A UVigo pretende ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

## Eixes estratéxicos

Una vez establecida a Diagnose Interna e Externa da UVigo a través da análise DAFO, e definidas tamén a Misión e a Visión, a seguinte fase é a identificación dos Eixos Estratéxicos que guiarán a estrutura da nosa planificación estratéxica.

### Formación



A UVigo é ante todo unha institución que forma o seu estudiantado. Consideramos polo tanto que o primeiro Eixo Estratéxico debe ser a Formación. Baixo este apartado se enmarcarán todos os obxectivos relacionados coas titulacións, a docencia e a mellora dos recursos e medios destinados á docencia.

### Investigación e transferencia



A UVigo debe perseguir a excelencia na investigación e na transferencia como piares da súa estratexia de futuro. Mellorar a calidade da súa investigación e transferencia, facer que os seus resultados sexan máis accesibles para a sociedade, mellorar a captación de talento e de recursos serán pasos claves na mellora no posicionamento da UVigo na súa rexión e no panorama nacional e internacional.

### Persoas



A UVigo está formada ante todo por persoas. Non se pode facer unha planificación estratéxica sen ter en conta o desenvolvemento persoal e profesional de tódolos membros da comunidade universitaria. Mellorar a vida das persoas que forman a UVigo é un eixo prioritario deste Plan.

### Organización e recursos



Para poder acadar calquera obxectivo é imprescindible o uso eficiente dos recursos existentes e a captación de novos recursos, así como a creación das estruturas e mecanismos necesarios para o seu máximo aproveitamento.

### Relación coa sociedade



A UVigo é unha institución con plena vocación de servizo cara a sociedade que a rodea e, polo tanto, a súa relación coa contorna é unha prioridade estratéxica.

## Valores e identidade

Se ben os Eixos Estratéxicos presentados no apartado anterior definen ámbitos específicos de actuación da Universidade, existen ademais eixos transversais que actúan sobre case tódolos Eixos Estratéxicos e que constitúen máis ben direccións estratéxicas que deben marcar o transcurso da Universidade nos próximos anos. Estas direccións representan de algún modo os **Valores** e a **Identidade** da Universidade de Vigo para este novo período.

Estes valores non deben interpretarse como elementos excluíntes, senón que son valores complementarios a todos os demais e que aportan identidade e personalidade propia a nosa institución.

### Fomento da lingua galega



O galego é a lingua oficial da UVigo e de Galicia e como tal debe ser apoiada fomentando o seu uso. Este fomento da lingua galega debe facerse dende a formación en lingua galega, a promoción do galego, a investigación sobre a nosa lingua e cultura propias e a proxección ó exterior.

### Defensa da igualdade



A defensa da plena igualdade de trato e oportunidade entre homes e mulleres é un valor propio da nosa institución. A UVigo asume o compromiso estratéxico de facer unha defensa activa da igualdade a todos os niveis e en todos os eidos de actuación.

### Internacionalización



A Internacionalización é un proceso transversal que require que todos os procesos e todas as actuacións teñan en conta unha perspectiva máis ampla que a local ou nacional. Non se limita á mobilidade dos membros da comunidade universitaria senón que require dun cambio na formulación de todas as actividades universitarias e a institucionalización da dimensión internacional da UVigo, aproveitando a nosa posición privilexiada desde o punto de vista lingüístico, histórico, social e cultural no ámbito de América Latina e o espazo lusófono.

## Sostibilidade (Axenda 2030)

A Universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e, como tal, debe servir de axente activo para acadar o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas. É por isto que a planificación estratéxica presentada neste Plan está tamén organizada entorno os 17 obxectivos do Desenvolvemento Sostible.



# OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE

## Obxectivos, accións e indicadores

<a href="#"><u>Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial como en liña, en consonancia coa demanda da contorna</u></a> .....	22
<a href="#"><u>Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado</u></a> .....	23
<a href="#"><u>Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna</u></a> .....	24
<a href="#"><u>Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado</u></a> .....	25
<a href="#"><u>Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade</u></a> .....	26
<a href="#"><u>Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo</u></a> .....	27
<a href="#"><u>Obxectivo 7. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais</u></a> .....	29
<a href="#"><u>Obxectivo 8. Impulsar a colaboración público-privada</u></a> .....	30
<a href="#"><u>Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo coma axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas</u></a> .....	31
<a href="#"><u>Obxectivo 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente</u></a> .....	32
<a href="#"><u>Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias</u></a> .....	34
<a href="#"><u>Obxectivo 12. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus</u></a> .....	35
<a href="#"><u>Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria</u></a> .....	36
<a href="#"><u>Obxectivo 14. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade</u></a> .....	37
<a href="#"><u>Obxectivo 15. Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros</u></a> .....	38
<a href="#"><u>Obxectivo 16. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras</u></a> .....	39
<a href="#"><u>Obxectivo 17. Diseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións</u></a> .....	40

<a href="#"><u>Obxectivo 18. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza</u></a> .....	41
<a href="#"><u>Obxectivo 19. Ciencia aberta</u></a> .....	42
<a href="#"><u>Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade</u></a> .....	43
<a href="#"><u>Obxectivo 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados</u></a> .....	44
<a href="#"><u>Obxectivo 22. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para a elaboración de propostas multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional</u></a> .....	45
<a href="#"><u>Obxectivo 23. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo</u></a> .....	46
<a href="#"><u>Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria</u></a> .....	47
<a href="#"><u>Obxectivo 25. Captar PDI e PAS con talento</u></a> .....	48
<a href="#"><u>Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria</u></a> .....	49
<a href="#"><u>Obxectivo 27. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade</u></a> .....	50
<a href="#"><u>Obxectivo 28. Contribuír a transformación dixital da universidade</u></a> .....	51
<a href="#"><u>Obxectivo 29. Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo</u></a> .....	52

*Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial como en liña, en consonancia coa demanda da contorna*



### AXENDA 2030



### ACCIÓNS

1. Elaborar un mapa de titulacións propio da UVigo tendo en conta a especialización dos campus.
2. Desenvolver titulacións novidasas e atractivas en todas as ramas do coñecemento.
3. Implantar progresivamente titulacións completas ou en parte en liña.
4. Incluír contidos específicos obrigatorios de carácter transversal en aspectos coma de competencias dixitais e informacionais, a igualdade, o desenvolvemento sostible, o emprendemento, o compromiso social, a inclusión,.... (obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030).

### INDICADORES

- Número de titulacións impartidas en cada campus relacionadas coa súa especialización.
- Número de novas titulacións implantadas nun prazo desagregado por ramas de coñecemento.
- Indicadores da demanda destas novas titulacións (ocupación, preferencia...).
- Número de ofertas laborais segundo o seu perfil.
- Evolución do número de titulacións na UVigo impartidas en modalidades semipresencial ou non presencial.
- Titulacións verificadas ou modificadas con competencias vinculadas aos aspectos sinalados.
- Número de competencias transversais vinculadas cos ODS.
- Numero de créditos/títulos nestes contidos.

*Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado*



**AXENDA 2030**



**ACCÍONS**

1. Configurar unha oferta formativa seguindo o modelo dual (universidade/empresa).
2. Desenvolver programas formativos conxuntos e sostibles economicamente.
3. Reforzar e fomentar as prácticas externas así coma a realización de TFG, TFM e teses doutorais para mellorar a conexión coa sociedade.
4. Mellorar o desenvolvemento de competencias transversais, incluíndo a perspectiva de xénero, e dixitais: multilingüismo, liderado, traballo en equipo, resolución de problemas...
5. Ampliar e promover as accións orientadas ao emprego e ao emprendemento nos tres campus.

**INDICADORES**

- Número de programas de formación dual na Universidade de Vigo.
- Porcentaxe de programas formativos conxuntos (universidade-empresa) que permanecen activos despois de tres anos desde a súa implantación.
- Diferencia entre os ingresos e os gastos xerados por un programa de formación conxunta.
- Porcentaxe de alumnado en prácticas académicas (curriculares e extracurriculares) nun curso académico.
- Índice de satisfacción coas prácticas académicas curriculares e extracurriculares.
- Número de alumnado en prácticas externas.
- Número de TFG, TFM e teses realizados en colaboración con entidades externas.
- Índice de satisfacción das persoas empregadoras con estas competencias.
- Resultados destes apartados das enquisas de prácticas externas.
- Número de actividades de fomento do emprego desenvolvidas pola UVigo.



*Obxectivo 3. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna*



**AXENDA 2030**



**ACCIÓNS**

1. Planificar unha oferta de titulacións propias: formación ao longo da vida profesional (externa e interna), programa de maiores e formación complementaria.
2. Diseñar e implementar accións formativas presenciais, semipresenciais e en liña e mellorar a súa visibilidade na contorna socioeconómica.
3. Desenvolver modalidades formativas innovadoras e fomentar os contidos abertos.

**INDICADORES**

- Número de titulacións propias.
- Número de cursos desenvolvidos en cada unha das modalidades.
- Número de persoas matriculadas nesos cursos.
- Número de accións de formación aberta (Massive Online Open Courses [MOOC], píulas etc.) dispoñibles na Universidade de Vigo cada curso académico.
- Número e diversidade demográfica e xeográfica das persoas participantes nas accións formativas abertas postas en marcha na UVigo.

*Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado*

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



AXENDA 2030



ACCIÓNS

1. Potenciar o desenvolvemento de competencias e das capacidades transversais no profesorado, con especial énfase no ámbito das metodoloxías educativas, da pedagogía e do uso de recursos dixitais.
2. Elaborar un plan de innovación docente e crear as plataformas necesarias para a xestión e uso efectivo das mesmas.
3. Fomentar a cultura da calidade no marco da docencia e da avaliación do alumnado.
4. Crear un repositorio de recursos didácticos. Socialización de experiencias docentes entre o profesorado.

INDICADORES

- Número de accións formativas nesta temática desenvolvidas no marco do plan de formación do profesorado nun marco temporal (curso).
- Persoas matriculadas nestes cursos e porcentaxe de profesorado formado nestes cursos.
- Evolución do número de iniciativas de innovación docente e do número e porcentaxe de profesorado participante.
- Número de grupos de innovación docente creados.
- Número de plataformas creadas
- Número de iniciativas para a promoción dunha docencia de calidade.
- Número de membros do PDI con recoñecementos en materia educativa.
- Normativas de avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Número de participantes e cantidade dos recursos compartidos.

## Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade

### EIXE ESTRATÉGICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIONES

1. Mellorar o nivel de idiomas da comunidade universitaria empregando os recursos dispoñibles na UVigo e en función do campo de especialización.
2. Elaboración dun novo plan de internacionalización.
3. Fomentar a atracción internacional do estudantado, do PDI e do PAS e tamén a súa mobilidade, con programas de intercambio e estadias internacionais.
4. Fomentar a colaboración coas universidades da Eurorexión.
5. Promocionar as dobres titulacións internacionais.
6. Traducir e adaptar contidos o inglés, especialmente nas aplicacións web, tanto as que ten maior impacto na imaxe externa (portais e páxinas de benvida dos servizos) como as internas (p.e. secretaría online)
7. Promover a aprobación no Consello de Goberno dun novo Plan de Internacionalización

### INDICADORES

- Número de persoas por perfil que realizan cursos no Centro de Linguas.
- Aprobación no consello de goberno dun novo plan de internacionalización.
- Indicadores da mobilidade do alumnado, do PDI e do PAS.
- Número de persoas en programas internacionais.
- Número de convenios asinados con universidades da Eurorexión.
- Número de dobres titulacións coa participación de universidades estranxeiras.
- Número de aplicacións, portais e procesos dispoñibles en inglés así como estatísticas de uso
- Indicadores recollidos no novo Plan de Internacionalización

## Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo

### EIXE ESTRATÉGICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCÍONS

1. Definir campañas de comunicación e estratexias de *marketing* para dar a coñecer a universidade no ámbito nacional e internacional. Fomentar a imaxe e o coñecemento da UVigo.
2. Diseñar un plan de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de alumnado.
3. Programa MEET: mentorización do alumnado de ingreso, con especial ao de primeiro. Definir as bases para o programa de mentorización.
4. Amosar perfís destacados das persoas egresadas para fomentar a súa visibilidade.
5. Crear contidos de divulgación científica cunha linguaxe próxima e accesible a toda a comunidade universitaria.
6. Elaborar un plan de comunicación relativo á oferta da I+D+i, da transferencia e da cooperación internacional.

### INDICADORES

- Ránkings de visibilidade.
- Plan de internacionalización: cumprimento dos indicadores recollidos no plan.
- Plan de comunicación: cumprimento dos indicadores recollidos no plan.
- Perfil de acceso do novo estudantado.
- Número de campañas institucionais de difusión e de *marketing* levadas a cabo por curso académico.
- Porcentaxe dos centros e das titulacións que desenvolven o programa de acordo coas súas bases (redefinición do programa).
- Número de participantes no programa MEET.

- Número de campañas de visualización de exestudantes en postos relevantes.
- Número de actuacións e de accións de divulgación científica abertas a toda a comunidade universitaria.
- Indicadores recollidos no novo do Plan de Comunicación

---

*Obxectivo 7. Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.*

---

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



---

AXENDA 2030



---

ACCIÓNS

1. Organizar eventos de información e de formación na preparación das solicitudes para os proxectos nacionais e internacionais en áreas cunha baixa taxa de éxito.
2. Organizar eventos informativos sobre o novo programa Horizon Europe e sobre outras convocatorias europeas.
3. Establecer unha canle de información sobre as convocatorias europeas existentes.

---

INDICADORES

- Taxa de éxito nas convocatorias, total de fondos nacionais e europeos captados.
- Número de eventos organizados.
- Número de boletíns da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

## Obxectivo 8. Impulsar a colaboración público-privada

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIONES

1. Creación das unidades mixtas empresa-universidade (UMI).
2. Fomento das cátedras empresa-universidade.
3. Impulsar o mecenado.
4. Diseñar algún mecanismo para potenciar o mecenado participativo (*crowdfunding*).

### INDICADORES

- Número de UMI creadas.
- Número de cátedras.
- Fondos captados mediante o mecenado.
- Fondos captados mediante o mecenado participativo (*crowdfunding*).

*Obxectivo 9. Reforzar o liderado da Universidade de Vigo coma axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas*

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



AXENDA 2030



ACCIÓNS

1. Establecer colaboracións de transferencia de coñecemento con entidades da contorna socioeconómica interesadas en implantar solucións ás súas necesidades de innovación, de coñecemento ou de desenvolvemento.
2. Fortalecer os mecanismos de emprendemento e de autoemprego apoiando a creación de iniciativas da comunidade universitaria.
3. Organización de eventos con axentes económicos e sociais da contorna.
4. Potenciar os acordos, os convenios e os programas de cooperación con empresas e con institucións galegas.
5. Potenciar o rural como motor de desenvolvemento social.

INDICADORES

- Número de colaboracións anuais de transferencia de coñecemento con entidades da contorna.
- Porcentaxe de iniciativas de autoemprego xeradas en cooperación coa Universidade de Vigo que permanecen activas tres anos despois da súa posta en marcha.
- Número de empresas derivadas (*spin-off*) xeradas.
- Número de eventos organizados.
- Número de acordos, de convenios e de programas de cooperación.



## Obxectivo 10. Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente

### EIXE ESTRATÉXICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIÓNS

1. Establecer os procedementos e homoxeneizar os diferentes procesos de xestión administrativa aplicados en cada centro ou servizo para un mesmo trámite e impulsar unha ventá única común.
2. Estudar as fórmulas e os procedementos para establecer grupos de traballo comúns entre o persoal dos servizos, que potencien a coordinación e a colaboración entre as persoas co fin de facilitar a xestión universitaria.
3. Establecer unha política de actualización e de adecuación das aplicacións informáticas que inciden na xestión ordinaria.
4. Elaborar unha carta de servizos orientada a dar a coñecer os que se ofrecen desde as diferentes unidades xestoras.
5. Definir e implantar ferramentas de avaliación dos servizos universitarios.
6. Implantar un sistema de xestión que facilite a identificación, coordinación e implantación das necesidades tecnolóxicas da institución
7. Mellorar a accesibilidade dos servizos TIC camiñando cara a Accesibilidade Universal
8. Garantir o cumprimento do Plan de Transformación Dixital das AAPP

### INDICADORES

- Número de procedementos operativos na Sede electrónica.
- Número de grupos de traballo creados.
- Posta en marcha e nivel de desenvolvemento dun plan de profesionalización da Universidade de Vigo.
- Porcentaxe de cartas de servizo aprobadas nas unidades xestoras.
- Resultados anuais da avaliación dos servizos.

- Grao de avance no desenvolvemento de Políticas de Seguridade da Información e Interoperabilidade
- Porcentaxe de sistemas de TI que acadan os requisitos de accesibilidade
- Indicadores recollidos no Plan de Transformación Dixital

---

*Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias*

---

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



---

AXENDA 2030



---

ACCIÓNS

1. Optimizar a xestión e o uso dos espazos docentes e de investigación.
2. Conservar, xestionar e renovar as infraestruturas dos tres campus atendendo a criterios de mantemento, de accesibilidade, de sostibilidade, de seguridade e de prevención de riscos .
3. Mellorar o acceso e a seguridade informática da información, os datos e as publicacións da Universidade de Vigo.

---

INDICADORES

- Queixas, suxestións e parabéns (QSP) relacionados coas infraestruturas (espazos, barreiras arquitectónicas, accesibilidade, mantemento de edificios...).
- Índice da satisfacción do PAS, do PDI e do alumnado coas infraestruturas.
- Estudo analítico dos datos de acceso á seguridade na universidade.

---

*Obxectivo 12. Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus*

---

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



---

**AXENDA 2030**



---

**ACCIÓNS**

1. Desprazamento de centros e de servizos ao centro da cidade de Vigo.
2. Mellora das condicións do transporte público aos campus.

---

**INDICADORES**

- Tempo medio do desprazamento do alumnado do campus de Vigo ao seu centro.
- Número de titulacións presentes na cidade .
- Frecuencia das liñas de transporte público aos campus e número de transbordos necesarios.
- Tempo medio de transporte a cada un dos campus.

*Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria*



**AXENDA 2030**



**ACCIÓNS**

1. Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno, de comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria.
2. Establecer mecanismos de xestión para asegurar prácticas sostibles e socialmente responsables nos provedores da Universidade de Vigo.
3. Elaborar un plan interno de contratación de provedores externos coa inclusión de cláusulas e criterios de selección baseados na responsabilidade social e a sostibilidade

**INDICADORES**

- Número de queixas, de suxestións e de parabéns (QSP) relacionados coa transparencia e co bo goberno e co comportamento ético dos membros da comunidade universitaria.
- Posición nos ránkings ou nos estándares de transparencia.
- Número de contratos con provedores externos acordes co novo Plan.
- Indicadores recollidos no plan interno de contratación.

---

## Obxectivo 14. Asegurar a sostibilidade financeira da universidade

---

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



---

### AXENDA 2030



---

### ACCIÓN

1. Mellorar a toma de decisións baseada en criterios de eficiencia do gasto.
2. Desenvolver a contabilidade analítica

---

### INDICADORES

- Ratios de eficiencia do gasto
- Indicadores de xestión financeira
  - Porcentaxe de recursos públicos captados/obtidos.
  - Porcentaxe de recursos privados captados/obtidos.
  - Porcentaxe de recursos da Universidade de Vigo «liberados» por unha xestión máis sostible que reverteren en beneficio da institución (economía circular)

## Obxectivo 15. Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros

### EIXE ESTRATÉGICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIONES

1. Prevención de riscos nos laboratorios e establecer un plan de revisión no mantemento dos laboratorios de investigación.
2. Mellorar a formación no ámbito da investigación do persoal de apoio.
3. Recoñecer normativamente o persoal de apoio á investigación, incluíndo unha nova figura de xestor/a de proxectos, fundamental no apoio aos centros e aos grupos de investigación.
4. Definir as necesidades dos diferentes servizos universitarios vinculados á investigación, á transferencia e á cooperación internacional (OPI, Servizo de Apoio á Investigación, OTRI e ORI).
5. Solicitar avaliacións externas internacionais que permitan realizar un diagnóstico obxectivo dos centros e dos grupos.

### INDICADORES

- Número de laboratorios revisados, número de accións de mantemento.
- Número de iniciativas de formación, número de persoal asistente.
- Porcentaxe de persoal de apoio a investigación regulado nas normativas aprobadas.
- Número de xestores de proxectos contratados.
- Número de manuais de funcións publicados.
- Porcentaxe de avaliacións externas positivas.

---

*Obxectivo 16. Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras*

---

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



---

**AXENDA 2030**



---

**ACCÍONS**

1. Diseñar sistemas de harmonización e procedementos de traballo interconectados.
2. Reforzar a coordinación entre os centros e as agrupacións de I+D e os servizos de xestión.

---

**INDICADORES**

- Número de procedementos deseñados.
- Número e tipos de accións de coordinación.



---

*Obxectivo 17. Diseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións*

---

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



---

AXENDA 2030



---

ACCIÓNS

1. Identificar as necesidades de información en investigación, en transferencia e en cooperación internacional.
2. Elaborar bases de datos e informes compilando información.
3. Definir o panel de indicadores de investigación, de transferencia e de cooperación internacional.
4. Transmitir información relativa á transparencia e a como facemos a xestión.

---

INDICADORES

- Número de necesidades rexistradas.
- Volume da base de datos para a elaboración de informes.
- Número de indicadores recollidos no panel
- Publicación de indicadores e de resultados de investigación en transferencia.

*Obxectivo 18. Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza*

EIX ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



AXENDA 2030



ACCÍONS

1. Implantar a estratexia europea de recursos humanos en investigación (HRS4R).
2. Construír un EURAXESS Service Centre (ESC) con cobertura local/rexional.
3. Ampliar as colaboracións con institucións públicas e privadas da UVigo no marco da rede EURAXESS.

INDICADORES

- Renovación do selo HR (avaliación da CE positiva).
- Acreditación do ESC (Comisión Europea).
- Número de proxectos de colaboración asociados a HR-EURAXESS.

## Obxectivo 19. Ciencia aberta

### EIXE ESTRATÉGICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIONES

1. Diseñar mecanismos para a integración no sistema de ciencia aberta.
2. Incorporarse a iniciativas nacionais e internacionais de fomento e de ciencia aberta.
3. Promover o depósito da produción científica da UVigo no repositorio institucional de acceso aberto Investigo.
4. Actualizar e promocionar o sistema dual de publicacións editadas polo Servizo de Publicacións Revistas Uvigo
5. Actualizar e promocionar o portal OJS das revistas editadas polo Servizo de Publicacións Revistas Uvigo
6. Actualizar e promocionar o repositorio institucional de acceso aberto Investigo

### INDICADORES

- Porcentaxe de publicacións en acceso aberto.
- Número de iniciativas ás que a UVigo se incorpore.
- Nº de documentos depositados no repositorio institucional Investigo.
- Número de actividades de promoción de Investigo e outras actividades de acceso aberto
- Nº de accesos y descargas de publicacións duais editadas polo Servizo de Publicacións da UVigo
- Nº de accesos y descargas de revistas científicas publicadas no OJS da Uvigo
- Nº de documentos depositados no repositorio institucional Investigo

---

## Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade

---

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



---

### AXENDA 2030



---

### ACCÍONS

1. Establecer un plan de incentivación da actividade investigadora de calidade para investigadores e investigadoras xoves.
2. Reforzar as accións de coñecemento e de formación no uso dos recursos dixitais, as convocatorias competitivas, as fontes de financiamento, particularmente nos ámbitos como o xurídico-social e as humanidades.
3. Implementar a formación en competencias en información e comunicación científica nas diferentes etapas da carreira investigadora.

---

### INDICADORES

- Número de iniciativas/incentivos para promover a investigación de calidade para xoves investigadores e investigadoras.
- Evolución do número de iniciativas de formación, do número de asistentes ás iniciativas.
- Número de accións formativas.

---

*Obxectivo 21. Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados*

---

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



---

**AXENDA 2030**



---

**ACCIÓNS**

1. Elaboración de material promocional da actividade investigadora no ámbito internacional.
2. Regular a identificación do persoal investigador da UVigo a través do ORCID e doutros identificadores do ámbito científico.
3. Xestionar a identidade institucional da UVigo nas bases de datos de información científica

---

**INDICADORES**

- Material promocional.
- Porcentaxe de investigadores e investigadoras da UVigo presentes no ORCID.
- Número de plataformas nas que a UVigo está presente.

*Obxectivo 22. Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para a elaboración de propostas multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional*

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



AXENDA 2030



ACCÍONS

1. Difundir dentro da propia universidade as liñas de investigación dos grupos da UVigo.
2. Poñer en coñecemento da comunidade universitaria as plataformas de información existentes: BIDI, Investigo etc.
3. Sensibilizar e dinamizar a colaboración entre grupos multidisciplinares.

INDICADORES

- Número de eventos organizados.
- Número de propostas multidisciplinares.
- Número de accións.
- Número de accións realizadas.

---

## Obxectivo 23. Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo

---

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



---

### AXENDA 2030



---

### ACCÍONS

1. Identificar os indicadores de transferencia por ámbito e por área.
2. Plan de acción de incentivos e de información ao persoal investigador sobre a protección da propiedade intelectual.

---

### INDICADORES

- Panel de indicadores de transferencia.
- Número de patentes e outros rexistros da propiedade intelectual.

## Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria

EIXE ESTRATÉGICO

VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCIONES

1. Diseñar plans para favorecer o relevo xeracional do PDI e do PAS dentro do marco legislativo vixente.
2. Implantar itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional.
3. Estudar e activar medidas que favorezan a conciliación entre a vida laboral, familiar e formativa.
4. Actualizar os novos perfís profesionais que demanda a universidade e as probas de acceso asociadas a estes.
5. Coidar a xuventude mellorando as vías de acceso do PDI (AD, CD...).

### INDICADORES

- Plan de renovación do PDI.
- Inclusión na RPT.
- Evolución da media de idade do PDI da universidade.
- Número de plans de formación.
- Nivel de desenvolvemento dun novo plan de formación baseado nun diagnóstico de necesidades previo.
- Índice da satisfacción coas accións de formación desenvolvidas cada curso académico.
- Plan de conciliación do persoal universitario.
- Nova RPT.
- Número de novas prazas ofertadas.



## Obxectivo 25. Captar PDI e PAS con talento

### EIXE ESTRATÉGICO

### VALOR / IDENTIDADE



### AXENDA 2030



### ACCÍONS

1. Reforzar os programas de captación de PDI de alto nivel.
2. Difusión de convocatorias de contratación en plataformas nacionais e internacionais (por exemplo EURAXESS) (HRS4R).
3. Establecer procesos abertos transparentes e baseados en méritos (OTMR) na contratación do persoal investigador con cargo a proxectos (HRS4R).
4. Incentivar a asistencia e a organización de congresos para fomentar as relacións internacionais.
5. Diseñar un plan de captación e retención de talento que inclúa beneficios innovadores, acordos ao ofrecido noutras administracións públicas e empresas.
6. Reformular e/ou reducir drasticamente a duración dos procesos selectivos de acceso e de creación de listas de espera.
7. Diseñar un plan para a dotación de persoal que responda as necesidades organizativas presentes e futuras da Universidade a medio e longo prazo.
8. Diseñar unha política integral que permita unha carreira profesional real, a súa formación ao longo da vida profesional e unhas adecuadas condicións de traballo.


### INDICADORES

- Porcentaxe de financiamento destinado á captación de PDI de alto nivel.
- Número de PDI de alto nivel incorporado.
- Porcentaxe de convocatorias publicadas (EURAXESS) sobre o total.
- Porcentaxe de contratos xestionados por procesos OTMR.
- Número de axudas concedidas para a organización e a asistencia.
- Indicadores recollidos no Plan de Captación e Retención de Talento
- Ratio comparativo da duración dos novos procesos selectivos con respecto os anteriores o Plan
- Indicadores recollidos no Plan de Captación e Retención de Talento
- Indicadores recollidos no Plan de Captación e Retención de Talento

---

*Obxectivo 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria*

---



---

**AXENDA 2030**



---

**ACCIONES**

1. Fomentar a captación de estudantes con talento.
2. Incorporar o mellor persoal docente e investigador captando estudantes de doutoramento cun currículo contrastado.
3. Reforzar o programa de bolsas e defender a mellora da política das taxas e dos prezos públicos.

---

**INDICADORES**

- Estudo da procedencia das persoas egresadas na Universidade de Vigo cos mellores expedientes (análise desagregado por titulación).
- Evolución do perfil do acceso do estudantado nas titulacións de grao e de mestrado.
- Taxa de preferencia.
- Número de profesorado de nova incorporación cun premio de doutoramento.
- Número de alumnado bolseiro desagregado por financiador/programa.
- Evolución das cuantías destinadas a bolsas.
- Evolución dos prezos públicos.

*Obxectivo 27. Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade*

EIXE ESTRATÉXICO

VALOR / IDENTIDADE



AXENDA 2030



ACCIÓNS

1. Desenvolver unha política de xestión de responsabilidade social corporativa, incluíndo un compromiso cara á sustentabilidade medioambiental e vertebrando accións de voluntariado.
2. Elaborar un plan integral no marco da atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades dentro da comunidade universitaria.
3. Continuar co impulso das políticas e dos plans de igualdade da Universidade de Vigo.

INDICADORES

- Memoria de responsabilidade social corporativa da Universidade de Vigo. Análises dos indicadores dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Posicionamento nos ránkings de responsabilidade social e de transparencia.
- Plan de atención á diversidade para toda a comunidade universitaria.
- Plan de igualdade da Universidade de Vigo (incorpora indicadores específicos).

---

## Obxectivo 28. Contribuír a transformación dixital da universidade

---

### EIXE ESTRATÉGICO



### VALOR / IDENTIDADE



---

### AXENDA 2030



---

### ACCIÓNS

1. Elaborar un Plano Director TIC que alcance o análise da estrutura organizativa, o catálogo de servizos, o mapa de procesos TIC, as metodoloxías de xestión e desenvolvemento de proxectos, e o plano de formación dos técnicos de TIC.
2. Implantar un sistema de xestión dos procesos de TI

---

### INDICADORES

- Indicadores recollidos no Plano Director TIC
- Porcentaxe de servizos de TI sobre os que se aplica o modelo de xestión

## Obxectivo 29. Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo



### AXENDA 2030



### ACCÍONS

1. Establecer mellores canles de comunicación Universidade-Asociacións estudiantís integrándoas así dentro do ámbito universitario.
2. Establecer relacións entre as Asociacións e os diversos Plans de Estudos das titulacións, de xeito que se oriente ós estudantes a asociacións relacionadas cos seus intereses.
3. Dar soporte de infraestrutura ás asociacións, ofrecendo espazos acondicionados dentro da Universidade nos que poidan realizar as súas actividades.
4. Garantir unha política de subvención das actividades das asociacións que lles permita desenvolver as súas actividades, dentro do ámbito universitario, asegurando un reparto proporcional dos recursos en función á súa magnitude.
5. Mellorar a accesibilidade en período lectivo e non lectivo dos tres Campus da Universidade facilitando os desplazamentos e o acceso a centros e instalacións.
6. Aumento da realización de campañas de promoción das actividades extracurriculares do estudiantado a través de redes sociais, en diversos formatos multimedia que resulten atractivos para o estudiantado.
7. Establecer unha estratexia común de asociacionismo fomentando un intercambio de coñecementos entre grupos de interese apoiado pola Universidade, que impliquen ao sector empresarial e de investigación, sendo a Universidade un medio para mellorar ou conseguir estas relacións.

### INDICADORES

- Número de impactos en redes sociais de campañas de publicidade do asociacionismo, actividades extracurriculares e información sobre as canles de participación do estudiantado. (Ac.1, 6)
- Número de campañas de promoción

- Informe anual de recursos destinados a actividades extracurriculares do estudiantado (asociacións, cursos, delegacións e actividades formativas), instalacións empregadas, financiación e material. (Ac. 2 - 5, 7)

## Metodoloxía para a elaboración do plan estratéxico

O procedemento de elaboración do Plan estratéxico aprobado polo Claustro seguiu as seguintes fases:

- Fase 1: análise estratéxica: o responsable será o Claustro mediante o seu comité de dirección.
- Fase 2: formulación estratéxica co traballo dos comités específicos.
- Fase 3: validación.
- Fase 4: debate e aprobación polo Claustro, posteriormente polo Consello de Goberno e finalmente polo Consello Social.

O Plan estratéxico da Universidade de Vigo dirixiuno un comité de dirección nomeado polo Claustro. Este comité, presidido polo reitor, elaborou unha proposta de texto que deberá ser aprobada polos diferentes estamentos.

Para aumentar a participación dos axentes internos e externos, así como para poder cubrir en detalle os diferentes aspectos universitarios, o comité director propuxo a creación de tres grupos de traballo ou comisións específicas:

- Comisión 1: organización académica, titulacións e internacionalización
- Comisión 2: investigación, transferencia e cooperación internacional
- Comisión 3: infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade

### Composición das comisións

Cada unha destas tres comisións formárona membros do actual equipo de goberno, axentes da universidade directamente implicados (administradores/as, xefes/as de servizo, investigadores/as principais de grupos de investigación etc.), representantes do PDI, do PAS e do alumnado, representantes do Consello Social e da sociedade. Os traballos que están a facer estas comisións enviáronse ao comité de dirección para integralos dentro da proposta do plan estratéxico.

En gran medida a elaboración dun plan estratéxico é un traballo de reflexión, de autocrítica e de innovación que só se pode facer desde a propia institución e os seus grupos de interese. Non obstante, coma parte esencial deste traballo, é imprescindible o emprego de referentes externos, indicadores, informes etc. Algúns deles foron:

- Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2008-2012
- Plans estratéxicos doutras universidades nacionais
- Plans estratéxicos doutras universidades estranxeiras
- Informes da CRUE (<http://www.crue.org/SitePages/Informes-y-Posicionamientos.aspx>)
- Cifras e informes internos da Universidade de Vigo, Unidade de Análise e Programas da Universidade de Vigo (<https://bit.ly/2XQLno5>)
- Web RIS3 Xunta de Galicia ([www.ris3galicia.es](http://www.ris3galicia.es))
- Web da Axenda para o desenvolvemento sostible de Nacións Unidas (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/development-agenda/>)

## Seguimento e revisión do Plan

A Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico levará a cabo un seguimento anual do desenvolvemento e implementación das accións estratéxicas e do grado de consecución dos obxectivos contemplados no Plan.

Anualmente realízase unha avaliación do proceso de implementación do Plan Estratéxico, que consiste en facer unha apreciación sistemática sobre o Plan, a súa concepción, a súa realización e os seus resultados. A información da devandita avaliación recompílase no Informe de Seguimento do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

### Composición da Comisión de Seguimento

---

A Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico será aprobada en Consello de Goberno procurando a máxima representación dos ámbitos, os campus e os colectivos que forman a UVigo.

### Funcións da Comisión de Seguimento

---

O Consello de Goberno, xunto coa composición da Comisión de Seguimento establecerá as súas funcións as cales poderán incluír:









- A elaboración dos informes de:
  - Seguimento e Avaliación Anual, que consistirá nunha análise e revisión dos resultados a curto prazo.
  - Avaliación Intermedia que se elaborará unha superada a metade do período de validez do Plan, e que terá como obxectivo emprender as accións de axuste que fosen convenientes e dispoñer de criterios fundados cos que ordenar as medidas futuras.
  - Avaliación Final, que comprenderá o dobre obxectivo de contar cun elemento de referencia para posteriores actuacións e o de establecer unha valoración global de realización e logros.
- Propoñer directrices para a consecución dos obxectivos e establecer prioridades entre as accións previstas nos mesmos.
- Realizar a proposta de revisión ou actualización dos obxectivos, accións e indicadores cando o considere oportuno.
- Solicitar os diferentes servizos da UVigo cando sexa necesaria para realizar o correcto seguimento do Plan.







































## Tramitación do plan

- O claustro do 6 de febreiro de 2019, no seu punto 5 da orde do día aprobou o procedemento de elaboración do Plan estratéxico.
- Os traballos de realización do plan comezaron no claustro do 5 de xullo de 2019 co nomeamento dos membros do comité de dirección.
- O Claustro, o 13 de outubro de 2020, foi informado da finalización do primeiro Borrador do Plan Estratéxico e da súa posterior exposición pública para abrir un período de un mes para a achega de emendas.
- O 10 de decembro de 2020 se reuniu o Comité de Dirección do Plan Estratéxico para a revisión das emendas e a incorporación de modificacións ó Plan.
- O Claustro do 16 de decembro de 2020 debaterá sobre a Plan Estratéxico resultado e procederá a súa aprobación se procede.

## Anexo I. Vinculación dos Eixos cos Obxectivos

								
<b>Obxectivo 1.</b> Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial como en liña, en consonancia coa demanda da contorna	●	●				●	●	●
<b>Obxectivo 2.</b> Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado	●	●			●	●	●	●
<b>Obxectivo 3.</b> Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna	●			●		●	●	
<b>Obxectivo 4.</b> Establecer mecanismos de innovación docente, de calidade e de mellora continua na formación do profesorado	●	●		●		●		
<b>Obxectivo 5.</b> Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade	●			●	●	●		●
<b>Obxectivo 6.</b> Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo			●	●	●	●		●
<b>Obxectivo 7.</b> Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.	●			●		●		●
<b>Obxectivo 8.</b> Impulsar a colaboración público-privada	●	●	●		●	●		●
<b>Obxectivo 9.</b> Reforzar o liderado da Universidade de Vigo coma axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas	●	●	●			●		●
<b>Obxectivo 10.</b> Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente				●	●			●
<b>Obxectivo 11.</b> Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias				●	●	●		

<b>Obxectivo 12.</b> Reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos desde os núcleos urbanos e os campus			●	●	●			
<b>Obxectivo 13.</b> Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria			●	●	●	●	●	●
<b>Obxectivo 14.</b> Asegurar a sostibilidade financeira da universidade				●				
<b>Obxectivo 15.</b> Fortalecemento das estruturas de apoio á investigación e dos centros	●	●		●				●
<b>Obxectivo 16.</b> Mellorar o intercambio de información entre as distintas estruturas de apoio á investigación e entre estas e os investigadores e investigadoras		●		●				●
<b>Obxectivo 17.</b> Deseñar un sistema de información accesible e fiable relativo ao ámbito da investigación que apoie a toma de decisións	●	●		●				●
<b>Obxectivo 18.</b> Posicionar a Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna/rexión/rexión transfronteiriza	●	●		●		●		●
<b>Obxectivo 19.</b> Ciencia aberta	●	●		●		●		●
<b>Obxectivo 20.</b> Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade	●	●		●				●
<b>Obxectivo 21.</b> Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados	●	●		●	●	●		●
<b>Obxectivo 22.</b> Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para a elaboración de propostas multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional	●	●		●	●	●		●
<b>Obxectivo 23.</b> Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos da UVigo	●	●		●	●	●		●

<b>Obxectivo 24.</b> Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria								
<b>Obxectivo 25.</b> Captar PDI e PAS con talento								
<b>Obxectivo 26.</b> Captar estudiantado con talento								
<b>Obxectivo 27.</b> Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade								
<b>Obxectivo 28.</b> Contribuír a transformación dixital da universidade								
<b>Obxectivo 29.</b> Fomento de actividades da vida universitaria e asociacionismo								

## Anexo II. Glosario de siglas

- AAPP:** Administracións Públicas
- AD:** Axudante Doutor/a
- ASIME:** Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia
- BIDI:** Buscador de I+D+i da Universidade de Vigo
- CAI:** Centros de Apoio a Investigación
- CD:** Contratado/a Doutor
- CEP:** Confederación de Empresarios de Pontevedra
- DAFO:** Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades
- ESC:** Euraxess Service Centre
- HR (selo de excelencia):** Selo de Excelencia dentro de programa HSR4R
- HRS4R:** Human Resources Strategy for Researcher
- IISGS:** Instituto de Investigación Biomédica Galicia Sur
- MEET (programa):** Programa de mentorización do alumnado
- ODS:** Obxectivos Do Desenvolvemento Sostible
- OJS:** Open Journal System
- OPI:** Oficina de Proxectos Internacionais
- ORCID:** Open Researcher and Contribution ID
- ORI:** Oficina de Relacións Internacionais
- OTMR:** European Commission. Open Transparent and Merit Based Recruitment
- OTRI:** Oficina de transferencia e investigación
- PAS:** Persoal de Administración e Servizos
- PDI:** Persoal Docente e Investigador
- QSP:** Queixas, Suxestións e Parabéns
- RIS3:** Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia
- RPT:** Relación de Postos de Traballo
- SUG:** Sistema Universitario de Galicia
- TFG:** Traballo Fin de Grao
- TFM:** Traballo Fin de Mestrado
- TI:** Tecnoloxías da Información
- TIC:** Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- UMI:** Unidade Mixta empresa-universidade

## COMUNICADO DE IDEAS QUE SUMAN

### APUNTAMENTOS SOBRE O PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE

IqS reclamou de xeito insistente a elaboración e aplicación dun plan estratéxico da nosa institución, aspecto que, ao noso xuízo, é esencial para o bo goberno da universidade. No noso programa electoral falabamos dun plan participado, que proxectase unha visión compartida das metas ás que a Universidade de Vigo debería aspirar e dos medios requiridos para alcanzalas. Falabamos dun plan que marcasse o rumbo da institución, independentemente do equipo de goberno concreto que nun momento dado tivese a responsabilidade de exercer a acción executiva na universidade. Un instrumento que supuxese unha barreira de contención á improvisación, á arbitrariedade, ao mesianismo. O que se nos presenta atópase moi afastado do que nós consideramos o que é un plan estratéxico. O que se nos presenta é, no mellor dos casos, unha lista de boas intencións, pero non un instrumento de planificación estratéxica.

### UN PLAN DO EQUIPO DE GOBERNO, PERO NON UN PLAN COMPARTIDO DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA E DA SOCIEDADE

Segundo consta na proposta de plan estratéxico, a participación da comunidade universitaria na elaboración do mesmo é a seguinte:

- ► 46 PDI, que representan o 3,11% do colectivo. Do total de PDI, polo menos 23 –é dicir, a metade– son membros do equipo de goberno ou cargos nomeados por este.
- ► Nin consta a participación activa de equipos directivos de centros e departamentos, nin se activou o seu papel como canle de comunicación e participación cara aos seus membros. Este aspecto é especialmente relevante na medida na que limita grandemente a contribución da comunidade universitaria. Nun proxecto destas características non serve un chamamento do tipo: “/que participe quen queira, que participe todo o mundo/”. É preciso explicar a utilidade dun plan estratéxico, que fin persegue, como se elabora e por que é relevante participar nel. Se o que se quere realmente é pór en marcha UN PROCESO PARTICIPATIVO é necesario non só informar senón MOTIVAR E FORMAR.
- ► Non se fixo ningunha consulta específica aos responsables de grupos de investigación.
- ► 15 PAS, que representan o 1,8 % do colectivo. A maior parte son Xefes de Servizo ou cargos de responsabilidade. Non consta nin tan sequera a participación de todos os delegados sindicais.
- ► 5 representantes do alumnado, número que fala por si mesmo.
- ► 7 representantes da sociedade, número que tamén fala por si mesmo. Sirva como mostra que non hai representación de ningunha administración, de ningunha asociación sindical nin de axentes sociais. Só se atopa representado un número mínimo de sectores empresariais. Tampouco consta a representación de centros tecnolóxicos.

CONCLUSIÓN: ESTE É UN PLAN ESTRATÉXICO MOI LONXE DE POSUÍR UN GRAO DE PARTICIPACIÓN QUE O CONVERTA NUN PLAN COMPARTIDO. NO CASO DE SER UN PLAN ESTRATÉXICO, SERÍA O PLAN DE H2040, PERO NON O DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Este resultado é mellorable de actuar con vontade política para elaborar unha estratexia conxunta da Universidade. Para iso PRECÍSASE LIDERADO, INTENCIÓN E METODOLOXÍA que conduza a este fin. Lembremos que a ausencia de estratexia non é azarosa e pode conducir a comportamentos intencionados. NON HAI MAIOR PROTECCIÓN DA ARBITRARIEDADE QUE A AUSENCIA DE ESTRATEXIA.

Non podemos deixar de preguntarnos: Que proporción da comunidade universitaria sabe que a súa institución se atopa nun proceso de planificación estratéxica?

#### UN PLAN CON CARENCIAS SIGNIFICATIVAS NO REFERIDO AO CONTIDO

Por exemplo:

- ► O plan carece do apartado de antecedentes. Este aspecto é relevante, por canto non existe un punto de partida, avalado por datos e cifras, unha fotografía, onde estamos. Dificilmente poderemos valorar o alcance do plan estratéxico se non identificamos de onde partimos. Poderíase tomar como punto de partida unha avaliación do grao de cumprimento do Plan Estratéxico anterior (2008-2012). Podería ser unha boa base e proporcionaría coherencia institucional ao proceso.
- ► Non se achega nin un só dato ou cifra que xustifique ou avale á análise DAFO, o que resta credibilidade á mesma.
- ► O plan susténtase nun DAFO que reflicte os prexuizos do equipo de goberno: sirva como exemplo que se considera como fortaleza da institución a existencia da Unidade de Cultura Científica –valoración que compartimos– pero non se fai mención ningunha ao feito de ser Campus de Excelencia Internacional, aínda que se considere a futura Cidade do Mar unha oportunidade de futuro “/para a proxección local/”.
- ► Baséase, ademais, nun DAFO de reducida calidade, no que non só se repiten contidos (Ex. D21 e D26) senón que tamén se recollen estereotipos antigos, como cando se inclúe como oportunidade a “/calidade de vida en Galicia” (seguridade, gastronomía, turismo, clima...)/”.
- ► Chama tamén a atención o feito de que a tortura burocrática á que estamos todos sometidos non se considere unha debilidade en ningún dos apartados do plan.

#### UN PLAN QUE CARECE DE UTILIDADE POR FALTA DE CONCRECIÓN E INSTRUMENTOS DE SEGUIMENTO



A proposta do plan que se presenta NON CONTA CON NINGUNHA MEDIDA CONCRETA. En ningún momento se detallan os recursos que se asignarán ao cumprimento de cada un dos obxectivos expostos.

En ningún apartado do documento se atopan definidas as unidades responsables da execución de cada medida.

Pero o que é aínda máis grave: NON FIGURA NIN UN SÓ OBXECTIVO QUE LEVE ASOCIADO VALORES META DOS INDICADORES, única vía para verificar o cumprimento ou non das medidas do plan.

O que se está a presentar non é un plan estratéxico, senón que, no mellor dos casos, se trata dunha relación de boas intencións.

## CONCLUSIÓN

En conclusión, e independentemente do recoñecemento ao esforzo das persoas implicadas na elaboración do borrador de plan que se nos presenta, este plan NON CONTA COA PARTICIPACIÓN activa da comunidade

universitaria, NON EXPÓN OBXECTIVOS CUXO ALCANCE POIDA SER CUANTIFICABLE, NON DESCRIBE OS RECURSOS NECESARIOS para o seu cumprimento, NON IDENTIFICA RESPONSABILIDADES e, en definitiva, é máis unha relación de boas intencións que un plan estratéxico.

Este é un documento inútil para a institución.



# Memoria 2018

# Índice

**Presentación**

**Marco normativo**

**Marco conceptual e funcional**

**Expedientes tramitados**

**Otras actuaciones**

**Relacións institucionais e actividade exterior**

**Execución do orzamento**

**Comentario e reflexión final**

**Anexo I. Recomendacións**

**Anexo II. Composición do Tribunal de Garantías**

# Presentación

O artigo 143.6 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que a defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (en diante, TG). Este documento cumpre con esa obriga respecto ao ano 2018.

O informe é breve e conciso, o que non supón que resulte simple (en sentido negativo) nin tampouco escaso de contido. Todo o contrario, é o resultado da decidida aposta por unha comunicación clara, vinculada á responsabilidade e á transparencia que lle permita a quen o consulte atopar facilmente a información que busca. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e, moi especialmente, o deseño e a linguaxe visual.

O documento estrutúrase en dous grandes bloques. O primeiro (apartados 1 e 2) refírese ao marco normativo, conceptual e funcional en que se desenvolve o TG.

O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do TG entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018:

- O apartado 3 dá conta dos expedientes instruídos tras as reclamacións e as queixas das persoas integrantes da comunidade universitaria que se admitiron a trámite.
- No apartado 4 relaciónanse outras actuacións que conforman o quefacer diario do TG (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións...).
- No apartado 5 dáse conta das relacións institucionais e da actividade exterior, un ámbito de actuación que o TG está a potenciar e a coidar nos últimos anos.
- No apartado 6 réndense as contas económicas: desagregase o orzamento do que dispuxo o TG no ano 2018 e móstrase a súa execución.
- No apartado 7 reflexiónase sobre certas cuestións presentadas no informe e que requiren un comentario específico.

En canto aos anexos, no número I reflíctense as recomendacións feitas no ano 2018 e no número II exponse graficamente a composición do TG.

Espero que este exercicio de transparencia e de rendemento de contas lle resulte de interese á comunidade universitaria e contribúa a que se coñeza mellor o labor do órgano que, ata o 31 de agosto de 2019, presidía Argimiro Rojo Salgado.

Polo tanto, a memoria que se presenta ante a comunidade universitaria reflicte a actuación desenvolvida polo anterior presidente do TG, Argimiro Rojo Salgado, a quen agradezo o seu labor e dedicación durante os anos do seu mandato.

# 1. Marco normativo

O fundamento do TG é a figura do defensor/a universitario, regulada na LOU, e a do comisionado/a universitario, na LSUG.

## ● **Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades**

### **Disposición adicional 14.<sup>a</sup>**

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades do profesorado, do estudantado e do persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do **defensor/a universitario**. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e de autonomía.

### **Artigo 46.2.h**

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, o estudantado terá dereito á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos axeitados e, no seu caso, á actuación do **defensor/a universitario**.

Corresponderalles aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

## ● **Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia**

### **Artigo 90. O comisionado universitario ou a comisionada universitario**

1. De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do **comisionado/a universitario**, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios.

2. As actuacións do **comisionado/a universitario**, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e autonomía. Corresponderalles aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e de funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

# ● Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro)

## Título V. Das garantías xurídicas

### Artigo 141

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria e darlle conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

### Artigo 142

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que se lle presente, na cal se denuncie o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

### Artigo 143

1. O Tribunal de Garantías, elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente; no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a ningún mandato imperativo.

5. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente/a resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

#### **Artigo 144**

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

#### **Artigo 145**

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Esixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para cumprir os seus fins.
- b) Enviarlle informes ao Claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
- e) Propoñerlle ao Claustro un voto de censura contra o/a titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

### **● Regulamento do Tribunal de Garantías (Claustro Universitario do 10/11/2004)**

#### **Capítulo I. Disposicións xerais**

##### **Artigo 1**

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria, e a súa finalidade fundamental é contribuír ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do Claustro, e polas normas deste regulamento.

#### **Capítulo II. Competencias e garantías no exercicio do cargo**

##### **Artigo 2.**

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno.

Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

### **Artigo 3**

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou os problemas observados e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

### **Artigo 4**

A condición de membro do Tribunal de Garantías é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da universidade.

### **Artigo 5**

Todos os órganos de goberno e todos os membros da comunidade universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións que, para tal efecto, terá a consideración de autoridade, e non poderá negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e ás liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

### **Artigo 6**

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

## **Capítulo III. Procedemento das actuacións de mediación e conciliación**

### **Artigo 7**

**7.1.** Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante un escrito, no conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes das persoas solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

**7.2.** Dentro do prazo dos sete días seguintes a cando se recibise un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando unha contestación escrita na cal se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

**7.3** Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise unha contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías entenderase que a mediación foi aceptada.

### **Artigo 8**

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.



## **Artigo 9**

**9.1.** O Presidente do Tribunal de Garantías comunicarlles por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos en que as fundamentan.

**9.2.** Unha vez concluído o prazo precedente, o presidente/a do Tribunal de Garantías convocará os sectores implicados a unha sesión conxunta en que se intentará a conciliación, informará e razoará sobre as alegacións que se formulen e propondrá fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

**9.3.** As conclusións e os acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que asinará o TG e os sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

## **Capítulo IV. Procedemento na tramitación de queixas e reclamacións**

### **Artigo 10**

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre as materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais coma colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses desde que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

### **Artigo 11**

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da universidade. Na mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e achegarase a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do un dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

### **Artigo 12**

**12.1.** O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de quince días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo do informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darse traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados polas citadas queixas.

**12.2.** Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

**12.3.** O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitaralles que nun prazo de quince días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

## **Capítulo V. Nomeamentos e cesamentos**

### **Artigo 13**

O Tribunal será convocado polo seu Presidente, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, podendo convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

### **Artigo 14**

O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, debendo contar sempre coa presenza do Presidente e do secretario ou, no seu caso, os seus substitutos.

As decisións do mencionado órgano serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente dirimirá os posibles empates.

### **Artigo 15**

O Tribunal nomeará un Vicepresidente e a un Secretario de entre os seus membros.

### **Artigo 16**

Os membros do Tribunal elixiranse por un período de 4 anos, agás os representantes dos estudantes, que o serán por 2. En ambos os casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

### **Artigo 17**

No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, a maior brevidade, mediante nova elección, na forma prevista nos estatutos.

## **Capítulo VI. Apoio institucional do exercicio do cargo**

### **Artigo 18**

O Tribunal de Garantías terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e onde se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso, non se ubicará en ningún centro ou sede departamental.

### **Artigo 19**

A Universidade deberá facilitar ao Tribunal de Garantías o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

### **Artigo 20**

A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal de Garantías será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

### **Artigo 21**

A figura do Presidente do Tribunal de Garantías equipararase aos efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de Vicerreitor.

## **Capítulo VII. Disposicións finais**

### **Artigo 22**

As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

**Artigo 23**

A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal de Garantías ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderalle ao Claustro.

**Artigo 24**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, quedando derogadas todas aquelas normas que se opoñan ao presente regulamento.

## 2. Marco conceptual e funcional

A normativa reguladora do TG permite trazar o perfil deste órgano de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

■ O TG participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que os seus membros:

- Teñen plena autonomía e independencia de criterio.
- Non se suxeitan a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditarlles instrucións).
- Son titulares das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non poden ser expedientados nin sancionados polas opinións que emitan nin polos actos que realicen durante o seu mandato ao exercer as competencias propias do cargo).

■ O TG non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.

■ Tal e como se indica no artigo 141 dos Estatutos da Universidade de Vigo, na súa condición de comisionado do claustro encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria, o TG pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que intenta contribuír a melloralala. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación. Ademais, conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, e abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.

■ Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións do TG, cómpre definilo en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas que se teñen sobre el. En concreto, non se trata de:


- O TG non é**
- un órgano xurisdiccional que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable.
  - unha xestoría que coida ou promove asuntos e intereses diversos.
  - un avogado/a de oficio para atender todos os casos que se susciten.
  - un órgano executivo nin disciplinario con potestade sancionadora.


■ Para cumprir coas competencias que ten encomendadas, o TG incoa expedientes, solicita informes, realiza consultas, concerta entrevistas, media entre as partes en conflito, elabora recomendacións...


### 3. Expedientes tramitados

A actividade principal do TG é atender as queixas e as reclamacións que lle achegan os membros da comunidade universitaria. Tras unha valoración preliminar que permite determinar se concorren as circunstancias requiridas para actuar, admítense a trámite ou rexéitanse. No primeiro caso incóase un expediente e realízanse as actuacións necesarias para coñecer a fondo o asunto e intentar resolvelo.

No ano 2018 tramitáronse **33 expedientes** que se analizan deseguido desde varios puntos de vista. Así, preséntase a continuación:

 Cadro resumo de expedientes. Relaciónanse os expedientes de forma sucinta e simplemente descritiva. Seguindo a orde do seu número de referencia, asignado cun criterio cronolóxico (a data en que se acordou incoar o expediente), proporciónase a información imprescindible para coñecer as circunstancias xenéricas de cada caso. Para preservar os principios de confidencialidade, anonimato e reserva cos que sempre actúa este tribunal, dissociáronse os datos persoais, de tal xeito que non se poidan identificar as persoas que participaron en cada expediente.

 Análise segundo a temática. Os expedientes agrúpanse en función da afinidade do seu contido.

 Estatísticas. Mediante gráficos expóñense certos parámetros de interese dos expedientes: o sector ou o colectivo da comunidade universitaria ao que pertencen as persoas reclamantes, o campus en que se adscriben e o sexo das persoas que presentan a reclamación ou queixa. Este último parámetro incorpórase atendendo ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e de homes. Nela os indicadores de xénero convértense en instrumentos fundamentais para integrar de forma efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas.

O exame dos expedientes desde esta multiplicidade de perspectivas (complementarias entre si) ten como obxectivo proporcionar unha visión completa e polo miúdo das cuestións que resultaron problemáticas na Universidade de Vigo no ano 2018.

## Cadro resumo de expedientes

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
01/18	PDI	Recoñecemento de docencia	25/01/2018	26/02/2018
02/18	Alumnado	Avaliación cun exame específico	02/02/2018	26/03/2018
03/18	Alumnado	Docencia impartida por un/unha profesor/a	05/02/2018	27/03/2019
04/18	PAS	Retribucións: regulación económica do plus de responsabilidade	06/02/2018	19/06/2018
05/18	Alumnado	Revisión de exame	23/02/2018	20/03/2018
06/18	Alumnado	Cualificación dun exame	27/02/2018	08/05/2018
07/18	Alumnado	Revisión de exame	12/03/2018	08/05/2018
08/18	Alumnado	Comportamento dun estudante	12/03/2018	08/05/2018
09/18	PAS	Criterios de concesión de comisións de servizos	13/03/2018	07/05/2018
10/18	Alumnado	Revisión de exame	20/03/2018	07/05/2018
11/18	PAS	Concesións e renuncias ás comisións de servizos	23/04/2018	26/09/2018
12/18	Alumnado	Realización e cualificación dun exame	02/05/2018	31/10/2018
13/18	PDI	Resultados definitivos do programa Docencia anual 2015/2016	06/07/2018	12/04/2019
14/18	PDI	Resultados do programa Docencia	06/07/2018	12/04/2019
15/18	Alumnado	Problemas do alumnado procedente de ciclos formativos nun centro	11/07/2018	26/02/2019
16/18	Alumnado	Lectura de tese de doutoramento	13/07/2018	28/03/2019
17/18	Alumnado	Falta de organización nun mestrado	18/07/2018	27/07/2018
18/18	Alumnado	Depósito do traballo de fin de grao	18/07/2018	03/10/2018
19/18	PDI	Avaliación quinquenal de Docencia	24/07/2018	11/12/2019
20/18	Alumnado	Cualificación dunha materia	06/08/2018	07/03/2019
21/18	PDI	Solicitud de amparo por acoso laboral e profesional	06/08/2018	12/12/2018
22/18	Alumnado	Aplicación incorrecta dos criterios de avaliación da guía docente dunha materia	06/08/2018	03/10/2018
23/18	Alumnado	Aplicación incorrecta dos criterios de avaliación da guía docente dunha materia	09/08/2018	03/10/2018
24/18	Alumnado	Cualificación dunha materia	10/08/2018	16/01/2019
25/18	Alumnado	Asignación de materias optativas	07/09/2018	02/10/2018
26/18	Alumnado	Criterios de avaliación e cualificación dunhas prácticas	07/09/2018	06/11/2018
27/18	Alumnado	Revisión dun traballo de fin de grao	15/10/2018	22/01/2019
28/18	Alumnado	Convocatoria Erasmus	20/11/2018	18/12/2018
29/18	Alumnado	Negativa ao acceso aos estudos de doutoramento	03/12/2018	20/02/2019

30/18	Alumnado	Arquivo de matrícula por falta de pagamento	03/12/2018	13/02/2019
31/18	Alumnado	Cualificación dunha materia	27/11/2018	16/01/2019
32/18	Alumnado	Cualificación dunha materia	10/12/2018	05/03/2019
33/18	Alumnado	Rexeitamento dunha solicitude de matrícula fóra de prazo	13/12/2018	07/03/2019

---

## Temática dos expedientes

### Académica

---

Constitúen o grupo máis importante en termos cuantitativos (acadan a cifra de 25). Todos eles incoáronse a partir de reclamacións do colectivo de estudantes. Dentro da homoxeneidade que permite agrupalos conxuntamente, pódense considerar subgrupos en función dunha afinidade de contidos máis específica.

#### ➤ REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (9)

O artigo 18 do Regulamento de estudantes establece o procedemento para impugnar as cualificacións dunha materia. O TG é a última instancia á que se pode recorrer, aínda que esixe esgotar todas as actuacións previas: corrección co profesorado que imparte a materia, revisión por un tribunal nomeado para iso no centro e recurso de alzada perante o reitor/a. De consideralo necesario (trátase dunha potestade discrecional), o TG pode promover a convocatoria dun tribunal doutra universidade española para que avalíe o exame.

No ano 2018 tramitáronse por esta vía nove expedientes: tres relativos a materias de mestrado e seis referidos a materias de grao. Só dous destes expedientes (10 e 32) se enviaron a un tribunal externo doutra universidade e nos dous mantívose a cualificación inicial.

Dos que non se enviaron a un tribunal externo:

- Nos expedientes 5, 7, 24 e 31, unha vez recibida e analizada a documentación correspondente, non se apreciou ningún incumprimento dos principios e criterios fixados pola normativa vixente, nin ningunha vulneración dos dereitos das persoas interesadas.
- Os tres restantes (20, 22 e 23) enviáronse aos órganos de orixe para a súa resolución, xa que o alumnado non solicitaba o envío do exame a un tribunal externo, senón que consideraba inxusta a cualificación por non estar axustada aos criterios de avaliación establecidos na guía docente ou que esta contiña irregularidades ou imprecisións.

#### ➤ MÉTODOS DE AVALIACIÓN (4)

O expediente 2 incoouse tras unha reclamación por realizar a avaliación dunha materia mediante un exame específico diferente ao do resto do alumnado, sen que aparecese na plataforma dixital do centro a información segundo a cal perdera a posibilidade de avaliación continua na materia. O TG considerou que se produciu un erro no proceso de información e comunicación entre o centro e a persoa interesada, o cal prexudicou a citada persoa, polo que puxo o caso en coñecemento da Secretaría Xeral e da Vicerreitoría de Captación de Estudantes, Alumnado e Extensión Universitaria xa que entendeu que os intereses da persoa reclamante non foran debidamente atendidos.

O expediente 6 refírese á modificación dos criterios de avaliación contidos na guía docente por parte do profesorado encargado da materia. Estes cambios non supuxeron un trato discriminatorio, agravio comparativo nin prexuízo ao alumnado afectado, nin tampouco unha vulneración dos dereitos como estudante da universidade, xa que se pretendía favorecer cos ditos cambios os intereses de todo o alumnado.



O expediente 15 promoveuno un colectivo de estudantes dun centro adscrito procedente de ciclos formativos que denuncia unha falta de organización en canto á adaptación de horarios e de materias ás súas realidades que imposibilitaron, nalgúns casos, optar a unha bolsa. Tamén reflicten a realización de exames específicos e expoñen que o trato recibido polo persoal docente non era considerado. Todo o anterior púxose en coñecemento da Secretaría Xeral e da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para que, en uso das súas competencias, levaran a cabo as actuacións que considerasen pertinentes, xa que os feitos expostos puideran vulnerar os dereitos e os intereses lexítimos das persoas reclamantes.

O último expediente deste apartado (26) refírese aos criterios de avaliación e de cualificación das prácticas por parte dun/unha titor/a externo dun mestrado. Despois de diversas actuacións e de recibir os informes solicitados, indicóuselle á persoa reclamante que a valoración das prácticas se efectuou axustándose aos procedementos establecidos na normativa vixente e non se produciu ningunha vulneración dos seus dereitos.

#### ➤ **MATRÍCULA (3)**

Tramitáronse tres expedientes (25, 30 e 33) relacionados con temas de matrícula. O primeiro en relación coa asignación de materias optativas; tras a intervención da Vicerreitoría de Captación de Estudantes, Alumnado e Extensión Universitaria concedéronlle á persoa interesada as optativas da súa preferencia no período de modificación de matrícula, polo que se pechou o expediente. O expediente 30 refírese ao arquivo da matrícula por falta de pagamento debido a unha resolución tardía da solicitude dunha bolsa; coa información por parte do servizo responsable do respecto dos prazos de resolución establecidos na convocatoria da bolsa e que se deixou sen efecto o arquivo do expediente en canto se resolveu, pechouse o expediente. No último expediente, o 33, sobre o rexeitamento de solicitude de matrícula fóra de prazo, a persoa interesada dirixiuse tamén a outros órganos da universidade con capacidade para resolver, polo que se lle indicou que o TG non podería iniciar ningunha actuación ata que nos remitise unha copia das súas contestacións. Ante a falta de resposta da persoa interesada, pechouse o expediente.

#### ➤ **TRABALLO FIN DE GRAO (2)**

Recibíronse dúas reclamacións (18 e 27) en relación con traballos fin de grao (TFG).

A primeira referíase á dificultade para efectuar o depósito do TFG debido a incidencias informáticas. Despois de pórnos en contacto cos órganos competentes e tras comunicar a persoa interesada que renovou a matrícula, pechouse o expediente.

No expediente 27, a persoa reclamante solicitaba a revisión da nota do TFG. Unha vez estudados os informes solicitados ao tribunal avaliador e á comisión do TFG do centro, o TG considerou que se respectaron os procedementos establecidos pola normativa vixente, sen que se producira ningunha vulneración dos dereitos da persoa interesada, polo que se pechou o expediente.

#### ➤ **ESTUDOS DE DOUTORAMENTO (2)**

O primeiro expediente deste grupo (16) refírese aos problemas que ten a persoa reclamante para a lectura da súa tese de doutoramento. Desde o servizo competente informan da

asignación dun novo director de tese e de que se segue o procedemento establecido para a realización da citada lectura, polo que se pechou o expediente. Posteriormente, no ano 2019 a persoa interesada enviou un escrito solicitando a mediación do TG, xa que tiña problemas para fixar a data de lectura da tese de doutoramento. Despois de facer xestións coas persoas responsables dos trámites, comunicóuselle que se lle deu cumprimento ás súas pretensións, sen que se produciran máis actuacións.

O expediente número 29 trata da denegación de acceso a estudos de doutoramento porque non está claro se os estudos previos dan acceso a un programa. Despois de diversas actuacións e informes, o servizo responsable comunica a resolución favorable para os intereses da persoa reclamante.

➤ **RECOÑECIMENTO DE MATERIAS (1)**

O expediente 28 trata do recoñecemento de materias cursadas ao abeiro do programa Erasmus, xa que o convenio asinado polas persoas responsables das universidades non se correspondía coa praza que lle asignaron á persoa reclamante. Desde o servizo competente comunican a solución do problema e indican que se debeu a un erro administrativo.

➤ **ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN MESTRADO (1)**

Un conxunto de persoas reclaman a falta de organización, de criterios e de seriedade no desenvolvemento dun mestrado (expediente 17). Dado que estas persoas se dirixiron a outros órganos da universidade con capacidade de resolución, as actuacións quedaron á espera de que remitise unha copia das respostas para poder continuar. Ante a falta de actuacións por parte das persoas interesadas, pechouse o expediente.

➤ **DESENVOLVEMENTO DUN EXAME (1)**

Este expediente (12) refírese a unha reclamación na cal se expuña a desconformidade da persoa interesada coa cualificación dunha materia debido ás circunstancias anómalas ocorridas no transcurso do exame. Despois de solicitarlles un informe aos órganos competentes, comunícase a incoación dun procedemento de información reservada para aclarar as circunstancias ocorridas na realización do exame, polo que se pechou o expediente.

➤ **DOCENCIA (1)**

O expediente 3 reflicte a solicitude de amparo dunha persoa pola docencia impartida por un profesor. Tras efectuar as oportunas actuacións co fin de aclarar as circunstancias do caso, infórmase de que a cuestión suscitada por esta queixa foi obxecto dunha información reservada, polo que se pechou o expediente.

➤ **COMPORTAMENTO DO ALUMNADO (1)**

Este expediente (8) abriuse como consecuencia da presentación dun escrito por parte dun conxunto de estudantes referido ao comportamento dunha persoa dun centro. O TG dirixiuse ao órgano competente para que adoptase as medidas pertinentes en relación co citado comportamento. Pecháronse as actuacións do TG no momento en que se comunicou a apertura dun expediente disciplinario.



## Laboral

---

Este bloque refírese a expedientes abertos a partir de reclamacións relacionadas con cuestións laborais.

- **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

- **COMISIÓN DE SERVICIOS (2)**

O primeiro dos expedientes deste apartado, o número 9, está relacionado cunha reclamación sobre os criterios de concesión das comisións de servizos. O citado expediente derivou nunha recomendación dirixida á Secretaría Xeral e á Xerencia para que, en aplicación dos principios de transparencia e bo goberno, considerasen a posibilidade de regular esta cuestión, xa que o uso da discreción pode xerar malestar ou indefensión ao non estar claros os criterios seguidos nin poder garantir que sempre se apliquen os mesmos.

O expediente 11 trata da denegación da renuncia a unha comisión de servizos voluntaria. A persoa interesada solicitou o arquivo debido á reincorporación da persoa que substituíra.

- **RETRIBUCIÓN (1)**

Este expediente (9) refírese á regularización económica dun complemento retributivo. Despois de recibir o informe do órgano competente, non se apreciou ningunha ilegalidade nas actuacións levadas a cabo nin ningunha vulneración dos dereitos da persoa reclamante.

- **PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

- **RECOÑECIMENTO DE DOCENCIA (1)**

Este expediente (1) abriuse como consecuencia dunha reclamación referida á petición de recoñecemento da docencia impartida nuns centros da Universidade de Vigo. Logo do inicio do expediente, a persoa interesada enviou un escrito desistindo do dito expediente, polo que se pechou.

- **AVALIACIÓN QUINQUENAL (3)**

A este bloque pertencen os expedientes número 13, 14 e 19. Nos dous primeiros, as persoas interesadas reclaman os resultados do programa Docentia anual polas deficiencias producidas no proceso de avaliación. O TG solicitoulles un informe aos órganos competentes e estendéronse as actuacións ao ano 2019. En 2019, unha vez recibidos os informes solicitados, comunícaselles ás persoas interesadas que se está a facer un estudo para modificar o programa, para o que se están a ter en conta os escritos remitidos polo tribunal. Tras esta comunicación, pecháronse os expedientes.




O último expediente (19) refírese a unha queixa sobre a avaliación quinquenal Docentia na que se solicita a súa revisión e unha nova avaliación debido a que existen indicios de feitos que puidesen ser constitutivos de abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia e omisión na actuación da comisión de avaliación da actividade docente. Solicitáronselles informes aos órganos competentes que, unha vez recibidos, se trasladaron á persoa reclamante, quen

manifestou non estar de acordo co seu contido. No ano 2019 solicitáronse novos informes, trasladáronselle á persoa interesada e pechouse o expediente. Posteriormente, esta manifestou o seu desacordo coa resposta recibida e instou a reapertura do expediente, polo que se solicitaron novos informes que, unha vez recibidos, se lle comunicaron á persoa interesada. Neste punto remataron as actuacións do TG.

➤ **SOLICITUDE DE AMPARO (1)**

A persoa interesada neste expediente (21) solicita amparo ao TG por uns feitos derivados da docencia dunha materia. Tras efectuar as oportunas actuacións e analizar a documentación relacionada co caso, non se observaron irregularidades no desenvolvemento da materia e non se puido promover a actuación do TG dado que algúns dos feitos relatados pola persoa interesada forman parte dun expediente disciplinario. Polo tanto, déronse por concluídas as actuacións e pechouse o expediente.

## Cadros estatísticos



## 4. Outras actuacións

Ademais de tramitar expedientes, o TG desenvolve outras actividades, como as de mediación e conciliación, contestación a consultas e peticións de información que levaron a entrevistas telefónicas ou persoais, así como a respostas escritas que, en ocasións, levaron á emisión de recomendacións e de propostas dirixidas a diversas instancias da universidade.

### ● Consultas

Tiveron unha dobre dirección. Por unha banda, co defensor como suxeito activo, ao promovelas nos procesos de tramitación e de resolución dos expedientes para coñecer o parecer dos distintos actores implicados ou que, dalgún xeito, se relacionaban con eles. A maioría destas consultas foron telefónicas, pero houbo algunhas que tiveron carácter presencial porque a parte consultada así o solicitaba.

Nun segundo tipo de consultas o defensor actuou como suxeito receptor, ao que se recorreu para aclarar cuestións e resolver dúbidas. A maior parte delas proviñan do alumnado e tiveron carácter académico. Atendéronse por teléfono ou presencialmente (na maioría dos casos), en función do requirimento e das preferencias da persoa solicitante. Nalgúns casos concretáronse posteriormente na presentación dunha reclamación ou queixa e na subseguinte apertura dun expediente.

### ● Entrevistas

O defensor mantivo un número significativo de reunións e de encontros, na maioría dos casos co alumnado, pero tamén co profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores/as de centro, decanos/as etc. En determinadas ocasións, sempre que as circunstancias o aconsellaron, outros membros do TG participaron nas entrevistas. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e a activar un procedemento que permitise mediar e xestionar algún conflito; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

### ● Mediación e conciliación

Son actuacións realizadas tras a petición expresa dun membro ou colectivo da comunidade universitaria. A experiencia dos últimos anos mostra que se prefire unha mediación de carácter informal, afastada do protocolo e do procedemento formalista que se regula no capítulo III do Regulamento do TG. Os resultados acadados son, de xeito xeral, moi satisfactorios, ao permitir desactivar ou previr conflitos.

## ● Recomendacións e propostas

Algunhas das reclamacións e das queixas que motivaron a apertura dun expediente levaron asociada outra actuación que resulta moi característica das defensorías universitarias: trátase das recomendacións, unhas propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións detectadas no funcionamento ordinario da universidade e que afectan os dereitos das persoas integrantes.

O TG fixo en 2018 tres recomendacións, que partiron de reclamacións de todos os colectivos universitarios: PDI, PAS e estudantes, referidas a certos aspectos da normativa reguladora que se lles aplica ou á falta ou mala difusión desta e que, a xuízo do TG, podería mellorarse para evitar lesionar os seus dereitos e intereses lexítimos.

### Recomendacións do TG no ano 2018

RECOMENDACIÓN	ÓRGANO/SERVIZO DESTINATARIO	CONTIDO
2018/1	Secretaría Xeral/Decanato Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Necesidade de adaptar ou de modificar a normativa dos órganos colexiados da universidade para posibilitar que consten en acta as intervencións literais dos membros da comunidade universitaria no transcurso das reunións dos citados órganos.
2018/2	Secretaría Xeral/Xerencia	Proposta de regular a concesión das comisións de servizos voluntarias do persoal de administración e servizos, en aplicación dos principios de transparencia e bo goberno.
2018/3	Secretaría Xeral	Procedemento de presentación de documentación na plataforma virtual.

## 5. Relacións institucionais e actividade exterior

Nos últimos anos, o TG está a prestar especial atención ás relacións institucionais e á actividade exterior, xa que un dos seus obxectivos prioritarios é contribuír a reforzar a cooperación das defensorías en todos os seus ámbitos (autonómico, estatal, europeo, iberoamericano e global). Na busca desas sinerxías, incorporouse a distintas organizacións nacionais e internacionais nas cales mantén unha activa presenza.



### ■ Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU)

O TG é membro fundador desta organización, creada o 26 de outubro de 2007, e que agrupa máis de setenta defensorías universitarias. A CEDU constitúese como o principal axente dinamizador no ámbito estatal deste colectivo ao promover diversas iniciativas, algunhas xa plenamente consolidadas e cunha periodicidade fixa, e outras de carácter conxuntural, asociadas a acontecementos concretos ou ligados á actualidade.

No ano 2018 tivo lugar o XXI encontro estatal os días 17, 18 e 19 de outubro en León, organizado pola Universidad de León, no cal se trataron os seguintes temas: «O medo ante a presentación dunha queixa: posibles consecuencias pola ausencia de confidencialidade», «A relación institucional das defensorías cos servizos de inspección universitarios», «O defensor do pobo e os seus homólogos autonómicos» e «A imaxe pública da universidade».

Tamén se realizou en Salamanca unha xornada técnica o 11 de maio, organizada pola Universidad de Salamanca, sobre «Protección de datos persoais: principios, novidades normativas e a súa repercusión no ámbito universitario».





### ■ Red de Organismos Defensores de los Derechos Universitarios (REDDU)

Creouse en 2005 a partir da integración de universidades mexicanas (asociados regulares), aínda que tamén admite defensores/as doutros países europeos, americanos e latinoamericanos, que se integran como asociados honorarios (o TG ten tal condición), asociados asimilados e observadores. É a organización máis activa na área latinoamericana, polo que constitúe un valioso enlace para comunicarse cos defensores/as de toda a rexión.

### ■ European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)

Creouse en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam, e está aberta especialmente a todas as defensorías universitarias de Europa, pero da que tamén poden formar parte outras defensorías non europeas. O seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias, e fortalecer a institución para mellorar o goberno dos sistemas universitarios. O TG participa regularmente nos encontros anuais que se convocan desde hai unha década para debater temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do espazo europeo de educación superior. Na xuntanza celebrada en xuño de 2017 na cidade austríaca de Salzburgo, o defensor da Universidade de Vigo presentou un relatorio en que analizaba as diferenzas entre o modelo de defensoría universitaria en España e o modelo predominante no resto de Europa (en especial no ámbito anglosaxón).

### ■ Rede de Defensores Universitarios de Galicia (Reduga)

Creouse en 2013 para potenciar as relacións entre as tres defensorías universitarias galegas. Os seus titulares tiveron frecuentes encontros durante o ano 2018 para tratar os asuntos que afectaban o conxunto do sistema universitario de Galicia e reuníronse en varias ocasións coa valedora do pobo. A Reduga mantén unha comunicación fluída e un permanente contacto con este órgano, sobre todo tras o convenio de colaboración asinado en maio de 2014.

## ■ Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIdDU)

En xuño de 2015, nun encontro bilateral na Universidad Politécnica de Madrid, entre representantes da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU) e da Red de Defensores y Procuradores Universitarios de México (REDDU), acordouse sentar as bases para crear e impulsar unha rede iberoamericana de defensorías universitarias. A fin de coordinar os citados traballos e continuar co proceso constituínte iniciado, créase en 2017 unha comisión de coordinación integrada por titulares de defensorías de distintos países, da que formou parte o presidente do TG.

No ano 2018 tivo lugar o I Encuentro de la Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias, encontro fundacional que tivo lugar na Universidade de Córdoba (Arxentina) entre os días 12 e 14 de setembro, e no que o presidente do TG foi nomeado o seu primeiro coordinador.

## 6. Execución do orzamento


O TG dispón dunha dotación orzamentaria específica para xestionar os seus créditos de gasto. No exercicio 2018 tivo un orzamento de 24.000 €, distribuídos segundo se indica na táboa. Incorporárase unha columna á dereita para especificar a contía dos gastos realizados en cada unha das clasificacións económicas dotadas.

<b>Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S</b>							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
			<b>CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>				
22			Material subministración e outros		16.000 €		367,20 €
	226		Gastos diversos		16.000 €		367,20 €
		226.01	Atencións protocolarias	4.000 €			118,00 €
		226.02	Publicidade e propaganda	3.000 €			0,00 €
		226.09	Cotas de organismos	1.200 €			225,00 €
		226.99	Outros gastos	3.800 €			24,20 €
23			Indemnización por razón de servizos		8.000 €		5.153,61 €
	230		Axudas de custo e locomoción		8.000 €		5.153,61 €
			Total capítulo II		24.000 €		5.520,81 €
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>		<b>24.000 €</b>		<b>5.520,81 €</b>
			<b>REMANENTE</b>				<b>18.479,19 €</b>

## 7. Comentario e reflexión final

No ano 2018 produciuse un lixeiro descenso do número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior (33 en 2018 e 36 en 2017). Este feito pode considerarse totalmente normal e non debe causar alarma se consideramos as cifras rexistradas nos últimos anos, que se mantiveron sempre por riba do medio centenar. En termos comparativos globais, este número vén confirmar unha tendencia á baixa no número de reclamacións iniciadas no ano 2014, e que nos afasta da cifra récord de 66 expedientes acadada no ano 2013.

### Expedientes tramitados no mandato



No que atinxe á distribución por sectores, advírtese de que a maioría dos expedientes e dos asuntos tratados están referidos ao alumnado (76 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (15 %) e polo persoal de administración e servizos (9 %).

Na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, aínda que este ano se acentúa máis a diferenza. Constátase, neste senso, un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (79 %), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense (15 %) e de Pontevedra (6 %).

Na división por sexos apréciase unha porcentaxe igual entre o colectivo masculino en relación co feminino (un 45 %). O 9 % restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ambos os sexos.

Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no **sector do alumnado** están relacionados, en primeiro lugar, con reclamacións en relación coa revisión de cualificacións de materias de grao e tamén de posgrao.

O segundo motivo de queixa vén motivado pola desconformidade cos métodos de avaliación, coa modificación dos criterios de avaliación contidos nas guías docentes, coa realización de exames específicos, coa organización de horarios e materias e cos criterios de avaliación e cualificación das prácticas.

Tamén se presentaron reclamacións relacionadas con temas de matrícula, como a asignación de materias optativas, o arquivo por falta de pagamento das taxas e o rexeitamento da solicitude de matrícula fóra de prazo.

Outros motivos de queixa están relacionados co depósito e coa cualificación do traballo de fin de grao, cos estudos de doutoramento pola dificultade para ler a tese de doutoramento e pola denegación de acceso a estes estudos. Tamén se trataron temas de recoñecemento de materias cursadas ao abeiro do programa Erasmus.

Ademais, abríronse expedientes en relación coa organización e co desenvolvemento dun mestrado, con circunstancias anómalas ocorridas no transcurso dun exame, recibíuse a solicitude de amparo pola docencia impartida nunha materia e, por último, polo comportamento inadecuado por parte do alumnado.

Respecto ao **persoal de administración e servizos (PAS)**, as reclamacións refírense a cuestións relacionadas cos criterios de concesión das comisións de servizos e coa regularización de retribucións.

Respecto ao **sector do persoal docente e investigador (PDI)**, os motivos das súas reclamacións están relacionados cos procesos de avaliación quinquenal, polo recoñecemento de docencia e por feitos derivados da docencia nunha materia.

Outra actuación con especial incidencia no ano 2018 é a relacionada coas **recomendacións e coas propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou das queixas presentadas coma das iniciativas promovidas polo propio tribunal. Centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade: normativa dos órganos colexiados da universidade para posibilitar que consten en acta as intervencións literais dos membros da comunidade universitaria, regulación da concesión das comisións de servizos voluntarias do persoal de administración e servizos e procedemento de presentación de documentación na plataforma virtual.

# Anexo I. Recomendacións

## 1. Recomendación relativa á necesidade de adaptar ou de modificar a normativa dos órganos colexiados da universidade para poder facer constar en acta as intervencións literais dos membros da comunidade universitaria no transcurso das reunións dos citados órganos

### Dirixida ao centro

Como consecuencia de recibir no TG unha queixa presentada por un profesor dese centro, na que solicitaba amparo ante a negativa a incluír a súa intervención literal nas actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Facultade, este tribunal, tras analizar o contido da citada reclamación, así como as circunstancias que concorren na mesma, acorda facer a seguinte

#### RECOMENDACIÓN

Posto que o Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte non recolle a posibilidade de recoller e facer constar en acta a intervención literal dos seus membros participantes, e con dereito a voz e a voto, nas reunións do devandito órgano colexiado mediante a entrega dun texto que conteña o contido íntegro da citada intervención; dado que, ademais, esta previsión tampouco se considera na Lei 40/2015 (que sería de aplicación supletoria), e que si estaba contida na Lei 30/1992; posto que tamén o contido da queixa presentada constitúe unha pretensión lexítima da persoa reclamante, e garda unha relación directa cos principios de transparencia e bo goberno que han de rexer o funcionamento de todo o sistema universitario; este TG insta a ese decanato a que modifique a correspondente normativa coa finalidade de poder incorporar e facer constar na acta das reunións a transcripción íntegra dunha intervención ou proposta, tras a correspondente solicitude de incorporación do texto en cuestión.

Informámolo/a de que esta mesma recomendación se dirixiu á Secretaría Xeral desta universidade para que, con carácter xeral, se ocupe de levar a cabo as actuacións pertinentes en relación coa solución da cuestión suscitada.

### Dirixida á Secretaría Xeral

Como consecuencia de recibir no TG unha queixa presentada por un profesor desta universidade, na que solicitaba amparo ante a negativa a incluír a súa intervención literal nas actas correspondente ás sesións ordinarias da Xunta de Facultade do seu centro, este tribunal, tras analizar o contido da citada reclamación, así como as circunstancias que concorren na mesma, acorda facer a seguinte

#### RECOMENDACIÓN

Posto que o regulamento de réxime interno dalgúns órganos colexiados desta universidade non ten en conta a posibilidade de recoller e de facer constar en acta a intervención literal dos membros participantes, e con dereito a voz e a voto, nas reunións dos ditos órganos mediante

a entrega dun texto que conteña o contido íntegro da citada intervención; dado que, ademais, esta previsión tampouco se recolle na Lei 40/2015 (que sería de aplicación supletoria), e que si estaba contida na Lei 30/1992; posto que tamén o contido da queixa presentada constitúe unha pretensión lexítima da persoa reclamante, e garda unha relación directa cos principios de transparencia e bo goberno que han de rexer o funcionamento de todo o sistema universitario; este TG insta a esa Secretaría Xeral a que considere a conveniencia de establecer procedementos axeitados, a fin de que cando no regulamento de réxime interno dos centros (ou doutros órganos colexiados desta universidade) non estea previsto, se modifique a correspondente normativa que permita incorporar e facer constar na acta das reunións a transcripción íntegra dunha intervención ou proposta, tras a correspondente solicitude de incorporación do texto en cuestión.

## **2. Recomendación sobre a regulación da concesión das comisións de servizos voluntarios do persoal de administración e servizos**

Esta recomendación dirixiuse á Secretaría Xeral e á Xerencia para que, en aplicación dos principios de transparencia e bo goberno, considerasen a necesidade de regular esta cuestión, xa que o uso da discreción na concesión das comisións de servizos pode xerar malestar ou indefensión ao non estar claros os criterios seguidos nin poder garantir que sempre se apliquen os mesmos e coa mesma intensidade.

## **3. Recomendación relativa ao procedemento de presentación de documentación na plataforma virtual**

No TG tívose coñecemento, como consecuencia de queixas e peticións de amparo recibidas, dunha problemática existente en relación co procedemento de presentación de documentación (os TFG, por exemplo) na plataforma virtual da UVigo.

En concreto, alúdese á:

- Falta de claridade nas indicacións subministradas ao alumnado da hora límite para subir os TFG á plataforma virtual. Non está claro se, na data límite de entrega, o prazo termina á hora de peche do rexistro ou ao remate do día, isto é, ás 00.00 horas.
- Existencia de erros na plataforma virtual que, en ocasións, imposibilitan subir a documentación.
- Inexistencia de información sobre a axuda informática que presta a UVigo ao alumnado nestes casos, se é que existe. O alumnado non dispón, ou non parece coñecer a existencia, dun número telefónico ao que chamar no caso de atoparse con problemas na plataforma.

Non fai falla dicir os inconvenientes que estas situacións poden crear, xa que o depósito do TFG en prazo e forma é un requisito imprescindible para poder titularse. Nun dos casos que deu orixe a este escrito, a persoa reclamante tivo que esperar varios meses para rematar o seu grao debido ás dificultades que atopou o derradeiro día para depositar de forma telemática o seu TFG e a ausencia de axuda recibida.

O problema mencionado non se limita, non obstante, ao depósito dos TFG ou TFM, senón que abrangue toda unha serie de situacións (cada vez máis frecuentes), onde a única maneira de presentar a documentación requirida pola UVigo é a través da súa plataforma virtual.

En relación con esta problemática, o TG considera que é necesario que a Secretaría Xeral leve a cabo as actuacións que correspondan para solucionarlas. Neste sentido, recomenda que en todas as instrucións/normativas relativas á presentación virtual de documentación se indique, expresamente, non só a data senón tamén a hora límite para facelo. Ademais, a Universidade de Vigo debe ofrecer, ata a citada hora, unha canle aberta cos servizos informáticos (ben telefónico, ben outro medio) para que os usuarios/as poidan solucionar os problemas que xurdan coa plataforma. A información sobre a dita canle de axuda debería estar claramente recollida na propia plataforma. Obviamente, a hora límite de entrega da documentación debería determinarse tendo en conta todo anterior, de maneira que se garanta a axuda informática ata a devandita hora.



## Anexo II. Composición do Tribunal de Garantías



**TRIBUNAL DE GARANTÍAS**  
Edificio Filomena Dato  
2.º andar  
As Lagoas, Marcosende, s/n  
36310 Vigo  
986 813 829 / 986 813 830  
tgarant@uvigo.gal  
www.uvigo.gal



# Memoria 2019

# Índice

**Presentación**

**Marco normativo**

**Marco conceptual e funcional**

**Expedientes tramitados**

**Otras actuacións**

**Relacións institucionais e actividade exterior**

**Execución do orzamento**

**Aniversario do Tribunal de Garantías**

**Comentario e reflexión final**

**Anexo I. Recomendacións**

**Anexo II. Composición do Tribunal de Garantías**

# Presentación

O artigo 143.6 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que o defensor/a universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (en diante, TG). Este documento cumpre con esa obriga respecto ao ano 2019.

Coma en anos anteriores, o informe intenta ser conciso e claro co obxecto de dar resposta axeitada á obriga de transparencia, facilitando a consulta de toda a actividade desenvolvida por este órgano da universidade. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e moi especialmente o deseño e a linguaxe visual.

O documento estrutúrase en dous grandes bloques. O primeiro (apartados 1 e 2) refírese ao marco normativo, conceptual e funcional en que se desenvolve o TG.

O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do TG entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019:

- O apartado 3 dá conta dos expedientes instruídos tras as reclamacións e as queixas dos e das integrantes da comunidade universitaria que se admitiron a trámite.
- No apartado 4 relaciónanse esoutras actuacións que conforman o quefacer diario do TG (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións...).
- No apartado 5 dáse conta das relacións institucionais e da actividade exterior, un ámbito de actuación que o TG está a potenciar e a coidar nos últimos anos.
- No apartado 6 réndense as contas económicas: desagregase o orzamento do que dispuxo o TG no ano 2019 e móstrase a súa execución.
- No apartado 7 reflíctense as actuacións realizadas para conmemorar o vinte aniversario do TG.
- No apartado 8 reflexiónase sobre certas cuestións presentadas no informe e que requiren un comentario específico.

En canto aos anexos, no anexo I reflíctense as recomendacións feitas no ano 2019 e no número II expónse graficamente a composición do TG.

Espero que este exercicio de transparencia e de rendemento de contas lle resulte de interese á comunidade universitaria e contribúa a que se coñeza mellor o labor do órgano que presido.

Neste caso, teño que manifestar que se trata dunha memoria que reflicte a actuación desenvolvida polo anterior presidente do Tribunal de Garantías, Argimiro Rojo Salgado, a quen agradezo o seu labor e dedicación durante os anos do seu mandato. Ata a data da súa xubilación, o 31 de agosto de 2019, farase referencia á actuación de Argimiro Rojo Salgado e desde o 15 de outubro de 2019 plasmarase a actuación desenvolvida por min como valedora. É importante salientar que desde a entrada en vigor dos novos estatutos da Universidade de Vigo, o 23 de febreiro do 2019, o TG é substituído por un órgano unipersoal, o/a Valedor/a Universitario/a (en diante, VU). Débese ter en conta, a maiores, que desde o 29 de xullo de

2019 o TG non puido actuar á vista da falta de quórum dos seus membros. Estas incidencias teñen unha clara repercusión nos datos que se reflicten nesta memoria.

# 1. Marco normativo

O fundamento do Tribunal de Garantías é a figura do defensor/a universitario, regulada na LOU, e a do comisionado/a universitario, na LSUG

## ● Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades

### Disposición adicional 14.<sup>a</sup>

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades do profesorado, do estudantado e do persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do **defensor/a universitario**. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e de autonomía.

### Artigo 46.2.h

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, o estudantado terá dereito á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos axeitados e, no seu caso, á actuación do **defensor/a universitario**.

Corresponderalles aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

## ● Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia

### Artigo 90. O comisionado ou comisionada universitario

1. De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do **comisionado/a universitario**, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios.

2. As actuacións do **comisionado/a universitario**, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e de autonomía. Corresponderalles aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e de funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

# ● Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro)

## Título V. Das garantías xurídicas

### Artigo 141

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria e darlle conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

### Artigo 142

O TG está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que se lle presente, na cal se denuncie o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

### Artigo 143

1. O Tribunal de Garantías, elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente; no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a ningún mandato imperativo.

5. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente/a resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.



#### **Artigo 144**

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

#### **Artigo 145**

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Esixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para cumprir os seus fins.
- b) Enviarlle informes ao Claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
- e) Propoñerlle ao Claustro un voto de censura contra o/a titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

### **● Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro)**

#### **TÍTULO II. Comunidade universitaria**

##### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

##### **Sección 4.<sup>a</sup> Valedora ou Valedor Universitario**

#### **Artigo 58. Disposicións xerais**

1. O Valedor Universitario é o órgano especificamente encargado de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e dos servizos universitarios.
2. As súas actuacións non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e de autonomía.
3. A condición de valedora ou valedor universitario será incompatible co desempeño de calquera cargo de goberno ou de representación da universidade.

4. A universidade dotarao dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións.

5. A valedora ou valedor universitario contará cunha comisión asesora para desenvolver as súas funcións, con participación de todos os sectores da comunidade universitaria.

6. A figura da valedora ou valedor universitario rexerese polas normas xerais aplicables, por estes estatutos e polo regulamento que, en desenvolvemento deles, aprobe o claustro.

#### **Artigo 59. Elección e cesamento**

1. Poderá ser elixido valedora ou valedor universitario calquera profesional da Universidade de Vigo con vinculación permanente que, a xuízo do Claustro Universitario, conte co aval do seu prestixio persoal e profesional.

2. O claustro elixirá a valedora ou valedor universitario por un período de seis anos, sen posibilidade de reelección consecutiva. Será elixida a candidatura que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do claustro. Se ninguén obtén esa maioría na primeira volta, repetirase a votación entre as dúas persoas máis votadas, e elixirase a candidatura que obteña dúas terceiras partes de votos favorables dos membros presentes. Unha vez elixida polo claustro, será nomeada pola reitora ou reitor.

3. A valedora ou valedor universitario poderá ser cesado por proposta de, polo menos, o 20 % dos e das claustrais, o seu cesamento requirirá da maioría absoluta dos membros do claustro.

#### **Artigo 60. Réxime de funcionamento**

1. A valedora ou valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en relación coas solicitudes, queixas, suxestións e observacións que sexan susceptibles de necesitar o seu amparo, formuladas por calquera membro da comunidade universitaria. A valedora ou valedor universitario rexeitará aquelas sobre as cales non se esgotasen todas as instancias previstas pola lexislación universitaria aplicable, e indicará os procedementos adecuados.

2. A valedora ou valedor universitario solicitará e recibirá información dos órganos de goberno, representación e administración da universidade, aos que afecten as solicitudes, queixas, suxestións ou observacións realizadas. Todos os membros da comunidade universitaria están obrigados a proporcionar os datos e as informacións solicitadas pola valedora ou valedor universitario no exercicio das súas funcións.

Os informes da valedora ou valedor universitario poderán servir de motivación para iniciar os procedementos de revisión de oficio que eventualmente resulten oportunos.

# ● **Reglamento do Tribunal de Garantías (claustro universitario do 10/11/2004)**

## **Capítulo I. Disposicións xerais**

### **Artigo 1**

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria, e a súa finalidade fundamental é contribuír ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerese pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do Claustro, e polas normas deste regulamento.

## **Capítulo II. Competencias e garantías no exercicio do cargo**

### **Artigo 2**

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

### **Artigo 3**

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou os problemas observados e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

### **Artigo 4**

A condición de membro do TG é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersonal de goberno da universidade.

### **Artigo 5**

Todos os órganos de goberno e todos os membros da comunidade universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións que, para tal efecto, terá a consideración de autoridade, e non poderá negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e ás liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

### **Artigo 6**

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

## **Capítulo III. Procedemento das actuacións de mediación e de conciliación**

### **Artigo 7**

**7.1.** Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante un escrito, no conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes das persoas solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

**7.2.** Dentro do prazo dos sete días seguintes a cando se recibise un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando unha contestación escrita na cal se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

**7.3** Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise unha contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías entenderase que a mediación foi aceptada.

### **Artigo 8**

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

### **Artigo 9**

**9.1.** O Presidente do Tribunal de Garantías comunicaralles por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos en que as fundamentan.

**9.2.** Unha vez concluído o prazo precedente, o presidente/a do Tribunal de Garantías convocará os sectores implicados a unha sesión conxunta en que se intentará a conciliación, informará e razoará sobre as alegacións que se formulen e propondrá fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

**9.3.** As conclusións e os acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que asinará o TG e os sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

## **Capítulo IV. Procedemento na tramitación de queixas e de reclamacións**

### **Artigo 10**

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre as materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais coma colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses desde que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

### **Artigo 11**

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da universidade. Na mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e achegarase a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do un dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

## **Artigo 12**

**12.1.** O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de quince días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo do informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darse traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados polas citadas queixas.

**12.2.** Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

**12.3.** O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitaralles que nun prazo de quince días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

## **Capítulo V. Nomeamentos e cesamentos**

### **Artigo 13**

O Tribunal será convocado polo seu Presidente, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, podendo convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

### **Artigo 14**

O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, debendo contar sempre coa presenza do Presidente e do secretario ou, no seu caso, os seus substitutos.

As decisións do mencionado órgano serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente dirimirá os posibles empates.

### **Artigo 15**

O Tribunal nomeará un Vicepresidente e a un Secretario de entre os seus membros.

### **Artigo 16**

Os membros do Tribunal elixiranse por un período de 4 anos, agás os representantes dos estudantes, que o serán por 2. En ambos os casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

### **Artigo 17**

No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, a maior brevidade, mediante nova elección, na forma prevista nos estatutos.

## **Capítulo VI. Apoio institucional do exercicio do cargo**

### **Artigo 18**

O Tribunal de Garantías terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e onde se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso, non se ubicará en ningún centro ou sede departamental.

**Artigo 19**

A Universidade deberá facilitar ao Tribunal de Garantías o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

**Artigo 20**

A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal de Garantías será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

**Artigo 21**

A figura do Presidente do Tribunal de Garantías equipararase aos efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de Vicerreitor.

**Capítulo VII. Disposicións finais****Artigo 22**

As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

**Artigo 23**

A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal de Garantías ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderalle ao Claustro.

**Artigo 24**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, quedando derogadas todas aquelas normas que se opoñan ao presente regulamento.

## 2. Marco conceptual e funcional

A normativa reguladora do TG e do posterior VU permite trazar o perfil deste órgano: unha institución de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

■ O TG participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que os seus membros:

- Teñen plena autonomía e independencia de criterio.
- Non se suxeitan a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditarlles instrucións).
- Son titulares das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non poden ser expedientados nin sancionados polas opinións que emitan nin polos actos que realicen durante o seu mandato ao exercer as competencias propias do cargo).

■ O TG non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.

■ Tal e como se indica no artigo 141 dos Estatutos da Universidade de Vigo, na súa condición de comisionado do claustro encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria, o TG pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralala. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.

■ Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións do TG, cómpre definilo en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas que se teñen sobre el.

**O TG non é**

- un órgano xurisdiccional, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable.
- unha xestoría que coida ou promove asuntos e intereses diversos.
- un avogado/a de oficio para atender todos os casos que se susciten.
- un órgano executivo nin disciplinario con potestade sancionadora.

■ Para cumprir coas competencias que ten encomendadas, o TG incoa expedientes, solicita informes, realiza consultas, concerta entrevistas, media entre as partes en conflito, elabora recomendacións...


■ Debe terse en conta que desde a aprobación e a entrada en vigor dos novos Estatutos da Universidade de Vigo, o día 23 de febreiro do 2019, o TG deixou de ser un órgano colexiado para converterse nun órgano unipersoal; deste xeito equipárase ao que é habitual nas universidades españolas. Este cambio non supón ningunha alteración da natureza do órgano encargado da defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria nin das súas funcións.





### 3. Expedientes tramitados

A actividade principal do TG/VU é atender as queixas e as reclamacións que lle achegan os membros da comunidade universitaria. Tras unha valoración preliminar que permite determinar se concorren as circunstancias requiridas para actuar de acordo co previsto na normativa vixente de aplicación, admítense a trámite ou rexéitanse. No primeiro caso incóase un expediente e realízanse as actuacións necesarias para coñecer a fondo o asunto e tentar resolvelo.

No ano 2019 tramitáronse **23 expedientes** que se analizan a continuación desde varios puntos de vista.

 Cadro resumo de expedientes: relaciónanse os expedientes de forma sucinta e descritiva. Seguindo a orde do seu número de referencia, que se asigna cun criterio cronolóxico (a data en que se acordou incoar o expediente), proporciónase a información imprescindible para coñecer as circunstancias xenéricas de cada caso. Para preservar os principios de confidencialidade, anonimato e reserva cos que sempre actúa este tribunal, dissociáronse os datos persoais, de tal xeito que non se poidan identificar as persoas que participaron en cada expediente.

 Análise segundo a temática. Os expedientes agrúpanse en función da afinidade do seu contido.

 Estatísticas. Mediante gráficos expóñense certos parámetros de interese dos expedientes: o sector ou o colectivo da comunidade universitaria ao que pertencen as persoas reclamantes, o campus en que se adscriben e o sexo das persoas que presentan a reclamación ou a queixa. Este último parámetro incorpórase atendendo ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. Nela os indicadores de xénero convértense en instrumentos fundamentais para integrar de forma efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas.

O exame dos expedientes desde esta multiplicidade de perspectivas (complementarias entre si) ten como obxectivo proporcionar unha visión completa e polo miúdo das cuestións que resultaron problemáticas na Universidade de Vigo no ano 2019.

O TG tramitou e resolveu sete expedientes, mestres que a VU continuou a tramitación dos expedientes abertos polo TG e resolveu os mesmos (catro expedientes); a maiores, abriu e tramitou doce expedientes ata a súa resolución.

## Cadro resumo de expedientes

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
01/19	Alumnado	Devolución de prezos públicos/anulación de matrícula	21/01/2019	15/07/2019
02/19	Alumnado	Cualificacións	31/01/2019	15/07/2019
03/19	Alumnado	Avaliación por compensación	01/02/2019	14/06/2019
04/19	Alumnado	Avaliación por compensación	28/02/2019	14/06/2019
05/19	Alumnado	Revisión de exame (tribunal externo)	05/04/2019	02/08/2019
06/19	Alumnado	Cualificación de exame (tribunal externo)	17/06/2019	23/10/2019
07/19	Alumnado	Falta de cualificación na primeira convocatoria de exame	07/06/2019	29/07/2019
08/19	Alumnado	Irregularidades na docencia dun mestrado	28/06/2019	05/12/2019
09/19	Alumnado	Cualificación do Prácticum	05/07/2019	07/11/2019
10/19	Alumnado	Irregularidades na realización dun exame	10/07/2019	16/12/2019
11/19	Alumnado	Métodos de avaliación	11/07/2019	23/07/2019
12/19	PDI	Convocatoria de listaxes de agarda	17/07/2019	11/12/2019
13/19	Alumnado	Revisión da nota do TFG	22/07/2019	22/01/2020
14/19	Alumnado	Bolsa Erasmus	23/08/2019	04/11/2019
15/19	PAS	Axudas de acción social	17/10/2019	18/11/2019
16/19	PDI	Incidentes nun exame	19/07/2019	17/01/2020
17/19	Alumnado	Falta de pagamento de axudas de mobilidade	23/10/2019	26/11/2019
18/19	Alumnado	Falta pagamento de bolsas de doutoramento	23/10/2019	26/11/2019
19/19	Alumnado	Exame	10/10/2019	09/12/2019
20/19	Alumnado	Tramitación de título de mestrado	07/11/2019	26/11/2019
21/19	Alumnado	Cualificación de exame	26/07/2019	10/02/2020
22/19	PDI	Xestión económica dun proxecto de investigación	08/11/2019	29/01/2020
23/19	Alumnado	Revisión de exame	22/08/2019	23/12/2019

## Temática dos expedientes



Constitúen o grupo máis importante en termos cuantitativos (acadan a cifra de 19). Todos eles incoáronse a partir de reclamacións do colectivo de estudantes. Dentro da homoxeneidade que permite agrupalos conxuntamente, pódense considerar subgrupos en función dunha afinidade de contidos máis específica.

### ➤ REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (7)

O artigo 18 do Regulamento de estudantes establece o procedemento para impugnar as cualificacións dunha materia. O TG é a última instancia á que se pode recorrer, aínda que esixe esgotar todas as actuacións previas: corrección co profesorado que imparte a materia, revisión por un tribunal nomeado para iso no centro e recurso de alzada perante o reitor/a. De consideralo necesario (trátase dunha potestade discrecional), o TG pode promover a convocatoria dun tribunal doutra universidade española para que avalíe o exame.

No ano 2019 tramitáronse por esta vía sete expedientes: un relativo a un traballo de fin de grao (TFG), un relativo a materias de mestrado e cinco referidos a materias de grao. Só dous expedientes, os números 5 e 6, se enviaron a un tribunal externo doutra universidade, manténdose a cualificación inicial nun e modificándose noutro. A maiores, á vista da identidade da situación con outra reclamación xa resolta, o TG acordou a remisión a un tribunal externo doutro exame e posteriormente modificouse a cualificación da materia do mesmo grao.

Nos expedientes que non se enviaron a un tribunal externo (11, 13, 19, 21 e 23), unha vez recibida e analizada a documentación correspondente, non se apreciou ningún incumprimento da normativa vixente, considerándose que foron respectados os dereitos das persoas reclamantes.

### ➤ CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (3)

Na reclamación que deu lugar á apertura do expediente número 2, a persoa interesada indica que se fixo un desconto na nota dunha materia por unha falta de asistencia xustificada. Despois de solicitar informes e de ter entrevistas coa dirección do centro, o TG trasladou o expediente á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión universitaria, desde onde informaron da modificación da cualificación da materia.

O expediente número 7 refírese á non-cualificación na primeira convocatoria dalgunha das materias dun mestrado. Tras a solicitude e a recepción dos informes solicitados, o TG enviou unha recomendación á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado sobre as convocatorias de cualificación de exame en estudos de mestrado.

O último expediente deste apartado (9) incoouse tras unha reclamación pola cualificación negativa das prácticas dunha titulación de grao. Unha vez recibidos os informes solicitados,

considerouse que se respectaron os procedementos establecidos pola normativa vixente e non se produciu ningunha vulneración dos dereitos da persoa reclamante.

#### ➤ **APTO POR COMPENSACIÓN (2)**

Tramitáronse dous expedientes (3 e 4) relativos á existencia de vicios na constitución da comisión de compensación dun centro. Solicitáronselle informes ao centro sen que se recibise ningunha resposta que aclarase o pedimento realizado, polo que se trasladou o expediente á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria e á Secretaría Xeral para que, en uso das súas atribucións, levasen a cabo as actuacións pertinentes para salvagardar os dereitos e os intereses lexítimos das persoas interesadas, o que se lles comunicou a estas. No informe recibido da vicerreitoría reflíctese que os informes recibidos son adecuados e suficientes e que non corresponde ningunha outra actuación ao respecto, información que se lles trasladou ás persoas reclamantes e pechouse o expediente.

#### ➤ **BOLSAS E AXUDAS (3)**

O primeiro expediente deste bloque, o número 14, refírese á falta de pagamento de parte do importe da bolsa Erasmus concedida á persoa interesada. Esta comunícanos posteriormente que o importe lle foi aboado, polo que se pechou o expediente. En relación con esta cuestión e para evitarlles prexuízos aos/ás estudantes beneficiados con estas bolsas, recomendóuselle á Oficina de Relacións Internacionais (ORI) que actúe coa debida dilixencia para garantir que os pagamentos se fagan nos prazos previstos na convocatoria.

No expediente número 17, a persoa reclamante indica que non recibiu o importe das Axudas propias para a mobilidade do persoal investigador da Universidade de Vigo que lle foi concedido. Unha vez solicitado e recibido o informe correspondente, indicóuselle á persoa interesada que o prazo máximo para a resolución das citadas axudas non estaba rematado, o que supón que non se produciu ningún atraso no pagamento.

No último expediente (18), a persoa interesada presentou un escrito en relación coa falta de pagamento da contía concedida da bolsa para a difusión da investigación do alumnado de doutoramento en protección do patrimonio cultural. Solicitáronselles informes aos servizos de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos, e de Xestión Económica, nos que indican que unha vez completada a documentación necesaria para realizar o pagamento, foi xestionado polos servizos de xestión económica e, unha vez revisados por estes, pagaríase. Isto comunicóuselle á persoa interesada e pechouse o expediente.

#### ➤ **MATRÍCULA (1)**

Neste expediente (número 1) a persoa que reclama solicita a anulación da matrícula dunha titulación de grao fóra do prazo establecido na resolución de convocatoria de matrícula. Desde o servizo competente informárona de que a súa solicitude sería desestimada, salvo que cumprise coas excepcións previstas na convocatoria de matrícula e que esta establece que o feito de conceder a anulación fóra do prazo establecido non exime da obriga do pagamento dos prezos públicos. Tras diversas actuacións, indicóuselle á persoa interesada que se respectaron os procedementos establecidos na normativa vixente e non se produciu ningunha vulneración dos seus dereitos; tamén se lle informou da convocatoria de axudas destinadas a

financiar o alumnado que se atopa en situación económica ou social de especial necesidade e os prazos establecido para solicitálas. Tras estas actuacións, pechouse o expediente.

➤ **DESENVOLVEMENTO DE DOCENCIA (1)**

Esta reclamación (número 8) refírese a supostas irregularidades cometidas no desenvolvemento das clases dun mestrado. Desde a coordinación do mestrado recibíuse o informe solicitado que se lle trasladou á persoa que reclama para que presentase as alegacións que considerase oportunas. Transcorrido o prazo sen recibir ningunha alegación pola persoa reclamante, pechouse o expediente.

➤ **IRREGULARIDADES NA REALIZACIÓN DUN EXAME (1)**

Este expediente (10) abriuse por unha reclamación en relación con supostas irregularidades na realización dun exame práctico dunha materia de mestrado. Unha vez solicitados e recibidos os informes correspondentes, comunicóuselle á persoa interesada que o profesorado da materia indicou con antelación suficiente a forma de avaliar a parte práctica da materia. Desde a Valedoría Universitaria e para evitar este tipo de incidencias no futuro, requíriuse á coordinación do mestrado para que adoptase as medidas oportunas e que na guía docente da materia se reflecta de forma clara toda a información sobre a forma de avaliación desta para que o alumnado non teña ningunha dúbida ao respecto; este requirimento foi atendido pola comisión académica do mestrado ao revisar a guía docente da correspondente materia.

➤ **TRAMITACIÓN DE TÍTULOS (1)**

A persoa que reclama no expediente número 20 refire unha serie de incidencias ocorridas na tramitación dun título de mestrado. Desde o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao indican que se produciron unhas incidencias telemáticas na tramitación do título da persoa interesada relacionadas cunha modificación do correspondente plan de estudos, incidencias que xa estaban arranxadas e que suporían a entrega do título en datas próximas.

## **Laboral**

---

Neste apartado trátanse expedientes abertos a partir de reclamacións presentadas por persoas que prestan os seus servizos na Universidade de Vigo, pertencentes aos colectivos de PAS e PDI.

• **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

➤ **AXUDAS DE ACCIÓN SOCIAL (1)**

Este expediente, o número 15, está relacionado cunha reclamación sobre a exclusión das axudas de acción social dun fillo que convive no domicilio familiar por non cumprir os requisitos de idade esixidos na convocatoria, cando si os cumpriría se fose outro familiar por razón de parentesco. Desde o servizo competente indican que non se pode resolver en sentido contrario ao fixado na convocatoria das axudas e que nela se recolle a posibilidade de interpor o recurso pertinente contra esta.

Deste expediente derivou unha recomendación dirixida ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais e á presidenta da comisión de acción social para modificar a convocatoria de axudas de acción social, co obxecto de que se respecte o principio de igualdade de todos os membros da comunidade universitaria, eliminando calquera tipo de discriminación.

- **PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

- **LISTAXES DE AGARDA (1)**

Este expediente (12) abriuse pola presentación dunha reclamación referida á exclusión das listaxes de agarda de persoal docente interino por non pagar as taxas correspondentes. Tras as oportunas actuacións e a análise da documentación relacionada co expediente, a VU considerou que non se lesionou ningún dos dereitos da persoa interesada, xa que non respectou os requisitos esixidos para participar de forma correcta na convocatoria de listaxes de agarda da universidade.

- **INCIDENTE NUN EXAME (1)**




Abriuse o expediente número 16 como consecuencia dunha reclamación que presentaron varios profesores en relación cun incidente ocorrido na realización dun exame. Despois de solicitar os informes correspondentes, desde a Secretaría Xeral informaron que se abriera un expediente disciplinario en relación co mesmo expediente, polo que se pechou, xa que a valedoría non pode actuar en asuntos que estean sometidos a instancias xudiciais ou suxeitos a investigación ou informe reservado.

- **TRAMITACIÓN DUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (1)**

A persoa interesada neste expediente (22) presentou unha reclamación en relación coa xestión económica dun proxecto de investigación. Solicitáronselles informes aos servizos implicados e, á vista das actuacións desenvolvidas, observouse que na xestión económica do proxecto se produciron varios erros que posteriormente se rectificaron e outras incidencias derivadas dunha falta de coordinación entre as partes implicadas.

Deste expediente derivaron dúas recomendacións tramitadas en 2020: unha dirixida á Vicerreitoría de Planificación e á Xerencia para que se adopten as medidas oportunas para que se integren os programas de xestión contable e de xestión da investigación; e outra dirixida á Xerencia e ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería para que se adopten medidas axeitadas que eviten as incidencias producidas coas liquidacións dos contratos do artigo 83 da LOU con vixencia en dous orzamentos diferentes.

## Cadros estatísticos



## 4. Outras actuacións

Ademais de tramitar expedientes, o TG/VU desenvolve outras actividades, como as de mediación e conciliación, respostas a consultas e peticións de información que implicaron entrevistas telefónicas o persoais, así como a contestacións escritas que en ocasións levaron á emisión de recomendacións e de propostas dirixidas a diversas instancias

### ● Consultas

Tiveron unha dobre dirección. Por unha banda, co defensor como suxeito activo, ao promoverlas nos procesos de tramitación e de resolución dos expedientes para coñecer o parecer dos distintos actores implicados ou que dalgún xeito se relacionaban con eles. A maioría destas consultas foron telefónicas, pero houbo algunhas que tiveron carácter presencial porque a parte consultada así o solicitaba.

Nun segundo tipo de consultas o defensor actuou como suxeito receptor, ao que se recorreu para aclarar cuestións e resolver dúbidas. A maior parte delas proviñan do alumnado e tiveron carácter académico. Atendéronse por teléfono ou en persoa (na maioría dos casos), en función do requirimento e das preferencias do ou da solicitante. Nalgúns casos concretáronse posteriormente na presentación dunha reclamación ou queixa e na subseguinte apertura dun expediente.

### ● Entrevistas

O defensor mantivo un número significativo de reunións e de encontros, na maioría dos casos co alumnado, pero tamén co profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores ou directoras de centro, decanos ou decanas etc. En determinadas ocasións, sempre que as circunstancias o aconsellaron, outros membros do TG participaron nas entrevistas. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e a activar un procedemento que permitise mediar e xestionar algún conflito; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

### ● Mediación e conciliación

Son actuacións realizadas tras a petición expresa dun membro ou dun colectivo da comunidade universitaria. A experiencia dos últimos anos mostra que se prefire unha mediación de carácter informal, afastada do protocolo e do procedemento formalista que se regula no capítulo III do Regulamento do TG. Os resultados acadados son, de xeito xeral, moi satisfactorios, ao permitir desactivar ou previr conflitos.



## ● Recomendacións e propostas

Algunhas das reclamacións e das queixas que motivaron a apertura dun expediente levaron asociada outra actuación que resulta moi característica das defensorías universitarias: trátase das recomendacións, unhas propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corraxir os problemas, erros e disfuncións detectadas no funcionamento ordinario da universidade e que afectan os dereitos dos e das integrantes.

O TG/VU fixo en 2019 catro recomendacións, que partiron de reclamacións de todos os colectivos universitarios: PDI, PAS e estudantes, referidas á conciliación, vida familiar e laboral, convocatorias de exame en estudos de mestrado e acción social, ademais dunha conxunta dos valedores das universidades do SUG, en relación co traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario. Debe terse en conta que como consecuencia directa dun expediente e dunha consulta tramitados en 2019 se fixeron catro recomendacións no ano 2020 que, polo tanto, se reflectirán na memoria que corresponde en 2020.

### Recomendacións do ano 2019

RECOMENDACIÓN	ÓRGANO/SERVIZO DESTINATARIO	CONTIDO
2019/1	UNIDADE DE IGUALDADE/XERENCIA	Conciliación, vida familiar e laboral.
2019/2	REITOR	Traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario.
2019/3	V. ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO	Convocatorias de cualificación de exame en estudos de mestrado.
2019/4	SERVIZO RETRIBUCIÓN E SEGUROS SOCIAIS/PRESIDENTA DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL	Proposta de modificación da base terceira da convocatoria de acción social da universidade, co obxecto de que se respecte o principio de igualdade de todos os membros da comunidade universitaria, eliminando calquera tipo de discriminación.

## ● Outras actuacións que non deron lugar á apertura de expediente

Neste apartado reflíctense outras actuacións que non deron lugar á apertura de expediente, clasificadas polo sector que as promove, con indicación do medio de comunicación empregado pola persoa interesada e un resumo da temática e das actuacións desenvolvidas.

### SECTOR ESTUDANTE

CORREO ELECTRÓNICO: servizo de reprografía

A persoa interesada presenta un escrito de queixa en relación co funcionamento do novo servizo de reprografía. Indicóuselle o procedemento para realizar unha queixa formal a través do rexistro da Universidade de Vigo. Non se produciron máis actuacións.

CORREO ELECTRÓNICO: requisitos de acceso a un mestrado universitario

Consulta en relación coa información recibida sobre os complementos de formación para a realización dun mestrado. Despois de solicitarlles información a distintas instancias da universidade, estas indicaron que se modificara a memoria da titulación e que a información que aparecía na súa web e que se lle deu á persoa interesada nos servizos académicos non era a correcta.

Desta consulta deriváronse dúas recomendacións no ano 2020, unha en relación coa información que se reflicte na páxina web dos estudos e outra para que as modificacións nos plans de estudos sexan trasladadas desde servizos centrais á área académica afectada.

ENTREVISTA: cualificación de tese de doutoramento

A persoa interesada indica que o tribunal encargado da cualificación da súa tese de doutoramento non lle concedeu a mención *cum laude* debido a que nel había persoas pertencentes a sistemas educativos estranxeiros cun sistema de cualificación distinto ao de España. A VU dirixiuse á Eido para expor a necesidade de que os membros de tribunais de tese que proceden doutros sistemas educativos non teñan dúbidas sobre o sistema de cualificación vixente na nosa universidade, que poida levar a un erro na súa avaliación, expoñendo ademais a posibilidade de modificar a cualificación cando hai un erro material por parte do membro do tribunal. A Eido resolveu acordando a modificación da cualificación.

ENTREVISTA: Premios Axenda 2030

A persoa interesada presentou unha solicitude de participación na convocatoria de Premios ao mellor TFG/TFM en temáticas relacionadas coa Axenda 2030 á cooperación ao desenvolvemento e á responsabilidade social no curso 2018/2019. Na listaxe provisoria de premios concedidos/denegados adxudícaselle de xeito provisorio un premio por unha das ramas. Tras o período de alegacións, na resolución definitiva aparece en listaxe de agarda, xa que se estimou algunha das alegacións presentadas, ante o cal a persoa que reclama presentou un recurso de reposición, que lle foi denegado.

Despois de diversas actuacións, informouse a persoa interesada de que houbo unha alegación debido a que unha das solicitudes de participación non estaba encadrada na rama correcta, o que levou á inclusión dunha persoa con mellor puntuación na rama da persoa interesada.

CORREO ELECTRÓNICO: atraso no pagamento das axudas da bolsa Erasmus

A persoa que reclama indica que non recibiu o pagamento da axuda, polo que nos puxemos en contacto coa oficina correspondente, desde onde indicaron que realizaran a transferencia á conta da persoa interesada, o que se lle comunicou a ela, sen máis actuacións.

CORREO ELECTRÓNICO: cualificación de TFG

A persoa interesada indica que non está de acordo coa cualificación do TFG. Indicóuselle que nos enviase a documentación en relación co caso, sen que houbera máis actuacións.

CORREO ELECTRÓNICO: alumnado acollido ao programa PIUNE con problemas co delegado do programa no centro onde cursa os seus estudos.

A persoa interesada indica que está acollida ao programa PIUNE e que ten problemas co delegado deste no seu centro. Desde o servizo correspondente indicánnos que o problema está arranxado.

ESCRITO: revisión da cualificación dunha materia

Esta consulta derívase das resolucións reitorais relativas a un proceso sancionador que posteriormente foron anuladas. Derivado do anterior, envióuselle o exame da persoa interesada a un tribunal externo que modificou a súa nota.

CORREO ELECTRÓNICO: exclusión das listaxes de admitidos/as nunha convocatoria de bolsas de formación.

Acordouse suspender a admisión a trámite da reclamación presentada debido a que estaba pendente de resolución un recurso de reposición presentado pola persoa que reclama, e indicóuselle que no momento en que se resolvese o comunicase se persistía o seu interese na tramitación del. Transcorrido o tempo sen resposta da persoa interesada, comunicóuselle o acordo de non admitir a trámite a súa reclamación.

## **SECTOR DO PAS**

CORREO ELECTRÓNICO: permiso para a asistencia a un congreso

A persoa interesada está realizando a tese de doutoramento e denéganlle un permiso retribuído para asistir a un congreso que forma parte da súa formación predoutoral. Envióuselle un escrito á Xerencia para tentar alcanzar un acordo entre as partes e co fin de que se poida establecer un marco normativo que ampare e regule estas situacións.

ESCRITO: imposibilidade de tomar posesión no seu destino derivada do nomeamento como funcionario de carreira por estar en situación de baixa médica

Informouse a persoa interesada de que o TG non podía iniciar ningunha actuación porque se dirixiu tamén a un órgano con capacidade para resolver da universidade, e indicóuselle que unha vez que resolva o citado órgano nos remita unha copia da súa resposta para iniciar o procedemento. Non houbo comunicacións posteriores da persoa que reclamou.

## SECTOR DO PDI

CORREO ELECTRÓNICO: selección dos candidatos/as á convocatoria de retención de talento 2020 da Xunta de Galicia.

A persoa interesada expón que se fixo unha preselección das persoas que cumprían os requisitos establecidos na convocatoria, ás que lles enviaron un correo electrónico no que se lles indicaba que presentasen a súa solicitude, o que considera discriminatorio, xa que noutras universidades a presentación é aberta. A valedora universitaria entrevistouse coas persoas responsables do desenvolvemento da selección e recomendoulle á vicerreitora de Investigación que no futuro esta selección se fixese mediante unha convocatoria pública, o que se lle trasladou á interesada.

ESCRITO: exclusión das listaxes para a contratación de profesorado asociado por non acreditar a experiencia laboral establecida na convocatoria

A persoa interesada solicita que se valoren os argumentos presentados no recurso de reposición que interpuxo como xustificación do requisito de experiencia laboral e ser readmitida como adxudicataria da praza convocada. Despois de diversas actuacións, o servizo correspondente informa da resolución do recurso de reposición no que se desestima a reclamación da persoa, polo que se dan por concluídas as actuacións e se lle comunica a ela.

ESCRITO: posible incumprimento da guía docente dunha materia, ante o previsible cambio de cualificación a varios alumnos/as como consecuencia da execución da resolución reitoral de revisión de oficio das sancións de expulsión temporal imposta a eles

Tras realizar distintas actuacións, infórmase a persoa interesada de que non se abre o expediente por tratarse dun asunto resolto con anterioridade polo TG e por estar pendente unha resolución xudicial en relación co mesmo.

ESCRITO: baremo de puntuación dunha praza de profesorado asociado e outras incidencias no procedemento de contratación.

A persoa interesada solicita a mediación da Valedoría Universitaria e indica que presentou unha reclamación polo baremo de puntuación dunha praza de profesorado asociado; ademais, sinala que a resolución definitiva do procedemento debería producirse antes do comezo do curso escolar.

Comúncaselle á persoa que reclama que se suspende temporalmente a admisión a trámite da súa reclamación debido a que está pendente a resolución dun recurso de reposición interposto por ela en relación con este asunto e que, unha vez que se resolva, nos comunique se persiste o interese na tramitación da reclamación. Non houbo unha comunicación posterior da persoa interesada e déronse por concluídas as actuacións.

## DE OFICIO

TITULOS OFICIAIS: proposta de actuación en relación con supostas irregularidades na expedición dos títulos universitarios de carácter oficial

Actuación polo coñecemento destas supostas irregularidades que se lle trasladou á Xerencia para a súa clarificación.

## 5. Relacións institucionais e actividade exterior

Nos últimos anos o TG está a prestar especial atención ás relacións institucionais e á actividade exterior, xa que un dos seus obxectivos prioritarios é contribuír a reforzar a cooperación das defensorías en todos os seus ámbitos (autonómico, estatal, europeo, iberoamericano e global). Na busca desas sinerxías incorporouse a distintas organizacións nacionais e internacionais nas cales mantén unha activa presenza.



### ■ Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU)

O TG é membro fundador desta organización, creada o 26 de outubro de 2007, e que agrupa máis de setenta defensorías universitarias. A CEDU constitúese como o principal axente dinamizador no ámbito estatal deste colectivo ao promover diversas iniciativas, algunhas xa plenamente consolidadas e cunha periodicidade fixa, e outras de carácter conxuntural, asociadas a acontecementos concretos ou ligados á actualidade.

No ano 2019 tiveron lugar tres reunións da Comisión Executiva, da que o presidente do TG forma parte. A primeira realizouse na Universitat de Valencia, o día 8 de febreiro, a segunda o día 1 de abril na Universitat de Girona e a última na Universidad Politécnica de Madrid o 9 de maio.

## ■ Red de Organismos Defensores de los Derechos Universitarios (REDDU)

Creouse en 2005 a partir da integración de universidades mexicanas (asociados regulares), aínda que tamén admite defensores/as doutros países europeos, americanos e latinoamericanos, que se integran como asociados honorarios (o TG ten tal condición), asociados asimilados e observadores. É a organización máis activa na área latinoamericana, polo que constitúe un valioso enlace para comunicarse cos defensores/as de toda a rexión.

## ■ European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)

Creouse en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam, e está aberta especialmente a todas as defensorías universitarias de Europa, pero da que tamén poden formar parte outras defensorías non europeas. O seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias, e fortalecer a institución para mellorar o goberno dos sistemas universitarios. O TG participa regularmente nos encontros anuais que se convocan desde hai unha década para debater temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do espazo europeo de educación superior. Na xuntanza que tivo lugar en xuño de 2017, na cidade austríaca de Salzburgo, o defensor da Universidade de Vigo presentou un relatorio en que analizaba as diferenzas entre o modelo de defensoría universitaria en España e o modelo predominante no resto de Europa (en especial no ámbito anglosaxón).

## ■ Rede de Defensores Universitarios de Galicia (Reduga)

Creouse en 2013 para potenciar as relacións entre as tres valedorías universitarias galegas. Os seus titulares tiveron frecuentes encontros no ano 2019 para tratar os asuntos que afectaban o conxunto do sistema universitario de Galicia, entre os que figuran os realizados coa valedora do pobo, órgano co que manteñen unha comunicación fluída e un permanente contacto. Ademais, neste ano desenvolveron unha recomendación sobre o traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario que foi dirixida aos reitores das universidades galegas.

Neste ano 2019 cómpre salientar a reunión dos valedores do sistema universitario de Galicia (SUG) cos provedores/as do estudante das universidades públicas da rexión norte de Portugal (Instituto Politécnico do Porto, Universidade do Porto, Universidade do Minho e Universidade de Tras os Montes e Alto Douro), que tivo lugar o 23 de xaneiro de 2019 na Casa Museu de Monção, pertencente á Universidade do Minho. Nesta reunión tratáronse asuntos relacionados con problemáticas comúns que se presentan no espazo universitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e acordouse tamén regularizar a colaboración entre os valedores e os provedores mediante a realización de encontros anuais.

## ■ **Provedores do estudante das universidades públicas da rexión norte de Portugal/valedores do SUG**



O 24 de maio tivo lugar na Universidade de Vigo o I Encontro entre os Provedores do Estudante da Rexión Norte de Portugal e os Valedores Universitarios do SUG, no que se trataron temas relacionados coa exclusión e coas necesidades dos estudantes de ensino superior durante as estadias de mobilidade e o papel das valedorías na contribución á solución deste problema.

O encontro rematou coa sinatura do Protocolo de colaboración entre os provedores do estudante da rexión norte de Portugal e os valedores universitarios do SUG.

## ■ **Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIdDU)**

En xuño de 2015, nun encontro bilateral na Universidad Politécnica de Madrid, entre representantes da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU) e da Red de Defensores y Procuradores Universitarios de México (REDDU), acordouse sentar as bases para crear e impulsar unha Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias. A fin de coordinar os citados traballos e continuar co proceso constituínte iniciado, créase en 2017 unha comisión de coordinación integrada por titulares de defensorías de distintos países, da que formou parte o presidente do TG. No ano 2018 tivo lugar o I Encuentro de la Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias, encontro fundacional que tivo lugar na Universidade de Córdoba (Arxentina) os días 12, 13 e 14 de setembro e no que o presidente do TG foi nomeado o seu primeiro coordinador.

## 6. Execución do orzamento

O TG dispón dunha dotación orzamentaria específica para xestionar os seus créditos de gasto. No exercicio 2019 tivo un orzamento de 24.000 €, distribuídos segundo se indica na táboa. Incorporárase unha columna á dereita para especificar a contía dos gastos realizados en cada unha das clasificacións económicas dotadas.

<b>Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S</b>							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
			<b>CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>				
22			Material subministración e outros			16.000 €	8.496,71 €
	226		Gastos diversos			16.000 €	8.496,71 €
		226.01	Atencións protocolarias			4.000 €	3.536,99 €
		226.02	Publicidade e propaganda			3.000 €	0,00 €
		226.09	Cotas de organismos			1.200 €	225,00 €
		226.99	Outros gastos			3.800 €	4.734,72 €
23			Indemnización por razón de servizos			8.000 €	3.288,63 €
	230		Axudas de custo e locomoción			8.000 €	3.288,63 €
			Total capítulo II			24.000 €	11.785,34 €
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			24.000 €	11.785,34 €
			<b>REMANENTE</b>				12.214,66 €



## 7. Aniversario do Tribunal de Garantías

O Tribunal de Garantías cumpriu no ano 2019 vinte anos da súa creación. Para conmemoralo leváronse a cabo diversas iniciativas para evocar a súa historia, como a elaboración dun vídeo e dunha memoria conmemorativa que percorren a traxectoria do TG desde a súa orixe ata o ano 2019, e a celebración dun acto. Todo quixo ser unha homenaxe a todas as persoas que formaron parte del.

O acto no que se celebrou este vinte aniversario tamén serviu de transvasamento entre a actual institución do TG como órgano Colexiado a unha nova etapa na que, en cumprimento do establecido nos novos estatutos, pasou a unha Valedoría Universitaria como órgano unipersonal.



No acto, no que participaron personalidades da vida universitaria e social, repasouse e fíxose balance da actividade realizada ao longo destes vinte anos polo TG. Foi presentado pola vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama, e amenizado polo dúo musical Riobó e Pintos. Nel proxectouse un vídeo no que apareceron persoas vinculadas a este órgano ao longo destes anos que expuxeron a súa opinión sobre a súa actuación; ademais, ofreceu panorámicas dos distintos campus e instalacións da Universidade de Vigo. Neste vídeo participaron o actual reitor e os que o precederon, e membros do TG en representación do alumnado, do PDI e do PAS.



## 8. Comentario e reflexión final

No ano 2019 produciuse un lixeiro descenso do número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior (23 en 2019, 33 en 2018). Aínda que, en termos comparativos globais este número vén confirmar unha tendencia á baixa no número de reclamacións iniciadas no ano 2014, debe salientarse que no ano 2019 a baixada no número de expedientes está xustificada por dúas circunstancias obxectivas: dun lado, polo feito de que desde o 29 de xullo o TG non puido actuar á vista da falta de quórum dos seus membros; doutro, o presidente do TG xubilouse e non se nomeou a VU ata o 15 de outubro de 2019. Estas incidencias teñen unha clara repercusión nos datos que se reflicten nesta memoria, como xa se manifestou.

De todos os xeitos, o descenso no número de expedientes incoados compénsase co aumento considerable de consultas e queixas presentadas de xeito informal, tal e como se reflicte nas páxinas anteriores.



No que atinxe á distribución por sectores, a maioría dos expedientes e dos asuntos tratados están referidos ao alumnado (83 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (13 %) e polo persoal de administración e servizos (4 %).

Na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, aínda que este ano se acentúa máis a diferenza. Constátase, neste senso, un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (87 %), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense (9 %) e de Pontevedra (4 %).

Na división por sexos, apréciase unha porcentaxe maior entre o colectivo feminino (57 %) en relación co masculino (39 %). O 4 % restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ambos os sexos.

Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no **sector do alumnado** están relacionados, en primeiro lugar, con reclamacións en relación coa revisión de cualificacións de materias de grao e de posgrao.

O segundo motivo de queixa refírese á desconformidade cos métodos de avaliación, coa avaliación nas convocatorias de exame e coa cualificación das prácticas.

Tamén se presentaron reclamacións relacionadas con solicitudes de apto por compensación pola existencia de vicios na constitución da comisión de compensación e con temas de matrícula polo rexeitamento da solicitude de matrícula fóra de prazo.

Outros motivos de queixa están relacionados coa dilación no pagamento de bolsas e axudas concedidas.

Ademais, abríronse expedientes en relación co desenvolvemento da docencia, con supostas irregularidades na realización dun exame práctico dunha materia e coa tramitación dun título, todos eles referidos a titulacións de mestrado.

Respecto ao **persoal de administración e servizos (PAS)**, a reclamación refírese a cuestións relacionadas cos criterios de concesión das axudas de acción social.

Respecto ao **sector do persoal docente e investigador (PDI)**, os motivos das súas reclamacións están relacionados coas listaxes de agarda do persoal interino, por feitos derivados da realización dun exame e pola xestión económica dun proxecto de investigación.

Outra actuación con especial incidencia no ano 2019 é a relacionada coas **recomendacións e propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou das queixas presentadas coma das iniciativas promovidas polo propio tribunal. Centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade: conciliación, vida familiar e laboral, convocatorias de cualificación de exame en estudos de mestrado, acción social, e traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario, recomendación conxunta dos valedores universitarios do SUG.

# Anexo I. Recomendacións

## 1. Recomendación sobre conciliación, vida familiar e laboral

### Dirixida á Unidade de Igualdade e á Xerencia

No Tribunal de Garantías recibíronse nos últimos anos varias queixas e peticións de amparo relacionadas coa problemática suscitada pola necesidade de conciliar as circunstancias que rodean nuns casos a vida familiar coas obrigas laborais. Concretamente, con data do 6/4/2015 recibíuse neste tribunal unha queixa (co número de expediente 13/15) relacionada coa contradición entre o sistema de cobertura temporal de prazas recollido no actual convenio colectivo do PAS laboral e a lexislación vixente (e a propia normativa da Universidade de Vigo) sobre conciliación da vida laboral e familiar.

As persoas reclamantes solicitaban que, no caso de cobertura temporal de postos vacantes, se tivese en conta a situación familiar das persoas que solicitaban un cambio de quenda (nomeadamente persoas con fillos/as en idade escolar ao cargo) como primeiro criterio de adxudicación destes postos, no canto de darlle prioridade á antigüidade na listaxe de solicitantes, como se recolle no actual convenio colectivo. Abriríase así a posibilidade de que pais e nais con fillos/as en idade escolar e con destino en postos na quenda de tarde tivesen a opción de cubrir temporalmente postos en quenda de mañá mentres fose esa a súa situación familiar.

A resposta negativa da Xerencia sustentouse naquel momento na necesidade de modificar o convenio colectivo, pero comprometéase a incluír este tema na negociación do novo convenio.

Temos coñecemento de que a Xerencia está en proceso de negociación dun documento para a cobertura temporal de postos de PAS funcionario mediante a figura da comisión de servizos, e mesmo sabendo que esta negociación non afecta o PAS laboral, **entendemos que pode ser un momento idóneo para darlle pulo á conciliación familiar e instamos a que teñan en conta as situacións familiares do persoal que solicita un cambio, non só de quenda, senón tamén de campus, como cuestión prioritaria á hora de ofrecer postos vacantes.**

Este tribunal entende que esta é unha boa ocasión para abrir a porta a cambios que se dirixan a mellorar a conciliación da vida laboral e familiar do persoal da universidade e que, malia que neste momento só se lle poderían aplicar estes cambios ao colectivo PAS funcionario, isto podería supoñer un punto de partida para estender esta política ao resto dos colectivos da universidade.

## 2. Recomendación dos valedores universitarios do SUG sobre o traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario

### Dirixida aos reitores das universidades galegas

#### CONTEXTO NORMATIVO

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recolle que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes a dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación proclamados na Constitución española, e sinala que estes mesmos poderes públicos teñen, conforme o disposto no seu artigo 9.2, a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos os citados dereitos, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude.

Lamentablemente para as vítimas de violencia de xénero, a única solución eficaz en moitos casos é poñer terra de por medio. A pesar dos case tres lustros que transcorreron xa desde a promulgación da Lei orgánica 1/2004, o desamparo en que se encontran as vítimas de violencia de xénero segue a ser a norma nas universidades españolas. A falla dunha regulamentación específica que considere o traslado entre universidades das vítimas de violencia de xénero fai inviable a inmediatez e a adecuación do destino, tan necesarios para fuxir do acoso e atenuar, na medida do posible, o desarraigo que se produce co traslado.

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, recolle explicitamente que as mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade en que viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu cargo, escala ou categoría profesional (artigo 82).

A Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, considera a mobilidade destas empregadas procedentes doutras administracións públicas para incorporarse ao ámbito da Administración Xeral do Estado (artigo 7.1).

A Resolución do 16 de novembro de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Administración Pública, pola que se aproba o acordo para favorecer a mobilidade interadministrativa das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, vén finalmente a completar o marco legislativo xeral para o traslado das vítimas entre todas as administracións públicas, en termos de reciprocidade.

#### TRASLADO ENTRE UNIVERSIDADES

Cando as vítimas de violencia de xénero forman parte do cadro de persoal dunha universidade, o seu traslado ten moi difícil encaixe mentres as barreiras derivadas da

autonomía universitaria non se fagan totalmente permeables a esta cuestión e se realicen os axustes normativos que se precisan. É de vital importancia que ao desarraigo que sofre a vítima por ter que cambiar de localidade xeográfica non se lle sume unha mala acollida no seu novo contorno laboral por truncar lexítimas expectativas de consolidación ou de mellora do persoal da universidade de destino.

Debido á natureza e ás funcións propias do traballo que desenvolve, a cuestión resulta especialmente dificultosa no caso do PDI, sobre todo naquelas áreas de coñecemento que contan con pouco profesorado na universidade de destino. A día de hoxe, o traslado das profesoras vítimas de violencia de xénero entre universidades, e máis aínda entre universidades de distintos sistemas universitarios –única vía en moitos casos para poñer a necesaria distancia de por medio, convértese, no mellor dos casos, nunha tarefa ardua, moi lenta e con serias dificultades para garantir o indispensable sixilo requirido.

O Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, adoece da flexibilidade necesaria para que as universidades poidan darlles fácil acomodo ás profesoras vítimas de violencia de xénero entre o persoal dos departamentos, sen ter que acudir aos voluntarismos. A previsión e a provisión de recursos adicionais para atender a estas situacións, unha maior flexibilidade na dedicación do profesorado afectado (maior ou menor dedicación á docencia, á investigación ou á difusión do coñecemento) e ata un posible incremento na oferta de optatividade nos plans de estudo son medidas que facilitarían enormemente a acollida e a integración das vítimas no seu novo destino.

De igual modo ca no caso do persoal, ao alumnado vítima de violencia de xénero debe achandárselle totalmente o camiño para que se poidan trasladar a outra universidade de maneira inmediata e en calquera momento do curso, dispoñendo das axudas que precisen (aloxamento, axudas sociais...) para poder continuar cos seus estudos. A supresión das barreiras relativas ao número mínimo de créditos superados ou ás porcentaxes de admisión no caso de traslado debería ser explicitamente recoñecida.

## **RECOMENDACIÓN**

Tras debater conxuntamente a cuestión coas responsables das unidades de igualdade das tres universidades, e no convencemento de que facilitar o traslado das vítimas de violencia de xénero en caso necesario, sexa cal for o colectivo ao que pertencen, debe ser unha cuestión prioritaria das universidades, como administracións públicas responsables e de vangarda, os valedores universitarios das tres universidades galegas recomendámoslles aos nosos reitores que se impliquen activamente nesta problemática, procurando unha decidida actuación da CRUE para que, a través do Consello de Universidades ou por calquera outra vía que se estime oportuna, se impulse a aprobación urxente dunha normativa que permita unha mobilidade áxil, eficaz e o menos traumática posible das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario, rompendo coas actuais barreiras que o impiden. A implicación do Consello Galego de Universidades podería igualmente sumar neste proceso de impulso e, particularmente, na resolución de cuestións que puidesen afectar de maneira específica o SUG.

### 3. Recomendación sobre as convocatorias de cualificación de exame en estudos de mestrado

#### Dirixida á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado

No Tribunal de Garantías recibíuse unha reclamación (número de expediente 7/19) pola non cualificación do alumnado na primeira convocatoria nalgunha das materias do plan de estudos dun mestrado universitario. No escrito de queixa recibido con data do 7/06/2019, a persoa interesada solicita que «se traslade informe al rectorado para que adopte las medidas que corresponda orientadas a fijar fechas de convocatorias razonables que permitan acudir a ellas para el fin para el que están dispuestas, y ordenar al profesorado que se limite a la función que les corresponde, sin injerir en imposiciones para con el alumnado que lesionan sus derechos».

Posteriormente, con data do 3/07/2019, a mesma persoa enviou outro escrito (que se xunta) no que tamén insiste na necesidade de corrixir supostas irregularidades e condicionantes que afectan a correcta satisfacción dos seus dereitos como estudante de posgrao.

Atendendo a estas peticións, o Tribunal de Garantías acordou presentar a seguinte recomendación coa finalidade principal de acadar unha solución satisfactoria en relación coa problemática suscitada.

Consonte o establecido no artigo 9 da Resolución do 21 de xuño de 2017, pola que se ordena a publicación da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo, a formalización da matrícula nas titulacións oficiais de grao e de mestrado nesta dará dereito, en cada curso académico, a unha única convocatoria con dúas oportunidades de avaliación que se realizarán conforme o calendario académico aprobado ou a norma correspondente.

Por outra parte, o artigo 7.7. da Normativa para a realización do traballo de fin de mestrado (TFM) (aprobada no consello de goberno do 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018) establece que o TFM só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de mestrado, agás os correspondentes ao propio traballo de fin de mestrado.

Esta última cuestión ocasiona que, en determinadas titulacións, se estean atrasando as cualificacións das materias distintas do TFM, salvo para o alumnado que especificamente indique que quere presentarse á primeira convocatoria do TFM. Pero, en realidade, o alumnado ten dereito a dúas oportunidades de avaliación por curso académico, polo que non resulta correcto trasladarlle ao alumnado a obriga de avisar da súa intención de presentarse a ambas as convocatorias. Sería máis recomendable e axustado á normativa cumprir cos prazos máximos establecidos para a entrega das actas de cualificación de todas as materias, pero especialmente das que condicionan a presentación do TFM. Así, o alumnado podería decidir sobre a presentación do TFM na primeira, na segunda ou en ambas as oportunidades de avaliación coñecendo a situación exacta das cualificacións das outras materias, sen ter que renunciar a unha das oportunidades de avaliación.

#### **4. Recomendación sobre a modificación da base terceira da convocatoria de acción social da universidade**


##### **Dirixida ao Servizo de Retribución e Seguros Sociais e á presidenta da Comisión de Acción Social**

Con data do 17/10/2019 tivo rexistro de entrada unha reclamación sobre a exclusión dun familiar dun membro da comunidade universitaria das axudas de acción social do ano 2017. No exercicio das competencias que lle son propias, e de conformidade co que se establece nos Estatutos da Universidade de Vigo e no seu regulamento interno, a valedora universitaria acordou admitir a trámite a reclamación e abrir o correspondente expediente. En concreto, a persoa reclamante centraba a súa petición de actuación no feito de que a base terceira da convocatoria das Axudas do fondo social 2018 (Resolución reitoral de 27 de marzo de 2019) era discriminatoria en canto aos requisitos previstos para a súa concesión que establece un requisito relativo á idade ou saúde en relación con determinados conviventes; mais en concreto, no caso de fillo/a que convive no domicilio familiar, maior de 18 anos e menor de 25 anos, mentres que no caso dos gastos dun familiar en 2º grao de consanguinidade ou afinidade, non se establecen restricións de idade ou condicións de saúde, co único requisito da convivencia.

Recadados os correspondentes informes do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais, e tendo en conta que a Comisión de Acción Social non pode resolver en sentido contrario ao fixado na convocatoria e que sería preciso que a persoa reclamante interpuxese un recurso de reposición contra a convocatoria manifestando a discriminación alegada, tal como prevé a norma derradeira da Convocatoria de acción social do ano 2017, a valedora faille a recomendación ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais para que realicen unha proposta de modificación da base terceira da convocatoria de acción social da universidade á Comisión de Acción Social, co obxecto de que se respecte o principio de igualdade de todos os membros da comunidade universitaria, eliminando calquera tipo de discriminación.



## Anexo II. Composición do Tribunal de Garantías



**TRIBUNAL DE GARANTÍAS**  
Edificio Filomena Dato, 2º andar  
As Lagoas, Marcosende, s/n  
36310 Vigo  
 986 813 829 / 986 813 830  
tgarant@uvigo.gal  
www.uvigo.gal

José Ángel Álvarez Moreira,  
Representante de Estudiantes en Claustro Universitario

Con respecto al Punto 12 'Quenda de Intervencións' de la Orden del Día de la sesión Ordinaria del Claustro del día 16-12-20, Ruego conste en acta el presente escrito, así como las respuestas al mismo, si las hubiere:

Primero unas cuestiones sobre la larga y probablemente aburrida intervención, por las desconexiones que hubo, que constó como anexo en el acta de la sesión del 16-10-20

Cree usted que un examen con un valor en la calificación final superior al 70%, consista en un test de respuesta a pregunta por minuto, cumple con los artículos 7.1.h del RD 1791/10 -Estatuto del Estudiante- (una evaluación... basada en una metodología activa de docencia y aprendizaje) ó 67.2, d 13/19 –Estatutos- (...todas as probas de avaliación tenderán a cumprir una función docente e de crítica e de mellora...). O de otra manera un examen tipo test con  $\frac{3}{4}$  partes del valor de la calificación final de una materia cumple con los mínimos de capacidad y/o validez didáctica y/o evaluadora de conocimientos y competencias en la educación superior?

Y en consonancia con lo anterior dos cuestiones también planteadas:

¿cree usted sinceramente que en un sistema de evaluación continua pueda haber una sola prueba de carácter obligatorio, que tenga un valor superior al 70, 80 ó 90% de la calificación/nota final?

Sobre la base del Manual de Urgencia para a Docencia e a Avaliación debido á COVID-19 que indicaba, en su página 14, '*Tenderase a que o exame final teña o peso máis baixo posible no cálculo da nota Final (...) sexa, como máximo, do 40 % da nota final da materia*'. ¿Cuántas guías modificaron su método de evaluación continua porque tenían métodos de evaluación en los que su examen final valoraba más del 55% de la calificación? y, por tanto, ¿cuántas guías con exámenes finales con más de un 50% del valor de la calificación final no se modificaron?

¿Cuántos estudios/informes de los establecidos en el artículo 66.5 de los Estatutos en vigor (*o en el artículo 97.2 de los estatutos de 2010 y/o 2003*) se han realizado en los últimos cursos de las materias que han obtenido un resultado inferior a las tasas de graduación y eficiencia establecida por sus propias memorias de grado?

Teniendo en cuenta que la OMS ha indicado que el uso de la mascarilla será de aplicación durante el 2021 ¿Hay posibilidad de un reparto de mascarillas en la Universidad de Vigo para el segundo cuatrimestre del curso?

Además un comentario sobre la llamada cláusula Kent: Yo no sé si lo aplicado por Coruña y Santiago (compensar los previsibles bajos resultados individualmente en base a la media del expediente de cada estudiante) es mejor o menos adecuado que lo aplicado por Vigo (corregir colectivamente en base a la media de resultados de la materia). Lo que no me parece apropiado es que a estudiantes matriculados en materias que curso tras curso obtienen porcentajes de aprobados con respecto a los matriculados inferiores al 25% no se hubieran corregido por el sistema la Vigo pero que a lo mejor si se hubieran podido corregir si se hubiese seguido el sistema de Santiago o Coruña.

Por tanto: ¿Que el parecería si para demostrar que Santiago y Coruña están equivocadas se hiciera por parte de esta Universidad un ejercicio de transparencia total y, tras una comparativa, se dieran los datos del número de alumnos de la Universidad de Vigo a los que se le hubiera mejorado la nota por el método de expediente (cláusula aplicada en UDC y USC) y el número de alumnos a los que se le mejoró finalmente la nota por el método de la media de la materia (cláusula aplicada en la UVIGO)

2. Ya que en el anterior Claustro se comprometió al cumplimiento de los artículos de los estatutos 74 '*regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado*', (obligatorio desde los estatutos de d421/03 y d7/10) y 56 '*regulamento de disciplina académica e universitaria*' (obligatorio en estatutos de resolución 16-9-93, d421/03 y d7/10), durante este curso 20-21. Y que, salvo error por mi parte, no se ha hecho nada sobre el tema desde esa fecha, Mi pregunta es: ¿se compromete usted a traer como punto del orden del día en la próxima sesión de claustro la aprobación de, como mínimo, el Reglamento de Evaluación?

Por si fuera de interés, hay presentados dios borradores, uno por parte de los representantes de estudiantes y otro en sesión de claustro hace 3 ó 4 cursos, por lo que cualquiera de los podría presentarse a exposición pública a toda la comunidad y tras corrección por parte de la COAV o similar, presentado a enmiendas por claustrales y aprobación en Claustro, Es decir no sería necesario seguir el procedimiento ordinario (creación de comisión, elaboración, exposición pública, reforma, enmiendas a claustrales y aprobación definitiva)

3. Solicito, debido a mi ignorancia atrevida al ser un mal leguleyo, me aclare lo siguiente con respecto a los procedimientos administrativos por vía telemática.

El artículo 41.3 de la ley 39/15 de Procedimiento Administrativo dice que en 'los procedimientos iniciados a solicitud del interesado la notificación se practicará por el medio señalado al efecto por el propio interesado' Por lo cual entiendo que si registro una solicitud cualesquiera, la universidad me notificará respuesta a la dirección indicada en referida solicitud, independientemente que en referida respuesta me fuera indicado el procedimiento telemático o físico a seguir para

cumplimentar referida solicitud. ¿Es correcto lo que acabo de decir o la universidad ha decidido que cualquier solicitud registrada físicamente será respondida a través del *taboleiro electrónico oficial*?

Dos curiosidades sobre el tema:

- Para presentar candidaturas a este claustro, se permite la presentación en registro telemático o presencial
- Para la solicitud de matrícula parcial, que no aparece ningún sistema en la matrícula ordinaria, yo debí solicitar matrícula parcial por correo certificado el 9-9, al no recibir respuesta, volví a solicitarlo por registro presencial el 10-11 y el 12-11 recibí respuesta positiva a mi solicitud en la cual se me indicaba que tenía que presentarme presencialmente en secretaría para materializar el cambio de matrícula ordinaria a parcial. Por tanto me quiso decir, o yo entendí, en el claustro anterior que la respuesta a mis solicitudes realizadas presencialmente sólo serán en el futuro electrónicas, aunque en dichas respuestas se me indique que debo realizar trámites presenciales?

4. Con respecto a la eficiencia energética dos cuestiones:

¿Habría alguna posibilidad de implantar energía solar térmica como apoyo a los sistemas de climatización de los centros por medio de intercambiadores y fan-coils?

¿Sería posible implementar sistemas de captación de energía eólica, por ejemplo en las rotondas exteriores del anillo del campus de Lagoas, a través de estudios y/o proyectos de investigación sobre nuevos captadores/molinos?

Fdo,



J. Angel Alvarez Moreira